DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 27 de novembro de 2020

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 27 de novembro de 2020, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

***Declaración institucional do día internacional da eliminación da violencia de xénero**

***Declaración institucional do Banco de Alimentos**

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 11/2020, de 30 de outubro.

2. Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do Pleno de decembro de 2020.

3. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 24 de outubro de 2020 ata o 20 de novembro de 2020.

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de actividades sociais e de divulgación cultural no ano 2020.

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

5. Aprobación da prórroga do convenio co Concello de Aranga (en nome da Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo) para financiar o subministro "Camión ríxido 4x4"

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

6. Aprobación da 2ª RELACION DO PLAN DE INVERSIÓN EN VIAS PROVINCIAIS 2019, 3ª FASE integrada polo proxecto DP 5602 Negreira a Pontenafonso, P.Q. 6,105 a 8,63. Ampliación e mellora da seguridade vial.

7. Aprobación da 4ª RELACION DO PLAN DE INVERSION EN VIAS PROVINCIAIS 2019, 2ª FASE integrada polo proxecto Ampliación e Mellora da DP 0402 Ares a Chanteiro, pq 3+700 ao 4+700 (Ares).

8. Aprobación provisional do proxecto DP 5604 Outes á Pereira por Pesadoira.- Mellora da travesía de Serra de Outes pq 0+000 ao 0+340 (Outes), incluído na 2ª

FASE DO PLAN DE TRAVESIAS 2019.

9. Aprobación do PLAN DE INVERSIÓN EN VÍAS PROVINCIAIS 2020, 3ª FASE, integrado polo proxecto de MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA DP 7901 DO PQ 0+130 AO PQ 1+600 , CONCELLO DE SANTISO

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

10. Aprobación do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para cofinanciar as obras de Renovación da rede principal de abastecemento de Camariñas

11. Aprobación da prórroga do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) do concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón

12. Aprobación da modificación do asunto núm. 11 da orde do día do Pleno celebrado o 30 de outubro de 2020 relativo á aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de RIANXO para o cofinanciamento das obras da instalación dun ascensor no edificio municipal Centro Social Liceo, por un erro de transcripción.

13. Aprobación da modificación dos seguintes Pregos Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares:

- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais - Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais - Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

14. Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento en Casal de María e Vila do Río", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3110.0146.0

16. Aprobación do prego de prescricións técnicas modificado da subministración denominada "Adquisición de autobús. Monfero", incluído na 3ª fase do PAS 2015, co código 2015.3110.0105.0

17. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pavimentación de viais nas parroquias de San Fiz, Val Xestoso, Queixeiro e Vilachá" do Concello de Monfero, incluída na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/ 2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0511.0

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento de parcela para zona de ocio e espallamento na rúa Ramón Cabanillas", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0360.0

19. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parque en As Basoñas", do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2100.0050.0

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

20. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de outubro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de outubro de 2020.

21. Dación de conta dos expedientes de modificación de créditos de anulación da incorporación de remanentes números 3 e 4, de aprobación pola presidencia.

22. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2020 de aprobación polo Pleno.

23. Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consorcio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

24. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

25. Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información do Coste Efectivo dos Servizos da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente Consorcio provincial contraincendiios e salvamento da Coruña.

26. Aprobación da aceptación da delegación de competencias de xestión, recadación e inspección tributaria do Concello de Coristanco.

27. Aprobación da modificación da política de seguridade da Deputación Provincial da Coruña revisada en outubro de 2020.

28. Dación de conta da aprobación do orzamento/plan de actuación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña "FAEPAC" para o exercicio 2021.

29. Aprobación inicial da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2021

30. Aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio económico 2021 e das súas bases de execución.

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

31. Aprobación da designación da deputada provincial dona Cristina Capelán Cancelo como Vicepresidenta da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para incrementar as axudas ao Banco de alimentos, co obxecto de atender de maneira inmediata ás familias máis necesitadas, e a aquelas que se atopan en situación de vulnerabilidade social e económica, para garantir a atención a todas as persoas que necesiten alimentos na nosa provincia

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar ao Goberno a posta en marcha dun plan extraordinario "Red vial provincial 2021/2022" que impulse obras integrais de mellora e conservación nas carreteras de titularidade provincial.

Moción sobre os dereitos do pobo do Sáhara

Moción conxunta relativa ás estatuas do Mestre Mateo que se atopan no Pazo de Meirás

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 27 de novembro de 2020.

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia número 35208/2020, do 9 de novembro, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Don Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don Jose Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa Mª Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Actúa como secretario: don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:12 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Secretario

"Declaración institucional do día internacional da eliminación da violencia de xénero

O 25 de novembro foi declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, instando a gobernos, organizacións non gobernamentais e á sociedade civil no seu conxunto a planificar e desenvolver accións de sensibilización ao respecto da situación de violencia vivida por moitas mulleres.

Desde un nivel conceptual ás violencias machistas son todas aquelas formas de violencia que se dan no contexto dunha sociedade patriarcal, que outorga privilexios aos homes polo feito de ser homes, restando en consecuencia dereitos ás mulleres, dando así lugar a unha diversidade de violencias e desigualdades: estruturais; económicas; psicolóxicas; sexuais; institucionais etc. Neste marco, a noción de violencia de xénero fai referencia a toda aquela forma de violencia que sofren as mulleres polo feito de selo. Baixando á definición dada pola Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero,a violencia de xénero sería "(...) calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada".

Se ben é certo que temos dados pasos adiante como sociedade para facer visíbeis ás violencias machistas, atendendo aos datos de feminicidios cometidos nos últimos anos temos de afirmar que aínda hai moito traballo por facer. É, polo tanto, imprescindíbel continuar o traballo de forma coordinada, rachando co silencio e apostando pola sensibilización da sociedade e a prevención,contribuíndo á toma de conciencia sobre a magnitude da violencia contra as mulleres, e as consecuencias que ten nas súas vidas e na das súas fillas e fillos.

Desde o mes de marzo deste 2020, ano marcado polas terríbeis consecuencias da pandemia mundial da COVID-19, temos de facer referencia ao impacto que as condicións de limitacións teñen nas mulleres que están vivindo en condicións de violencia, convivindo cos seus agresores .

Se ben é certo que os datos indican un descenso no número de denuncias e tamén das ordes de protección non podemos caer no erro de pensar que a situación mellorou, a dramática realidade é que os agresores teñen controlada completamente á vítima.

Os informes oficiais do primeiro semestre do ano indican que houbo un incremento do 30% nas beneficiarias de axudas económicas, que o número de consultas no teléfono de atención a vítimas se incrementou un 35% e tamén que as consultas aos

CIM aumentaron nun 16%. A maioría destas consultas teñen a ver con atención psicolóxica, acceso a recursos asistenciais e ordes de protección.

É clave aumentar os recursos dispoñíbeis para a atención a mulleres en situación de violencia de xénero, introducir as reformas necesarias que contribúan a aumentar a protección e que se favoreza unha maior axilidade no acceso a recursos de apoio e asistencia.

O impacto económico desta crise sanitaria tamén ten especial impacto en relación ás oportunidades das mulleres vítimas de violencia de xénero, non debemos obviar que os sectores laborais máis afectados pola crise, o pequeno comercio, hostalaría, restauración, cultura, formación ou servizos socio-educativos, están especialmente feminizados, isto incrementa o risco de exclusión social, e ven supoñer unha barreira, aínda maior, para as mulleres.

Desde a Deputación da Coruña queremos expresar o seguinte:

Rexeitamos de maneira expresa e clara calquera acto de violencia contra as mulleres no marco do fomento dunha cultura da igualdade e do respecto á diversidade. Desde esta institución comprometémonos a traballar en incorporar a perspectiva de xénero de forma integral en todas as decisións que se adopten.

Reafirmamos o noso compromiso para continuar traballando na creación e dinamización dunha rede de entidades sensíbeis e comprometidas coa igualdade e na erradicación da violencia de xénero, fomentando a creación de sinerxías entre elas, coa Deputación da Coruña, e coa sociedade no seu conxunto.

Comprometémonos a seguir avanzando na introdución da transversalidade de xénero nas políticas propias desta institución."

Hai unha segunda declaración institucional asinada polos portavoces dos Grupos Políticos, do Banco de Alimentos.

"Declaración institucional do Banco de Alimentos

Na actualidade España vive unha das maiores crises sanitarias que se lembra, probablemente a máis grave da súa historia recente, como consecuencia da pandemia global provocada poloCovid-19, que está a provocar unha crise social e económica cuxos efectos ameazan con ser devastadores, poñendo en serio risco a continuidade de centos de miles de pequenas e medianasempresas, negocios familiares, traballos autónomos e postos de traballo por conta allea.

Dende a Deputación da Coruña mostrouse, dende o primeiro momento, a sensibilidade social querequire esta situación.

En concreto, a apoio cos Bancos de Alimentos da provincia de A Coruña foi moi

importante, tantocomo requiría a situación, poñendo á súa disposición recursos económicos en plena pandemiadestinados a paliar a necesidade das persoas máis vulnerables facendo posible a adquisición dealimentos.

As peticións de axuda a estas organizacións aumentan cada semana, cada vez un númeroimportante de familiar acoden a solicitar información para poder adquirir produtos que precisanpara a súa alimentación diaria.

Estímase que a demanda durante a crise do coronavirus aumentou polo menos un 30%. A presión sobre as organizacións de repartición de alimentos mantense hoxe en día, e nesta segunda onda desta crise, ademais de aumentar de novo o número de persoas atendidas, incrementa a precariedade dalgunhas persoas que xa se atopan baixo o limiar da pobreza, polo tanto, hai máis demanda de alimentos que procede tamén dunha difícil situación laboral.

Ante a situación anteriormente descrita, esta Deputación incrementa a súa aporta económica no presuposto de 2021 para esta finalidade.

Valoramos e recoñecemos a necesidade real existente e a tremenda labor humanitaria e social que en momentos tan delicados están a desenvolver na provincia de A Coruña coas persoas máis vulnerables os Bancos de Alimentos e por iso en ningún momento o ente provincial os deixará desatendidos e incrementará, en caso de ser necesario, as partidas destinadas a este fin dos Bancos de Alimentos."

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 11/2020, de 30 de outubro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 11/2020, de 30 de outubro.

2.- Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do Pleno de decembro de 2020.

Vótase a ratificación da inclusión do punto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

A continuación vótase a aprobación da proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro de 2020 correspondería celebrala o día 24 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2019,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao duodécimo mes de 2020 celebrarase o día 30 de decembro, mércores, a partir das doce horas."

3.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 24 de outubro de 2020 ata o 20 de novembro de 2020.

Dáse conta das resolucións da Presidencia desde o 24 de outubro de 2020 ata o 20

de novembro de 2020.

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de actividades sociais e de divulgación cultural no ano 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **100.000,00 €,** ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, para cofinanciar o ***Programa de actividades sociais e de divulgación cultural no ano 2020****,* cun orzamento subvencionado de 629.280,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de novembro de 2020.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

5.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC no que se conteña o crédito axeitado e suficiente.

" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña polo que se

instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de actividades sociais e de divulgación cultural no ano 2020.

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a ……., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ……., en representación do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Centro Asociado á UNED da Coruña foi creado, de acordo co disposto no Decreto 2310/1972, do 18 de agosto, mediante convenio asinado o 11 de febreiro de 1983, entre a UNED e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como os membros do Padroado naquel momento: Deputación Provincial da Coruña, Concello da Coruña, Concello de Culleredo, Concello de Betanzos e Banco de Bilbao.

Posteriormente, á vista do crecemento do Centro Asociado da Coruña, o 22 de outubro de 1996, foi asinado un novo convenio entre a UNED e os membros do Padroado: Deputación Provincial da Coruña, Concello da Coruña e Concello de Ferrol.

Segundo.- Que as diposicións recollidas na Lei 27/2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administarción Local, na Lei 15/2014, de Racionalización do Sector Público e na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, incidiron moi significativamente na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e no R.Decreto 1317/1995, sobre réxime de convenios da UNED cos Centros Asociados, no senso de facer inexcusable a necesidade da constitución dun consorcio como figura xurídica que dera soporte legal ao Centro Asociado á UNED da Coruña.

O dito RD 1317/1995 establece no seu artígo 2.2.h) que "*Los centros asociados llevarán a cabo las actividades de educación permanente y* ***extensión universitaria*** *y los programas y actividades especiales que apruebe la Junta de Gobierno de la Universidad, procedentes de acuerdos con instituciones públicas*."

Terceiro.- Que o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña recolle no art. 8 do seu obxecto "colaborar no desenvolvemento cultural da contorna". Neste senso o Consorcio, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo unha oferta cultural aberta, multidisciplinar e que chega aos lugares máis recónditos da nosa xeografía.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Quinto.- Que a Deputación da Coruña vén colaborando co Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña no financiamento das súas actividades culturais e científicas.

Sexto.- Que a Deputación da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, CIF Q1500424E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades sociais e de divulgación cultural no ano 2020***.*

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Os gastos obxecto do financiamento pola Deputación da Coruña son os seguintes, de acordo co Orzamento presentado polo Centro:

1. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	*452.124,00*
2.GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	*177.156,00*
20 Compras material	21.888,00
21 Reparacións, mantemento e conservación	27.360,00
22 Material, suministros e outros	120.384,00
23 Gastos dietas e locomoción e indemnizacións por razón do servizo	7.524,00
TOTAL	**629.280,00**

Este orzamento correspóndese coas actividades que se achegan como anexo ao convenio.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **15,89 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 15,89 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, asumindo, xa que logo, as conseguintes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación,o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruna, ben sexa por medios

escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruna.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruna unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruna, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

*** Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

2.- Unha vez rematadas as actividades,o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED.
Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.-o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor,o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan,

entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia,o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia,o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co

debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

ANEXO.- ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO ORZAMENTO DE GASTOS

Actividade

- Mediación no ámbito educativo
- Conferencia: “Os roteiros do mar, un marco estable de relación no roteiro xacobeo"
- Microsoft Word e procesadores de texto. Nivel básico
- Conferencia "As adiccións legais sen sustancia: xogo, apostas online, compras e novas tecnoloxías"
- Conferencia "A dimensión social da intervención en adiccións"
- Microsoft Word e procesadores de texto. Nivel avanzado
- O camiño de Santiago a partir dos viaxeiros medievais
- Taller: “Coñecemento do TIC para a acción titorial: manexo de HTML5
- Xornada de actualización: "Coñecemento do TIC propias da acción titorial
- Visita guiada ao Museo Ramón María Aller (Lalín, Pontevedra)
- Xustiza Restaurativa. Mediación nos ámbitos Penal eComunitario. Prácticas Restaurativas
- Microsoft Excel e follas de cálculo. Nivel básico
- Guía práctica para elaborar e presentar un TFG: a escritura académica nunha contorna dixital (3ª edición)
- Educando en Igualdade: conceptos básicos ao redor da igualdade de xénero
- Microsoft Excel e follas de cálculo. Nivel Intermedio
- Xestión das emocións para a convivencia: emocións adaptativas e desadaptativas
- Suicidio: factores de risco e estratexias de prevención e intervención
- Microsoft Power Point e software para presentacións. Nivel Básico
- Microsoft Power Point e software para presentacións. Nivel intermedio
- Galicia antes de Roma
- Microsoft Access e bases de datos. Nivel básico
- Visita guiada á Igrexa de San Francisco de Betanzos (A Coruña)
- Prácticas de Mediación
- Microsoft Access e bases de datos. Nivel intermedio
- Seguridade informática en internet e redes sociais
- De estudante a estudante: experiencias sobre as oportunidades de formarse na UNED
- Adiccións legais e comportamentales: factores de risco e intervención para o seu tratamento
- Literatura Infantil e Xuvenil galega: tendencias actuais
- A Inspección dos Tributos Locais. XX Edición
- Conferencia "A gastronomía e viticultura galega en perspectiva histórica"
- Conferencia "Presentación do proxecto antibullying TresgalloBullying-Cero"

- Conferencia "Orixe e tipoloxías dúas hoteis e fondas na cidade da Coruña." (Ciclo de Conferencias "A Coruña, un percorrido diferente")
- Conferencia "As escavacións arqueolóxicas en Exipto"
- Taller "Como manexar as plataformas e TIC da UNED" (1ª edición)
- Xornada de actualización: "Coñecemento do TIC propias da acción titorial
- Taller: “Coñecemento do TIC para a acción titorial: manexo de HTML5
- Taller: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED" (2ª Edición)
- Taller: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED" (3ª edición)
- Taller "Como manexar as plataformas e TIC da UNED" (4ª edición)
- Taller: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED" (5ª edición)
- Taller: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED" (6ª edición)
- Taller: "Coñece a túa biblioteca" (1ª Edición)
- Taller:"Coñece a túa biblioteca" (2ª Edición)
- Como aproveitar ao máximo os recursos que che facilita o teu Centro Asociado: titorías, Extensión Universitaria e COIE
- Xornada de Benvida do Centro UNED A Coruña
- Orientación para o éxito no estudo a distancia na UNED
- Coñece aos teus representantes: benvida e presentación da Delegación de Estudantes do Centro UNED A Coruña
- Coñece o teu Centro! Presentación de servizos do Centro Asociado: secretaría, librería e redes sociais
- Como planificar os teus estudos
- Introdución ao dereito
- Conferencia: "O papel das Forzas Armadas durante a alerta sanitaria do COVID-19"
- Encontro: O mercado hipotecario tras o coronavirus
- Conferencia "Ciclo Ciencia en Feminino: Antonia Ferrín"
- Prevención do Acoso escolar: Bullying e Cyberbullying
- A enquisa como ferramenta de investigación social (3ª edición)
- Guía práctica para elaborar e presentar un TFG: a escritura académica nunha contorna dixital (4ª edición)
- Introduccion ás técnicas cualitativas e cuantitativas de investigación social
- Conferencia "A arquitectura modernista na Coruña." (Ciclo de Conferencias "A Coruña, un percorrido diferente")
- Conferencia "O cemiterio de San Amaro e outros da cidade." (Ciclo de Conferencias "A Coruña, un percorrido diferente")
- Iniciación á Mediación: Teoría e Práctica
- Taller: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED: Especial alumnado do CUID"
- Consellos básicos sobre a avaliación na UNED: tipos de exames e probas de avaliación continua (PEC)
- Conferencia "O desenvolvemento do enclave romano na Coruña, orixe de a cidade." (Ciclo de Conferencias "A Coruña, un percorrido diferente"
- Unha taxonomía do pensamento liberal, desde as orixes a nosos días
- Mediación no Ámbito Civil e Familiar
- Consellos básicos para os exames na UNED (1er cuadrimestre)
- Introdución ao Deseño de Proxectos Sociais con Impacto para ONG e asociacións sen ánimo de lucro
- UNED Senior (2020)

Sede Ferrol

- Prostitución e trata de persoas con fins de explotación sexual
- A Nacionalidade e os seus efectos: adquisición e perda, dobre nacionalidade, supostos especiais e apátridas
- La Manda: un antes e un despois na tipificación das agresións e os abusos sexuais en España
- Dilixencias esenciais perante o xulgado de garda
- É que ninguén vai pensar nos nenos? Grandezas e miserias da política criminal en materia de menores
- Privación de liberdade: execución de penas de prisión e as súas alternativas. Aspectos prácticos
- Os delitos con vítima menor de idade na realidade penal española
- Penas privativas de dereitos: da multa aos traballos en beneficio da comunidade
- Fundamentos de Dereito Civil I
- Fundamentos de Dereito Civil II
- Os xulgados do penal: principais dilixencias
- Introdución á victimoloxía
- Fundamentos de Dereito Penal
- Taller: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED"(1ª Edición)
- A responsabilidade civil derivada do delito con especial referencia aos delitos económicos
- A victimoloxía en institucións cerradas

5.- Aprobación da prórroga do convenio co Concello de Aranga (en nome da Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo) para financiar o subministro "Camión ríxido 4x4"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do convenio co Concello de Aranga (en nome da Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo) para financiar o subministro "Camión ríxido 4x4"

A cláusula modificada quedaría establecida nos seguintes termos:

CLÁUSULA XIII: VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN
1.- O presente convenio interadministrativo de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 19 de xuño de 2019 ata o 30 de setembro de 2021, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a

súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2021**, sempre e cando exista crédito para tal fin."

6.- Aprobación da 2ª RELACION DO PLAN DE INVERSIÓN EN VIAS PROVINCIAIS 2019, 3ª FASE integrada polo proxecto DP 5602 Negreira a Pontenafonso, P.Q. 6,105 a 8,63. Ampliación e mellora da seguridade vial.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a SEGUNDA RELACION DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2019 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 1.266.128,78.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 cuxo suplemento de crédito figura incluído no EMC 4/2020 aprobado inicialmente polo pleno da corporación en sesión celebrada o 30/10/2020, polo que se condiciona á entrada en vigor do citado EMC 4/2020, que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
19.1110.0010.0	DP 5602 Negreira a Pontenafonso, P.Q. 6,105 a 8,63	Negreira	1.266.128,78
		TOTAL……	1.266.128,78

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivarmente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

7.- Aprobación da 4ª RELACION DO PLAN DE INVERSION EN VIAS PROVINCIAIS 2019, 2ª FASE integrada polo proxecto Ampliación e Mellora da DP 0402 Ares a Chanteiro, pq 3+700 ao 4+700 (Ares).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a CUARTA RELACION DO PLAN DE INVERSIÓN EN ESTRADAS PROVINCIAIS SEGUNDA FASE 2019 cun orzamento total de 678.951,33.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 cuxo complemento de crédito está incluído na EMC 4 / 2020 aprobado inicialmente polo pleno da corporación en sesión celebrada o 30/10/2020, que está condicionada á entrada en vigor do mencionado EMC 4/2020 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
19.1110.0005.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA DP 0402, ARES A CHANTEIRO, PQ 3+700 A PQ 4+700	ARES	678.951,33
		TOTAL	678.951,33

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación provisional do proxecto DP 5604 Outes á Pereira por Pesadoira.- Mellora da travesía de Serra de Outes pq 0+000 ao 0+340 (Outes), incluído na 2ª FASE DO PLAN DE TRAVESIAS 2019.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar provisionalmente o proxecto DP 5604 Outes á Pereira por Pesadoira.- Mellora da travesía de Serra de Outes pq 0+000 ao 0+340 (Outes), CÓDIGO 2019.1130.0002.0 incluido na 2ª Fase do Plan de Travesías 2019, con cargo a la aplicación 0410/4533/60900 cuxo suplemento de crédito figura incluido no EMC 4/2020 aprobado inicialmente polo pleno da corporación en sesión celebrada o 30/10/2020, polo que se condiciona á entrada en vigor do citado EMC 4/2020 e cuxos datos son os seguintes:

DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO
DP 5604 Outes á Pereira por Pesadoira.- Mellora da travesía de Serra de Outes pq 0+000 ao 0+340 (Outes), CÓDIGO 2019.1130.0002.0	420.008,90
TOTAL	420.008,90

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente, e por un prazo de 10 días, para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local a os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, pudiéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aprobación do PLAN DE INVERSIÓN EN VÍAS PROVINCIAIS 2020, 3ª FASE, integrado polo proxecto de MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA DP 7901 DO PQ 0+130 AO PQ 1+600 , CONCELLO DE SANTISO

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2020 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 239.216,66.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 cuxo suplemento de crédito figura incluído no EMC 4/2020 aprobado inicialmente polo pleno da corporación en sesión celebrada o 30/10/2020,

polo que se condiciona á entrada en vigor do citado EMC 4/2020, que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
2020.1110.0003.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA DP 7901 DO PQ 0+130 AO PQ 1+600	SANTISO	239.216,66

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para cofinanciar as obras de Renovación da rede principal de abastecemento de Camariñas

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para cofinanciar as obras de Renovación da rede principal de abastecemento de Camariñas, cunha achega provincial de 80.000,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/1611/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 78,22664 % respecto dun orzamento de 102.266,95 euros.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no

exercicio de 2021

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMARIÑAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DA REDE PRINCIPAL DE ABASTECEMENTO DE CAMARIÑAS.

Na Coruña, a __ de _____ de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____ , Alcalde Presidente do **Concello de Camariñas**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: c) Abastecimiento de agua potable a domicilio y evacuación y tratamiento de aguas residuales.

Neste sentido, o Concello de Camariñas considera de primeira necesidade as

actuacións de Renovación da rede principal de abastecemento de Camariñas. Nos últimos anos, o municipio está tendo problemas no mantemento desta rede, sufrindo problemas de subministro, provocados polas continuas avarías, debido a que as conducións esgotaron a súa vida útil e están obsoletas. Estas circunstancias implican unhas interrupcións no subministro, unhas considerables perdas de auga e un sobrecusto no mantemento da rede, debido ás continuas reparacións, repercutindo un precario servizo aos usuarios deste municipio….".

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras urxentes que afectan a 2.500 habitantes. Estas obras están motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en sí, senón unha necesidade imperiosa para ao desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do Concello.
Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Camariñas** ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello da Camariñas** con CIF **P1501600I,** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "Proxecto Renovación da rede principal de abastecemento de Camariñas", tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial José Martínez Dopazo Nº colegiado 2.244 do COETICOR

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	**71.023,65** euros
Gastos xerais 13,00%	**9.233,07** euros
Beneficio Industrial 6,00 %	**4.261,42** euros
IVE (21%)	**17.748,81** euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	**102.266,95** euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **80.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **78,22664 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **78,22664 %**. da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/161.1/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai

referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de "melloras".
4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, **dándolle publicidade a este convenio** no **Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na Base 53 de execución do Orzamento para o ano 2020 , **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte

documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.
3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación

aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do

reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.
1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.
1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2021.** Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2021**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2022**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de

estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.
1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

11.- Aprobación da prórroga do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) do concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar a formalización e o texto da prórroga do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón **ata o día 31 de decembro de 2021, ampliando a vixencia do convenio ata o 31 de marzo de 2022** para os efectos de presentar a liquidación regulada na cláusula novena.

2º.- A achega provincial ascende ao importe máximo de **500.000,00 euros**, que serán imputables de conformidade ao seguinte desglose:

- Os custes de **programación** ata un máximo de 350.000,00 euros,serán imputables á aplicación orzamentaria 0112/3335/46201.
- Os custes de **mantenemento** das instalación que ascenden ata un máximo de150.000,00 euros. serán imputables á aplicación orzamentaria 0420/3335/21200.
- Os custes por **programación propia** que teña que asumir a Deputación se imputarán á aplicación orzamentaria 0612/3335/22699

3º Modificar as claúsulas Sexta, Octava e Úndecima do Convenio de cooperación subscrito co IMCE o 14 de agosto 2020 para a xestión compartida do Teatro Colón, no seguinte senso:

A) Onde dí:

SEXTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.

1.- A Deputación resérvase ata un máximo de **dezaoito días** de uso do Teatro durante a vixencia do presente convenio para levar a cabo actividades de programación propia ou ben para ceder o uso do local a concellos da provincia e entidades non lucrativas, para a realización de espectáculos ou actividades de carácter cultural ou social.

2.- A fixación dos días concretos de utilización será acordada pola comisión de seguemento establecida na cláusula terceira.En todo caso, a Deputación resérvase expresamente os días que se precisen para realizar actos conmemorativos en datas sinaladas no ámbito cultural de Galicia.

3.- Asemade, a Deputación sempre terá preferencia para o uso exterior do recinto para expor publicidade dos seus actos e actividades.

Debe dicir:

SEXTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.

1.- A Deputación resérvase ata un máximo de **TRINTA E SEIS días** de uso do Teatro durante a vixencia do presente convenio para levar a cabo actividades

de programación propia ou ben para ceder o uso do local a concellos da provincia e entidades non lucrativas, para a realización de espectáculos ou actividades de carácter cultural ou social.

2.- A fixación dos días concretos de utilización será acordada pola comisión de seguemento establecida na cláusula terceira.En todo caso, a Deputación resérvase expresamente os días que se precisen para realizar actos conmemorativos en datas sinaladas no ámbito cultural de Galicia.

3.- Asemade, a Deputación sempre terá preferencia para o uso exterior do recinto para expor publicidade dos seus actos e actividades.

B) Onde dí:

OITAVA.- Financiamento dos gastos

1.- Na súa condición de titular do servizo público, a Deputación achegará para a xestión do Teatro Colón a cantidade máxima de 250.000,00 €, de acordo coa seguinte distribución:

175.000,00 € que aboará ao IMCE en concepto de custo da programación: no que se inclúen os gastos de:
Persoal de xerencia do Teatro.
Espectáculos e actividades, incluído mantemento do piano.
Persoal de asistencia técnica de equipamento escénico.
Difusión e publicidade dos espectáculos.
Venda de entradas e persoal de sala.
Seguros dos espectáculos.
Limpeza do Teatro.

Tendo en conta a previsión de continuidade do convenio en vigor, no expediente de modificación de crédito EMC 1/2020, foi suplementada a aplicación orzamentaria 0112/3335/46200 no importe de 250.000 euros (operación contable nº 2202000009347, de 28 de marzo de 2020).

75.000,00 € destinados a facer fronte aos custos de mantemento: no que se inclúen os gastos de:
Mantemento de ascensores
Mantemento de instalacións térmicas, aire acondicionado, ventilación, extracción, auga quente sanitaria
Mantemento de instalacións eléctricas
Mantemento de instalacións de protección contra incendios (PCI) e equipos electrónicos
Mantemento do equipamento escénico
Mantementos diversos: fontanería, saneamento, carpinteiría, cerraxería.
Subministro de auga e enerxía eléctrica.

Para atender este maior gasto, está previsto que no expediente de modificación de créditos 3/2020, en fase de tramitación neste momento e que vai a ser elevado ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do presente

mes de xuño, se suplemente crédito por importe de 50.000 euros na aplicación orzamentaria 0420/3335/21200. A contía restante, ata os 75.000 euros previstos no convenio, poderá imputarse con cargo ao crédito xa existente no nivel de vinculación xurídica.

Neste apartado, faise necesario advertir que a eficacia da aprobación do convenio queda condicionada a aprobación definitiva e entada en vigor do expediente de modificación de créditos 3/2020 anteriormente referido. **De non aprobarse o mesmo, resultaría de aplicación o disposto no artigo no artigo 173.5 do Texto refundido da Lei de Facendas locais, no tocante á nulidade de pleno dereito dos acordos adoptados sen cobertura orzamentaria**.

2.- A Deputación abonará ao IMCE o importe correspondente ao custo da programación.

3.- A Deputación contratará e aboará os gastos derivados dos contratos de mantemento e subministración sinalados no apartado 2 da cláusula sétima.

Debe dicir:

OITAVA.- Financiamento dos gastos

1.- Na súa condición de titular do servizo público, a Deputación achegará para a xestión do Teatro Colón a cantidade máxima de 500.000,00 €, de acordo coa seguinte distribución:

350.000,00 € que aboará ao IMCE en concepto de custo da programación: no que se inclúen os gastos de:
Persoal de xerencia do Teatro.
Espectáculos e actividades, incluído mantemento do piano.
Persoal de asistencia técnica de equipamento escénico.
Difusión e publicidade dos espectáculos.
Venda de entradas e persoal de sala.
Seguros dos espectáculos.
Limpeza do Teatro.

150.000,00 € destinados a facer fronte aos custos de mantemento: no que se inclúen os gastos de:
Mantemento de ascensores
Mantemento de instalacións térmicas, aire acondicionado, ventilación, extracción, auga quente sanitaria
Mantemento de instalacións eléctricas
Mantemento de instalacións de protección contra incendios (PCI) e equipos electrónicos
Mantemento do equipamento escénico
Mantementos diversos: fontanería, saneamento, carpinteiría, cerraxería.
Subministro de auga e enerxía eléctrica.

2.- A Deputación abonará ao IMCE o importe correspondente ao custo da programación.

3.- A Deputación contratará e aboará os gastos derivados dos contratos de mantemento e subministración sinalados no apartado 2 da cláusula sétima

Onde di:

UNDÉCIMA.- Duración e vixencia.

1.- O presente convenio ten por obxecto a xestión do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2021 ata o día 31 de decembro de 2021.

2.- O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o día 31 de marzo de 2022 para os efectos de presentar a liquidación regulada na cláusula novena.

3.- Por acordo de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser prorrogado por períodos anuais, coincidindo co ano natural, ata un máximo de tres anos, debendo aprobarse a prórroga, no seu caso, antes do día 1 de decembro de cada ano

4.- Dende o momento da sinatura da prórroga do convenio, os días de uso por parte da Deputación provincial aos que se refire a cláusula sexta do convenio quedarían establecidos en TRINTA E SEIS DÍAS ANUAIS.

Así mesmo, **os importes aos que se refire a cláusula oitava duplicaríanse**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente

Debe dicir:

UNDÉCIMA.- Duración e vixencia.

1.- O presente convenio ten por obxecto a xestión do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro de 2021 ata o día 31 de decembro de 2021.

2.- O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o día 31 de marzo de 2022 para os efectos de presentar a liquidación regulada na cláusula novena.

3.- Por acordo de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser prorrogado por períodos anuais, coincidindo co ano natural, ata un máximo de tres anos, debendo aprobarse a prórroga, no seu caso, antes do día 1 de decembro de cada ano, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

Polo que o texto definitivo do convenio quedaría como segue:

PRÓRROGA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN

No Pazo Provincial de A Coruña, a _____ de ____ de 2020

REUNIDOS:

Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Inés Rey García, Alcaldesa do Concello da Coruña e Presidenta do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en adiante IMCE).

EXPOÑEN:

A Deputación da Coruña adquiriu no ano 1997 o Teatro Colón, espazo cultural integrado no Pazo Provincial, que despois da súa rehabilitación integral e equipamento necesario, foi aberto novamente ao público o 5 de decembro de 2006, cun concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia.
Unha vez rehabilitado e equipado, o Pleno decidiu regulamentar as prestacións de carácter sociocultural co carácter de servizo público provincial, acordando asemade a forma de xestión indirecta do dito servizo mediante diversos contratos de concesión administrativa, finalizando o último no mes de maio de 2017.

Logo de finalizar a concesión, dende o Goberno da Deputación promoveuse un novo período de xestión coa idea de manter un espazo cultural enraizado na actividade escénica e artística da provincia da Coruña, especialmente entre as persoas residentes da cidade.

Por iso, estimouse necesario continuar coa prestación desta actividade co carácter de servizo público, garantindo o acceso á cultura de toda a cidadanía, tal como nos lembra o artigo 44 da Constitución, sabendo asemade que a promoción da cultura e a potenciación do galego coma a lingua propia de Galicia son obrigas de todos os poderes públicos de Galicia, segundo o disposto no artigo 5.3 e 27.19 do noso Estatuto de Autonomía.

Agora ben, tamén dende este Goberno houbo conciencia de que a xestión dun teatro público non é unha das competencias propias das deputacións provinciais, administracións supramunicipais que han de centrar o núcleo das dúas políticas na cooperación cos concellos, especialmente cos de menos de 20.000 habitantes, para garantir a axeitada prestación dos servizos municipais básicos en todo o territorio, correspondéndolle máis ben esta actividade cultural ao ámbito estritamente municipal, ao seren as persoas residentes na cidade as principais usuarias deste espazo.

Por tal razón, e co obxecto de integrar o teatro na rede de espazos culturais do Concello da Coruña, cuxa xestión corresponde ao IMCE, co data do 13 de xuño de 2018, foi subscrito o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos para a xestión compartida do Teatro Colón, vixente ata o 1 de xullo de 2020.

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos é un organismo autónomo local creado ao abeiro da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e adscrito a área do Concello da Coruña que teña atribuídos os servizos de Cultura, e de conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, coma entidade de Dereito público, goza de personalidade xurídica propia e independente, plena capacidade xurídica e autonomía económica e administrativa para o cumprimento dos seus fins con suxeción ás leis e ao disposto nos seus estatutos.

O obxecto finalista do IMCE, conforme ao artigo 3 dos estatutos, determínase nos seguintes apartados:

a) Contribuír á defensa e divulgación dos valores socio culturais da cidade.
b) Potenciar o desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto.
c) Levar a cabo e xestionar os programas do Concello da Coruña, que teñan relación coas actividades culturais públicas de interese para a cidade, relacionadas co mundo do espectáculo e as festas.
d) Procurar o mellor custo e rendemento das actividades que se programan.
e) Xestionar, promocionar e realizar todos aqueles programas específicos ligados ao mundo do espectáculo e de animación cultural que poidan dinamizar a oferta cultural.
f) Xestionar as instalacións, equipamentos municipais do ámbito do espectáculo, que se lle atribúan.
g) En xeral, cantas outras iniciativas culturais e festivas sexan consideradas de interese.

Compre salientar que a experiencia ao longos destes dous anos de xestión compartida resultou moi positiva pola calidade da programación, cunha alta asistencia de público aos espectáculos programados, e unha valoración moi favorable tal como se reflicte nas enquisas realizadas, en colaboración coa Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña.

Asemade a coordinación entre as dúas institucións desenvolveuse nun clima de total colaboración e axuda mutua.

Á vista desta experiencia e aínda que no momento actual a situación causada pola pandemia do Covid 19 supón unha situación de incertidume económica en moitos ámbitos, a Deputación e o Concello apostan, especialmente nestes momentos, polo máximo apoio á cultura e aos seus axentes en todas as súas manifestacións, para as que o Teatro Colón é un referente a nivel galego.

Con data de 14 de agosto de 2020 asinouse o **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN,** para a xestión do Teatro Colón polo IMCE desde o día 2 de xullo ata o día 31 de decembro de 2020, e cunha vixencia do 2 de xullo do 2020 ata o 31 de marzo do 2021.

Tendo en conta o anterior, e o funcionamento do teatro durante o convenio asinado o 14 de agosto de 2020, ambas as dúas institucións consideran do maior interese continuar na liña de colaboración iniciada, polo que acordan asinar a prórroga do presente convenio de cooperación coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

A presente prórroga ten por obxecto regular a relación de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o IMCE, organismo autónomo pertecente ao Concello da Coruña, por medio da cal a Deputación e o IMCE comparten a xestión e utilización do Teatro Colón, para que o teatro quede plenamente integrado na rede pública de espazos culturais municipais, compartíndose a programación das actividades a desenvolver de acordo coas bases que se establecen deseguido, así como reservándose a utilización do espazo pola propia Deputación en determinados días, para a realización de actos propios e para a posible cesión aos concellos da Provincia e ás entidades sen ánimo de lucro.

SEGUNDA.- A programación e contratación dos espectáculos e actividades.

1.- Corresponderalle ao IMCE, con medios persoais propios ou, no seu caso, contratados con empresas especializadas, a programación das actividades a desenvolver no Teatro Colón, procurando que as accións programadas estean perfectamente coordinadas coas que se teña previsto desenvolver nos teatros e recintos de espectáculos municipais, garantindo que os contidos sexan acordes cos valores e principios constitucionais, promovendo especialmente a cultura galega e potenciando o galego, como lingua propia de Galicia.

2.- Na súa condición de administración xestora, correspóndelle ao IMCE o outorgamento de todos os contratos coas empresas de espectáculos, seguíndose para tal efecto a lexislación vixente en materia de contratación pública.

3.- Unha vez celebrado o espectáculo, a empresa contratista deberá presentar a factura correspondente ó IMCE, quen asumirá a responsabilidade de proceder a súa tramitación e pagamento nos prazos establecidos na lexislación vixente; porén, para os casos nos que se pacte coas empresas produtoras dos espectáculos a fixación do prezo do contrato polo importe da recadación que resulte da taquilla, o IMCE deberá incluir no custe da programación financiado pola Deputación os importes efectivamente percibidos por estas empresas, que serán considerados gastos e ingresos para o efecto da liquidación regulada na cláusula novena.

TERCEIRA.- Comisión de seguemento.

1.- Co fin de coordenar as actividades programadas, créase unha comisión de seguemento co carácter de órgano colexiado, presidida pola persoa deputada responsable en materia de cultura e integrada polos seguintes membros:

a) Por parte da Deputación da Coruña, ademais da persoa deputada titular da delegación de competencias na materia de cultura, a persoa titular da xefatura do Servizo de Acción Sociocultural e unha persoa deputada nomeada pola Presidencia da Deputación.
a) Por parte do Concello da Coruña, a persoa titular da Concellería de Cultura, e dous membros máis designados polo Consello reitor do IMCE, entre os que estará a persoa directamente responsable da programación.
b) Sen prexuizo da composición regulada nas dúas letras anteriores, poderán ser convocados ás sesión aquelas persoas que, por mor das súas

responsabilidades de xestión ou funcións técnicas, teñan relación co mantemento do inmoble ou co desenvolvemento das actividades programadas. En todo caso, serán convocadas as persoas que ostenten a titularidade da xefatura do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e do órgano interventor do IMCE e do órgano interventor da Deputación da Coruña.

2.- A comisión de seguemento, coa composición sinalada anteriormente, terá as seguintes atribucións:

a) Seguemento das actividades programadas, a través da memoria anual de actividades e estudio de propostas e suxerencias de programación.
b) Informar sobre as dúbidas de aplicación e interpretación das cláusulas do presente convenio, as modificacións que se propoñan durante a súa vixencia e os posibles incumprimentos que poidan dar lugar a resolución do convenio.
c) Toma de coñecemento e informe da memoria de xestión e da liquidación de gastos e ingresos que presente a Presidencia do IMCE, consonte ao previsto na cláusula novena, a través da Memoria económico-financeira anual.
d) Informe-proposta de orzamento para cada exercicio.
e) Informe sobre as necesidades, así coma toma de coñecemento da Memoria técnica anual, na que se exporá o estado do inmoble e das instalacións.

3.- A comisión reunirase con carácter trimestral, para o exercicio das atribucións ás que se refire o apartado anterior, e con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, a iniciativa de calquera dos seus membros, indicando expresamente os asuntos a tratar.

CUARTA.- A publicidade e difusión das actividades programadas.

1.- O IMCE levará a cabo, ben cos medios propios ou mediante a oportuna contratación, todas as accións publicitarias necesarias para dar a coñecer con suficiente antelación os espectáculos e actividades programadas no Teatro, agás as que se desenvolvan nos días reservados para a Deputación.

2.- A acción de comunicación e publicidade debe realizarse nos mesmos medios e con similares contidos ás que vén realizando o IMCE con respecto aos espectáculos e actividades que se desenvolven nos seus propios espazos culturais, debendo figurar na mesma o anagrama da Deputación Provincial, por ser a entidade titular do servizo público.

QUINTA.- A xestión de públicos e cobro de entradas.

1.- O IMCE realizará a xestión da venda de entradas para os espectáculos programados, utilizando os canles habituais para tal fin. Realizarase un seguimento contable dos ingresos por venda de entradas que correspondan ao IMCE, a través da súa aplicación a un código de proxecto

2.- Para a cuantificación do importe das entradas o organismo xestor deberá aplicar criterios análogos aos aplicados no Teatro Rosalía de Castro e nos restantes espazos que está a xestionar.

3.- Nos días de reserva para a programación propia da Deputación resultará de aplicación a súa Ordenanza de prezos públicos, correspondendo á Xunta de Goberno desta entidade a fixación de posibles reducións sobre as tarifas máximas, consonte ao procedemento previsto naquela ordenanza. Unha vez fixados, serán notificados ao IMCE, para os efectos de que poida realizar a xestión recadatoria correspondente.

4.- O IMCE prestará á Deputación o seu servizo de tesourería para a recadación dos ingresos que xeren os espectáculos programados por ela, debendo transferir o importe resultante á conta que lle indique a Tesourería Provincial no prazo dos quince días seguintes á celebración de cada evento.

SEXTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.

1.- A Deputación resérvase ata un máximo de **TRINTA E SEIS días** de uso do Teatro durante a vixencia do presente convenio para levar a cabo actividades de programación propia ou ben para ceder o uso do local a concellos da provincia e entidades non lucrativas, para a realización de espectáculos ou actividades de carácter cultural ou social.

2.- A fixación dos días concretos de utilización será acordada pola comisión de seguemento establecida na cláusula terceira.En todo caso, a Deputación resérvase expresamente os días que se precisen para realizar actos conmemorativos en datas sinaladas no ámbito cultural de Galicia.

3.- Asemade, a Deputación sempre terá preferencia para o uso exterior do recinto para expor publicidade dos seus actos e actividades.

SÉTIMA.- Obrigas das partes na xerencia, programación e mantemento do inmoble e das instalacións.

1.- Obrigas do IMCE:

O IMCE comprométese a contratar e aboar os seguintes gastos:

- Persoal de xerencia do Teatro.
- Espectáculos e actividades, incluído mantemento do piano.
- Persoal de asistencia técnica de equipamento escénico.
- Difusión e publicidade dos espectáculos.
- Venda de entradas e persoal de sala.
- Limpeza do Teatro.
- Seguros dos espectáculos.

O IMCE comprométese a cuidar axeitadamente o inmoble, equipamento escénico e demais instalacións; non poderá realizar obras nin usar o recinto e as instalacións para fins non previstos no presente convenio.

As actuacións necesarias de reparación e simple conservación deberán ser postas en coñecemento do Servizo de Arquitectura da Deputación, debendo emitirse a correspondente memoria ao respecto con carácter previo a súa execución.

2.- Obrigas da Deputación:

A Deputación comprométese a contratar e aboar os espectáculos e actividades de programación propia. Así mesmo, respecto a esta programación propia, a Deputación abonará ás empresas correspondentes os gastos directamente imputables á mesma: personal de sala e taquilla, limpeza, afinación do piano, rider técnico, cuncha acústica, persoal de carga e descarga, e persoal técnico que precisen a maiores do persoal técnico do teatro. No caso de que o IMCE teña contratos en vigor para a prestación dos servizos, poderase acudir ao modelo de contratación conxunta previsto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, de tal manera que a Deputación poida recibir o servizo directamente polos contratistas do IMCE.

A Deputación contratou:

- Mantemento de ascensores
- Mantemento de instalacións térmicas, aire acondicionado, ventilación, extracción, auga quente sanitaria
- Mantemento de instalacións eléctricas
- Mantemento de instalacións de protección contra incendios (PCI) e equipos electrónicos
- Mantemento do equipamento escénico
- Mantementos diversos: fontanería, saneamento, carpinteiría, cerraxería.
- Subministro de auga e enerxía eléctrica.

A Deputación tramitou a adquisición dos seguintes investimentos:

- Mesa de luces e monitores.
- Reparación do aire acondicionado.
- Caixa negra (telas)
- Transformación das bombillas a LED en patio de butacas e outras plantas

A Deputación aboará os gastos derivados do pago de impostos e do seguro do inmoble (continente e contido).

OITAVA.- Financiamento dos gastos

1.- Na súa condición de titular do servizo público, a Deputación achegará para a xestión do Teatro Colón a cantidade máxima de 500.000,00 €, de acordo coa seguinte distribución:

- **350.000,00 € que aboará ao IMCE en concepto de custo da programación**: no que se inclúen os gastos de:
  Persoal de xerencia do Teatro.
  Espectáculos e actividades, incluído mantemento do piano.
  Persoal de asistencia técnica de equipamento escénico.
  Difusión e publicidade dos espectáculos.

Venda de entradas e persoal de sala.
Seguros dos espectáculos.
Limpeza do Teatro.

- **150.000,00 € destinados a facer fronte aos custos de mantemento**: no que se inclúen os gastos de:

Mantemento de ascensores
Mantemento de instalacións térmicas, aire acondicionado, ventilación, extracción, auga quente sanitaria
Mantemento de instalacións eléctricas
Mantemento de instalacións de protección contra incendios (PCI) e equipos electrónicos
Mantemento do equipamento escénico
Mantementos diversos: fontanería, saneamento, carpinteiría, cerraxería.

Subministro de auga e enerxía eléctrica.

2.- A Deputación abonará ao IMCE o importe correspondente ao custo da programación.

3.- A Deputación contratará e aboará os gastos derivados dos contratos de mantemento e subministración sinalados no apartado 2 da cláusula sétima.

NOVENA.- Pago.

A Deputación aboará a súa aportación ao IMCE (apartado 2 da cláusula oitava) en dous prazos:

- Primeiro: polo 50 % do importe máximo previsto na cláusula anterior á sinatura do presente convenio, co carácter de entrega a conta a xustificar.

- Segundo: polo importe da liquidación resultante, unha vez finalizado o período de xestión, previa presentación da seguinte documentación:
* Memorias cultural, técnica e económica xa xestión realizada, informadas previamente informada pola comisión de seguemento.
* Certificación do órgano interventor do IMCE na que conste a aplicación dos fondos recibidos ao obxecto do convenio.
* Certificación do mesmo órgano con respecto aos ingresos obtidos pola venda de entradas que correspondan ao IMCE, liquidándose, de ser procedente, a diferenza do déficit xerado a percibir ata os importes máximos previstos no apartado anterior ou, se fora o caso, o importe a reintegrar que proceda, se os ingresos obtidos tiveran financiado maior importe do 50 por 100 librado inicialmente.
* Informe da Administradora do IMCE, conformado polo órgano interventor, dos ingresos recadados pola venda de entradas que non correspondan ao IMCE.

DÉCIMA.- Supervisión e inspección do inmoble por parte da Deputación.

1.- A Deputación, a través do Servizo de Arquitectura, poderá realizar actuacións de supervisión do estado do inmoble e das instalacións en calquera momento, poñendo en coñecemento da persoa que designe o Concello como responsable do Teatro con

tres días de antelación e velando para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas.

2.- No caso de apreciarse a necesidade de obras ou reparacións que excedan dos traballos de conservación e mantemento ordinario, serán contratadas directamente pola Deputación con cargo ao seu orzamento, non formando parte estes gastos dos custos de mantemento aos que se refire o apartado 2 da cláusula sétima.

3.- Asemade, corresponderalle ao Servizo de Patrimonio e Contratación a inspección do inmoble, dos mobles e das instalacións técnicas do mesmo, para o efecto de realizar o axeitado seguimento do Inventario da Corporación e proceder a aprobar as altas e baixas que poidan producirse.

4.- Tendo en conta que a unión do inmoble que se xestiona de forma compartida co Palacio Provincial nun mesmo edificio, corresponderalle á Deputación a realización dos labores de vixiancia e seguridade, nas mesmas condicións que as que se veñen realizando no propio Palacio Provincial, agás no interior do recinto.

UNDÉCIMA.- Duración e vixencia.

1.- O presente convenio ten por obxecto a xestión do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2021 ata o día 31 de decembro de 2021.

2.- O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o día 31 de marzo de 2022 para os efectos de presentar a liquidación regulada na cláusula novena.

3.- Por acordo de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser prorrogado por períodos anuais, coincidindo co ano natural, ata un máximo de tres anos, debendo aprobarse a prórroga, no seu caso, antes do día 1 de decembro de cada ano, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

DUODÉCIMA. Outras causas de resolución: posibles incumprimentos.

1.- Ademais da extinción polo transcurso do prazo de vixencia, serán causas de resolución do presente convenio o acordo unánime das partes asinantes e o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes.

2.- No caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para que proceda a cumprir as obrigas e compromisos asumidos que se consideren incumpridos. Dito requirimento tamén será notificado a comisión regulada na cláusula terceira. Se no transcurso do prazo indicado persistira o incumprimento indicado, entenderase resolto o convenio, debendo indemnizarse pola parte incumpridora os danos e prexuzos causados.

DÉCIMO TERCERA.- Natureza xurídica.

1.- O presente convenio ten carácter administrativo, resultándolle de aplicación as disposicións contidas no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Rexime xurídico do Sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da Xurisdicción contencioso-administrativa resolver as controversias que poidan xurdir na aplicación, interpretación e efectos do presente convenio de cooperación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de ----------

En proba de conformidade, ambas partes asinan por cuadriplicado ejemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio."

12.- Aprobación da modificación do asunto núm. 11 da orde do día do Pleno celebrado o 30 de outubro de 2020 relativo á aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de RIANXO para o cofinanciamento das obras da instalación dun ascensor no edificio municipal Centro Social Liceo, por un erro de transcripción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación do asunto núm. 11 da orde do día do Pleno celebrado o 30 de outubro de 2020 relativo á aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de RIANXO para o cofinanciamento das obras da instalación dun ascensor no edificio municipal

Centro Social Liceo. por un erro de transcripción.

Onde dí:

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de RIANXO para o cofinanciamento das obras da instalación dun ascensor no edificio municipal Centro Social Liceo, ata o 31 de outubro de 2020, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

Debe dicir:

Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de RIANXO para o cofinanciamento das obras da instalación dun ascensor no edificio

municipal Centro Social Liceo, ata o 31 de outubro de 2021, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

13.- Aprobación da modificación dos seguintes Pregos Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares: - Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais - Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais - Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación dos seguintes Pregos Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares:

- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante p**rocedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)** das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante **procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas**) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante **procedemento aberto simplificadísimo** das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais."

ANEXO

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE

REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE **PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA)** DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS.

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO.

1) OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONTRATO

1.1) Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras a que se refire o epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao Proxecto Técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co previsto no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co previsto no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste Prego, tendo carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2) Delimitación do contrato.

Para os efectos do presente prego e da LCSP, ao tratarse dun procedemento simplificado o presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, posto que esta modalidade aplícase aos contratos cuxo valor estimado é inferior á cantidade que figura no art 159 da LCSP, en relación co art 20 da citada norma. Neste sentido nos epígrafes 4 e 4.BIS do cadro de características indícase o valor estimado do contrato

1.3) Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais

De conformidade co establecido no art 1.3 e concordantes LCSP os criterios sociais e ambientais son recollidos no presente prego de maneira transversal, en especial canto aos criterios de adxudicación e condicións especiais de execución , e esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigacións de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais) normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación persoas) e ambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas), etc…

1.4) Principios.

De conformidade co art 1 LCSP a presente contratación axústase aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización das obras.

2) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

Sinálase como tipo de licitación o importe do Proxecto que figura no epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto ao mesmo.

Entenderase por orzamento base de licitación o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, salvo disposición en contrario.
Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro das mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto indíquese como partida independente, de conformidade co art. 102 1 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) FINANCIAMENTO.

3.1. Obras de carácter anual:
Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no Orzamento con cargo á Aplicación sinalada no epígrafe 5 do cadro de características do contrato (Anexo I do presente Prego).

3.2. Obras de carácter plurianual:
De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada Proxecto de execución de obra no epígrafe 3.B e con cargo á Aplicación sinalada no epígrafe 5 do cadro de características do contrato (Anexo I do presente Prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.
No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente Prego.

4) REVISIÓN DE PREZOS.

4.1. Obras de carácter anual:
De conformidade co disposto no artigo 103.5 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula algunha de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual:
Si o contrato tivese carácter plurianual, previa xustificación no expediente, e de conformidade co previsto no Real Decreto a que refírense os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 103 LCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se executase, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme a fórmula que se indica no epígrafe 17 do cadro de características (Anexo I do presente prego).
En consecuencia o primeiro vinte por cento executado e os dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) PRAZO DE EXECUCIÓN.

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala no epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da Acta de Comprobación do Reformulo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só prorrogarase cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixaran na aprobación do Programa de Traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A Baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, esta porcentaxe de baixa aplicarase a realizar máis obra en cada unha das anualidades, abonándose ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a Administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) APTITUDE PARA CONTRATAR.

6.1 Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan

1.- Plena capacidade de obrar (art 65 LCSP)

2.- Non se achen incursas en prohibicións para contratar coa Administración a que refírense os arts. 71 a 73 LCSP,

3.- E acrediten a súa solvencia económica e financeira (art 87) e técnica (art 88), (ou se atopen debidamente clasificadas, nos supostos a que se refire a cláusula seguinte e art 77).

A capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

6.2 A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo con a lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

6.3 Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

7) CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA. SOLVENCIA ECONOMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA.

Para concorrer á presente licitación requírese dispor da clasificación ou da solvencia que se indica nos apartados seguintes da presente cláusula.

No entanto, o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar os documentos

xustificativos da clasificación e/ou solvencia que se indican nos apartados 7.1 e 7.2, na forma en que se indica nos citados apartados.

7.1. Clasificación.
Para contratar coa Administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 77.1 a) LCSP, será requisito indispensable que o contratista haxa obtido previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do Proxecto ou documentación técnica obrante no expediente e que se indica no epígrafe 7 do cadro de características do contrato, caso de empresas españolas e estranxeiras non comunitarias.

Para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea nin dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertenzan aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

En consecuencia os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica.

7.2. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica requirida a empresas españolas e estranxeiras non comunitarias, cando non sexa esixible a clasificación; a empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

7.2.1 Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:
No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica (cláusula 16 do presente prego) do seguinte modo:

A. <u>Empresas españolas e empresas estranxeiras non pertencentes a Estados membros da Unión Europea</u>: Poderán optar:

A.1. Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no Anexo I, epígrafe 8.

> A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión da mesma.
>
> A.2. Mediante a acreditación da solvencia económico e financeira a que se refire o apartado 7.2.1.a), e a acreditación da solvencia técnica a que se refire o apartado 7.2.1.b).

B. <u>Para todas as empresas con independencia da súa nacionalidade</u>: No caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia.

7.2.1 a. Solvencia económica e financeira

7.2.1.a.1 Medios
A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.
Considerarase acreditada a solvencia si o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

b) Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigación de aprobación de contas anuais.
Considerarase acreditada a solvencia si o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

c) xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato
Considerarase acreditada a solvencia si o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.2.1.a.2. Acreditación documental
A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a) Volume de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si o empresario estivese inscrito no este rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

7.2.1.a.3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.
Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art 86.1, parágrafo 3.LCSP).

7.2.1.b. Solvencia técnica

7.2.1.b.1. Regra xeral.

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

a) Relación das obras executadas no curso do cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.
Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase si se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último ostente directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra dita condición, só se recoñecera como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.
Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media si esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente da mesma

d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato, sen prexuízo do disposto no Anexo V.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuada e proporcionada á natureza e orzamento da obra.

7.2.1.b. 2. **Regra especifica para as empresas de nova creación** :
Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que refírense as letras b) c) e e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

7.2.2. Integración da solvencia con medios externos.
Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

7.3 O valor estimado.
A efectos de cálculo de solvencia é o que se indica no epígrafe 4 do cadro de características

8) UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS.
A Administración poderá contratar con unións de Empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 69 LCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 69.5 e 6, e 78.1 LCSP.
No suposto de resultar adxudicataria, a Unión Temporal deberá formalizar a mesma, en escritura pública, así como presentar o N.I.F. da Unión Temporal, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a duración da mesma será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en Unión Temporal quedarán obrigados solidariamente ante a Administración.

II.- ADXUDICACIÓN

9) PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.
O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto **simplificado** (con pluralidade de criterios de adxudicación)

10) ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE.

10.1. Contrato non suxeitos a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente Prego publicarase no perfil de contratante (art. 156.6 LCSP), integrado na Plataforma que se indica no epígrafe 9 do cadro de características.

10.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica no epígrafe 14 do cadro de características do contrato.

11) PROPOSICIÓNS:LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.CONTRATACIÓN E LICITACIÓN ELECTRONICA.

11.1. Contratación e licitación electrónica.

A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica no epígrafe 9 do cadro de características, na dirección electrónica que figura no cadro de características do presente prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada Plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

11.1.A) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada (art. 20 LCSP)

11.1.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma e prazo que se indican nos epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo de **vinte** días naturais a contar do día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante (art. **159** LCSP), en dous sobres ou arquivos electrónicos cuxos documentos deberán ser asinados electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

11.1.A.2**.)** De conformidade co disposto no art 159.5 LCSP non se producirá a redución de prazos á que se refire a letra b) do apartado 2 do artigo 119. (TRAMITACIÓN URXENTE**)**

11.1.A.3.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratante.

A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na Plataforma de Contratación do sector público , durante as 24 horas do día .O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Si a oferta é recibida despois deste prazo e horario será excluída.

11.2. INSCRICIÓN OBRIGATORIA PREVIA EN REXISTRO DE LICITADORES

De conformidade co disposto en art 159.4 LCSP “todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da

correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia.

12) <u>PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN</u>.
Presentarase en dous sobres ou arquivos electrónicos denominados

- ARQUIVO Ou SOBRE ELECTRÓNICO B
- ARQUIVO Ou SOBRE ELECTRÓNICO C

12.B. SOBRE B: Subtitulado "Declaracións, compromisos e referencias técnicas". Criterios non avaliables de forma automática.

12.B.1 Declaracións e compromisos:
O licitador deberá presentar no presente sobre un documento axustado ao seguinte modelo:
D. _____
con domicilio no municipio de …….. _
rúa _____
nº _____ provincia ---------- _____
país….. _____
teléfono_____
con D.N.I/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) Nº __
_____
actuando en nome propio (ou en representación de _____. ___
_____
D.N.I. ou N.I.F. Nº _____
e con domicilio no municipio de _____. _____
rúa_____
nº _____ _____, provincia……, país…….
teléfono_____

Toma parte no procedemento aberto con pluralidade de criterios para a adxudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de
_____
_
e a cuxos efectos **DECLARA RESPONSABLEMENTE :**
1º Que ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta;
2º Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente;
3º Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;
4º Que non está incurso en prohibición de contratar algunha;
5º De conformidade co disposto no art 159 e 75.2 LCSP. (Indicar a opción):
5. a. Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades
5b.- Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades , comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das estas entidades, UNHA VEZ SEXA REQUIRIDO POLA Administración.
6º O seu sometemento ao foro español (só no caso de Empresas estranxeiras)
7º Que se atopa inscrita no Rexistro:

a) Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público número de inscrición ____
b) Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia número de inscrición ____

En _____ _____ a de _____ de 20_

O LICITADOR (Asinado)

No anexo IV indícanse cales destes criterios aplicaranse ao presente contrato, e por tanto a documentación que se indica a continuación terá que presentarse en función do que indique o citado anexo
Conterá a seguinte documentación de Referencias Técnicas:

12.B.2 REFERENCIAS TECNICAS

12.B.2.1) Programa de traballo:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se van a realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características.

Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra, e en especial:

- plano de distribución das casetas de obra, colectores, provisións, guindastres e outra maquinaria
- plano de circulacións na parcela durante os traballos, peonís e motorizadas
- plano de servizos afectados e demais afeccións á contorna
- diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da execución
- listaxe de medios humanos e maquinaria que se vai a utilizar na obra
- Perfil ou listaxe, no seu caso, das empresas subcontratadas e subministradoras de materiais.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en porcentaxes de tempo).

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Neste apartado non se valorará a redución do prazo, posto que neste apartado valorarase a forma de organizar, planificar, programar e coordinar os medios materiais e persoais e a forma de execución, sistemas construtivos, etc

12. B.2.2) Actuación ambiental:

Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais.
- Rexeneración de espazos.
- Indicación de entulleiras autorizadas onde se van a trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.
- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4. c do RD 105/2008.
- Medidas de aforro enerxético.

A documentación anterior irá acompañada de:

- Plano de áreas protexidas afectadas, no seu caso
- Plano de ordenación dos materiais sobre a parcela
- Plano de situación de entulleiras e puntos limpos que se van a utilizar durante a obra
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da actuación ambiental
- Copias dos certificados de xestión ambiental de que dispoña a empresa
- Copias dos certificados de adecuación ambiental dos materiais que se van a empregar na obra
- Compromiso das empresas externas colaboradoras en materia ambiental, no seu caso

12. B.2.3) Plan de control de calidade:

Plan de control interno de calidade

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia a desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- Control de calidade nos materiais que se van a empregar
- Control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- Control de calidade nas probas finais de instalacións
- Calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos previstos no apartado anterior o contratista indicará para cada un dos aspectos do control de calidade:

a) Medios propios ou externos: o licitador indicará levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade

b) Sistemas de control: O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete que vai realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.

Neste sentido deberanse incluír os seguintes documentos:

- Fichas de control en materiais e procesos: criterios de aceptación, rexeitamento e corrección
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable do control de calidade na obra
- Compromiso das empresas externas colaboradoras no control de calidade, no seu caso

Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 211.1. f LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego. A dirección de obra poderá solicitar en calquera momento todos os informes e cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade

12.B.2.4.) Esquema do plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se van a adoptar

- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica
- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto dos resultados en materia de seguridade e saúde

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

12.B.2.5 .- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.C. SOBRE C: "Oferta económica e referencias avaliables automaticamente"

Conterá a proposición económica e referencias avaliables automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste rogo, que recolle entre outros os seguintes apartados:

12.C.1.- Oferta económica: formulada estritamente conforme o modelo do anexo II do presente prego.

12.C.2.- Declaración responsable de estabilidade no emprego de mulleres traballadoras

12.C.3.- Plan de igualdade

13) <u>FIRMA ELECTRÓNICA DA PROPOSICIÓN E DOCUMENTOS</u>

As proposicións e todos os documentos que integran ou se acompañan á oferta deberán ser asinados electronicamente polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente .

14) <u>GARANTÍA PROVISIONAL</u>.

En consonancia co disposto no art. 159 LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) <u>APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN</u>.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións subsanables, rexeitamento de proposicións e apertura do arquivo ou sobre electrónico contendo as referencias técnicas, e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art 159, 146 e ss LCSP, e Regulamento de desenvolvemento da Lei. Para estes efectos a Administración comunicará ao contratista os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

15.1 Apertura e valoración das ofertas.

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas

1ª Fase: Valoración dos criterios non avaliables mediante fórmulas

Polos Servizos Técnicos do Órgano de Contratación emitirase informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación non avaliables de forma automática, á vista da documentación incluída polos licitadores no arquivo ou sobre electrónico B: "Referencias técnicas", criterios de valoración non avaliables de forma automática mediante fórmulas.

1. CRITERIOS DE CALIDADE: Plan de Control Interno de Calidade.

2. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN, PROGRAMACIÓN E DE EXECUCIÓN: Programa de traballo:

3. CRITERIOS AMBIENTAIS E ECOLÓXICOS: Programa de actuación ambiental

4. CRITERIOS LABORAIS: Esquema do Plan de seguridade e saúde:

Baremo: Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV

PUNTUACIÓN MÍNIMA. As empresas que non superen a puntuación mínima que se indica no anexo IV na FASE 1 non continuarán no proceso selectivo.

2ª Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática

- Oferta económica

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.

- Criterios Sociais : A estabilidade no emprego, porcentaxe de mulleres en relación co persoal, e plans de igualdade.

Baremo: Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV

Procedemento:

Unha vez emitido o correspondente informe relativo ao arquivo ou sobre electrónico B, para os efectos previstos na segunda fase, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do arquivo ou sobre electrónico C (ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática). Celebrarase no lugar e día que se sinale no perfil de contratante.

O presidente da mesa manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaranse os licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados

durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Si algunha proposición fose presentada fóra de prazo ou en formato papel ou non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, varíase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que ten erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación motivada dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

15.3.- Criterios de valoración:

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

Os criterios para a adxudicación son os seguintes:

15.4.- Ofertas anormalmente baixas.

34.7.1. B. 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. C) Cando as modificacións non sexan substanciais

Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

34.7.1. C.1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a

modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

34.7.1. C.2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

34.7.1. C.3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial deste, IVE excluído, ou ben que supere o limiar sinalado no artigo 20

(ii) As obras, obxecto de modificación estean dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación.

34.7.2) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

34.8. Obrigatoriedade.

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de Contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído. (art. 206).

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista esta só será acordada polo órgano de Contratación previa conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211 LCSP.

34.9 REGRA ESPECIFICA NESTE CONTRATO DE OBRAS

34.9.1 No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

34.9.2 Modificacións que supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación.

Os prezos aplicables a estas serán fixados pola administración, logo da audiencia previa do contratista polo prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non acepte os prezos fixados, o órgano de Contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme o artigo 211 desta lei.

34.9.3. Modificación que contemple unidades de obra que teñan quen quedar posterior e definitivamente ocultas

Antes de efectuar a súa medición parcial deberá comunicarse á Intervención da

administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días, para que, si o considera oportuno, poida acudir a este acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, de efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 243, en relación co apartado 2 do artigo 210. LCSP.

34.10. Tramitación

Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e cúmpranse os requisitos que para ese efecto regula esta lei, solicitará do órgano de Contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará de acordo coas condicións da cláusula 34.6.2.

34.11. Tramitación dunha modificación que esixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para o interese público.

O órgano de Contratación poderá acordar que continúen provisionalmente estas tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que

1. O importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

2. E exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

   O expediente de continuación provisional a tramitar para o efecto esixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

   a) Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación, a descrición básica das obras que se van a realizar e a xustificación de que a modificación está nun dos supostos establecidos no apartado 2 do artigo 203.

   b) Audiencia do contratista.

   c) Conformidade do órgano de Contratación.

   d) Certificado de existencia de crédito.

   e) Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, no caso de que na proposta técnica motivada introducísense prezos novos. O informe deberá motivar a adecuación dos novos prezos aos prezos xerais do mercado, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 102.

   No prazo de seis meses contados desde o acordo de autorización provisional deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses o expediente da modificación do contrato

   Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas, aquelas partes que non teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas. As obras executadas dentro do prazo de oito meses, serán obxecto de certificación e aboamento nos termos previstos na presente lei coa seguinte singularidade:

34.12. Cando a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de Contratación previa conformidade por escrito del, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

34.13 Reaxuste de garantía.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo final ofertado (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATO DE OBRAS

35.1. Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 214 LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de Contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

35.2. Subcontratación

35.2.1 En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de Contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando:

1.- a parte da prestación que se pretende subcontratar

2.- a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista,

3.- xustificará suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que este non está incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71.

O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de Contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas. No caso que o subcontratista teña a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

Os licitadores terán o deber de comunicar os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nela ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, e non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegadas as xustificacións a que se refire o apartado 35.2.1 deste apartado, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable si os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días si a súa celebración é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción

de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

35.2.2. Efectos do incumprimento en materia de subcontratación

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras as dispostas nesta lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se prevexa nos pregos:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.

b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

35.2.3. Deberes

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á administración, con arranxo estrito ao presente Prego de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento dos deberes en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201. O coñecemento que teña a administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refire esta cláusula non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertar o contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que refírense os artigos 215 a 217 terán, en todo caso, natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP os subcontratistas non terán acción directa fronte á administración contratante polos deberes contraídos con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro , reguladora da subcontratación no sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro , reguladora da subcontratación no sector da construción.

35.3. Deber de cumprimento dos prazos de pago a subcontratistas

O contratista está obrigado a abonar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 216. LCSP.

35.4. Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores

A administración contratante, a través da Dirección da obra ou outros técnicos designados polo

órgano de Contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a tódolos subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán á administración contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro , no que lle sexa de aplicación. Estes deberes considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades do 10% do prezo do contrato, respondendo a garantía definitiva das penalidades que se impoñan por este motivo.

No presente prego aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

35.5. Execución directa polo contratista principal de tarefas críticas, que non poderán ser obxecto de subcontratación.

De conformidade co disposto no art. 215.2, e) no anexo VIII do presente prego determínanse as tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación e que deberán ser executadas directamente polo contratista principal.

36) RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras.

O contratista deberá entregar neste acto de recepción o soporte electrónico no que se recollan as fotografías e/ou reportaxe en vídeo da execución da obra a que se refire a cláusula 19.3.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Si por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de Contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido este prazo o contratista non o efectuou, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de Contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo establecido na lei En canto ao prazo dos intereses de mora estarase ao establecido na cláusula 30.2 deste prego.

Obras contratadas polos Concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do

contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Si as obras deterióranse por incumprimento deste deber, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a administración contratante, por conta do contratista.

38) LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

A) Obras contratadas pola Deputación

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Si este fóra favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 241 LCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), devolvéndose ou cancelándose a garantía e liquidándose, no seu caso, os deberes pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados débanse a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo ditará as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir ningunha cantidade por ampliación do prazo de garantía.

No entanto no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de Contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo por conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se fose suficiente, e si o importe da reparación excedese do importe da garantía esixirase o aboamento destes gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos Concellos

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo Concello contratante.

39) CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as establecidas nos artigos 211 LCSP, cos efectos dispostos no artigo 212,213 e 246. LCSP.

Serán así mesmo causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12, 18, 23, 27 e 35 do presente prego.

40) RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 44 da LCSP, os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN		
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	A.-Obras anuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	..... Euros (IVE INCLUÍDO)
	B.- Obras Plurianuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	Exercicio Orzamentario Importe (IVE INCLUÍDO) 201… 201....
4. VALOR ESTIMADO	Base impoñible: …….. 20% (modificacións previstas de proxecto): …….. 10% (aumento de medicións, certificación final): …… Total VALOR ESTIMADO ……..	
4.BIS. REGULACION HARMONIZADA	**x**□ contrato non suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO:	
	Non se aplicará en ningún caso a redución do prazo como criterio de valoración	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	Non se esixe	
8. CLASIFICACIÓN A EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	**Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Con carácter exclusivo e excluínte: A) □ Plataforma de contratación do Sector Público https://contrataciondelestado.es B) □ Plataforma de contratos públicos de Galicia	
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	□ A) Tramitación ordinaria: _10_____días hábiles (Cláusula 11) .	
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACION	NON SE ESIXE	
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACION	Non se establece	

13.condicións de execución	Ver cláusula 27
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Enderezo páxina web: www.dacoruna.gal
15. GARANTÍA DEFINITIVA	Non se esixe, art. 159.6 LCSP
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE B) Obras plurianuais, con prazo superior a dous anos: (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE □ FÓRMULA_____
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a Administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	NON SE ESIXE. Non obstante a Administración a fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de comunicación, correndo no seu caso a Administración cos gastos.

20. OUTROS DATOS:
INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: ……
TELÉFONO:.....
CORREO ELECTRÓNICO……..
CARTEL DE OBRA…….

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL……..
NIF……..
CÓDIGO…….

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR. ALCALDE/PRESIDENTE……
CÓDIGO…….

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE …….
CÓDIGO…….

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA ……..
CÓDIGO……..

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE…….
CÓDIGO DE PROXECTO……..

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO……Perfil de contratante integrado en Plataforma de Contratación que se indica no epígrafe 9 do cadro de características.

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. _____
con domicilio no municipio de …….. _
rúa _____
nº _____ provincia ---------- país…..
teléfono_____
con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) Nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de) _____. ___
_____
DNI. ou NIF. Nº _____
e con domicilio no municipio de _____. _____
rúa_____
nº _____ _____, provincia……, país…….
teléfono_____

Toma parte no procedemento aberto con pluralidade de criterios para a adxudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de
_____
e a cuxos efectos fai constar que:

1º.- Coñece e acepta cantas obrigacións derívense dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do Proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

3º.- Fai constar que na presente licitación *(indíquese o que proceda):*

a) ___ Non concorre con empresas vinculadas.

b) ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
NIF

4º.- **Prezo**
Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS ,NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE……Euros).

B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe :……. %. Importe…… …euros

C) TOTAL (A+ B)…….EUROS

5º.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras
Declara responsablemente que na data de publicación da licitación:

Declara responsablemente que na data de publicación da licitación:

5.1.- O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal é de ___

persoas.

5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de ofertas e de ____ persoas, o que representa un ___ % sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal.

5.3.- O número particular de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal e de___ mulleres, o que representa un___ % sobre o número global de persoas traballadoras fixas de persoal.

5.4.- O número de traballadores procedentes de situación de desemprego contratados nos 12 meses anteriores á data de finalización de prazo de presentación de ofertas e de -----, o que representa un -----% sobre o persoal global da empresa.

_____ Aplicable no presente contrato (1)
____ Non aplicable no presente contrato (2)

6º.- PLAN DE IGUALDADE (márquese o que proceda)

A empresa ten implantado un plan de igualdade	
A empresa non ten implantado un plan de igualdade	

____ Aplicable no presente contrato (3)
____Non aplicable no presente contrato (4)

7º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA A SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUÍDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
TOTAL		

8 DECLARA RESPONSABLEMENTE :

1. **Que ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta;**
2. **Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente;**
3. **Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;**
4. **Que non esta incurso en prohibición de contratar algunha;**
5. **De conformidade co disposto no art. 159 e 75.2 LCSP. (Indicar a opción):**

5. a. Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades

5b.- Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades , comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das ditas entidades, UNHA VEZ SEXA REQUIRIDO POLA Administración.

6. O seu sometemento ao foro español (só no caso de Empresas estranxeiras)

7. Que se atopa inscrita no Rexistro (5):

a) Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público número de inscrición ____

b) Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia número de inscrición ____

En _____ _____ a de _____ de 201_

O LICITADOR (Asinado)

(1) Dato a cubrir pola Administración
(2) Dato a cubrir pola Administración
(3) Dato a cubrir pola Administración
(4) Dato a cubrir pola Administración
(5) Obrigatorio a partir do 9 de setembro de 2018

ANEXO III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO

IDENTIFICACIÓN DE ARQUIVO Ou SOBRE ELECTRÓNICO (1)

• C. OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C)

(1) Indicar sobre C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que o presente prego ten o carácter de Prego Tipo que rexerá as obras tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans a puntuación que figura no mesmo parte das seguintes premisas:

De entre os criterios que se indican a continuación sinalarase a puntuación mínima e máxima que se outorga. Cando un criterio non se valore indicarase esta circunstancia.

1º.- Para cada contrato específico o Órgano de Contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración.

2º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida a 125 puntos.

FASE II FASE ÚNICA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS:

II.1. OFERTA ECONOMICA
Oferta Económica:

Puntuación específica para o presente contrato: ----------

De acordo con a fórmula elaborada , a pedimento da Deputación provincial da Coruña , pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no Anexo VIII e na seguinte ligazón:
https://www.dacoruna.gal/valoracion/

II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO
II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.
Puntuación específica para o presente contrato: ----------

Segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador, (cláusula 12) terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de ofertas, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal.

Para valorar este criterio o persoal deberá estar formado por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obra.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe maior do 75%

O resto valorarase proporcionalmente.

As empresas que conten cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa
Puntuación específica para o presente contrato: ----------

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha porcentaxe de mulleres **traballadoras** con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do **persoal recibirá a puntuación que se indica a continuación:**

- **Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: máxima puntuación co 12%, senón proporcionalmente**

- **Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa máxima puntuación con 10%, senón**

proporcionalmente

- **Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa, máxima puntuación 8%, senón non se puntúan.**

II.2.3.- Contratación desempregados

Puntuación específica para o presente contrato: ----------

O licitador que teña a maior porcentaxe de contratación de traballadores desempregados cunha antigüidade mínima dun ano no Servizo Público de Emprego no momento de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación, en relación co persoal global da empresa, conseguirá a máxima puntuación. As demais porcentaxes valoraranse proporcionalmente

II.3 IGUALDADE

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación

Puntuación específica para o presente contrato: ----------

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.

A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

ANEXO IV.II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA		
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	
		Contratación desempregados	
	IGUALDADE		

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EJECUCION DA OBRA. DOCUMENTO A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN .

(Cláusula 12 e 16)

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Os licitadores deberán presentar unicamente a declaración, axustada ao modelo indicado na cláusula 12.A.2 e o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar este documento , coa documentación xustificativa, de acordo co previsto na cláusula 16 e 12.A.2.

Anexo VI.
ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO PREVISTAS NO PRESENTE PREGO. DOCUMENTO A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN .

De acordo co establecido no art. 204 LCSP poderán ser obxecto de modificación,

1.-por razóns de interese público,

2.- ata un máximo do 20%,do prezo inicial,
as seguintes unidades de obra:

Unidade de obra modificable	Descrición da modificación	Cuantificación estimada

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato

Anexo VII
SEN CONTIDO

Anexo VIII

Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela7

FÓRMULA XERAL DE VALORACIÓN DE OFERTAS EN CONTRATOS E CONCURSOS 2018

1. Notacións

- P : prezo de licitación,
- Pe : prezo de licitación,
- n : Número de ofertas,
- $O_1, O_2, \ldots, O_n$: valor das n ofertas,
- $R_1, R_2, \ldots, R_n$: redución de prazos das n empresas (en días naturais),
- O_m : media das ofertas presentadas ($O_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} O_i$),
- R_m : media das reducións de prazos presentadas ($R_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} R_i$),
- R_{max}, R_{min} : redución de prazos máxima e mínima,
- $B_1, B_2, \ldots, B_n$: baixas absolutas ($B_i = P - O_i, i = 1, \ldots, n$),
- B_m : baixa porcentual media ($B_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} B_i = P - O_m$),
- $b_1, b_2, \ldots, b_n$: baixas porcentuais con respecto a P ($b_i = \frac{B_i}{P}100$, $i = 1, \ldots, n$),
- b_{max}, b_{min} : baixas porcentuais máxima e mínima,
- b_m : baixa porcentual media ($b_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} b_i = \frac{B_m}{P}100$),
- V_{max} : máxima valoración posible,

7 Investigadores
Juan M. Viaño Rei – Catedrático de Matemática Aplicada - USC
José R. Fernández García – Profesor Titular de Matemática Aplicada - UVigo

- W_{max} : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- Vr_{max} : máxima valoración de acordo coas reducións de prazos presentadas,
- V_i : valoración económica da oferta i -ésima entre 0 e W_{max} , $i = 1, \ldots, n,$
- Vr_i : valoración da redución de prazos i -ésima entre 0 e Vr_{max} , $i = 1, \ldots, n.$

Nota.- Dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e, polo tanto, non admisibles), suponse que as baixas b_i son iguais ou maiores que cero. Igualmente, como as reducións de prazos negativas corresponderían a prazos superiores ao prazo de execución do contrato ou concurso (e, polo tanto, non admisibles), suponse que as reducións de prazos R_i son iguais ou maiores que cero e menores que o prazo de execución Pe .

2. Algoritmo de valoración económica de ofertas

2.1. Valoración máxima inicial de acordo coa baixa máxima

- *Se* $b_{max} < 15$ *entón* $W_{\max} = 0,7V_{\max} \dfrac{b_{max}}{15}.$
- *Se* $15 \le b_{max} < 25$ *entón* $W_{\max} = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max} \dfrac{b_{max} - 15}{10}.$
- *Se* $b_{max} \ge 25$ *entón* $W_{\max} = V_{\max}.$

2.2. Valoración económica entre 0 *e* W_{max}

A puntuación V_i da oferta i -ésima calcúlase, en función da baixa máxima, por interpolación a cachos do xeito seguinte (véxanse as Figuras 1 a 3):

- Se $b_{max} \le 10^{-6}$ entón $V_i = 0.$
- Se $10^{-6} \le b_{max} < 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max} \dfrac{b_i}{15}.$
- Se $15 \le b_{max} < 25$ entón
  1. Se $b_i \le 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max} \dfrac{b_i}{15},$
  2. Se $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max} \dfrac{b_i - 15}{10}.$
- Se $b_{max} > 25$ entón

1. Se $b_i \leq 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max}\dfrac{b_i}{15}$,
2. Se $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max}\dfrac{b_i - 15}{b_{\max} - 15}$.

Nótese que a puntuación máxima V_{max} só se atinxe se a baixa máxima (b_{max}) é igual ou superior ao 25% e que, cunha baixa do 15%, sempre se obtén o 70% da valoración máxima.

Nota.- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense $b_1 = b_2 = \ldots = b_n = b_m = b_{max} = 0$ polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ($V_i = 0$) . Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por eso, propoñemos dar unha puntuación nula a tódalas ofertas sempre que $b_{max} \leq 10^{-6}$.



Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} < 15$.



Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se $15 \leq b_{max} < 25$.



Figura 3: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} \geq 25$.

Anexo IX

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (art. 215.2 e) LCSP e cláusula 35.5 do presente prego)

Non esixible neste contrato ☐

Esixible neste contrato ☐ con arranxo ao seguinte cadro

UNIDADE DE OBRA	IMPORTE A PREZOS DE PROXECTO

14.- Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Fernández

Moi bo día a todos e a todas. A min, antes de nada, gustaríame agradecer, darlle os parabéns aos Servizos da Deputación, nomeadamente a Plans por, nun ano tan singular coma este, ser capaces de traer o POS, a aprobación, neste Pleno de novembro.

Dito isto, eu creo que estamos diante dunha boa nova, sobre todo para os concellos da provincia, que a partir de aquí tamén van poder planificar os seus propios orzamentos, xa contando coas transferencias da Deputación que neste ano, ademais, van ser máis cuantiosas que no ano anterior. Redúcese á mínima expresión o préstamo provincial e todos os concellos, absolutamente todos, os 93 da provincia, van ter máis diñeiro transferido pola Deputación, que no ano anterior.

Subiu o POS considerablemente, aínda agardamos que no ano 2021 poidamos suplementalo aínda máis, e ten como principais novidades, POS social, de 14 millóns de euros, tamén preocupados polos concellos da provincia que sabemos que están facéndolle fronte a un gasto extraordinario para combater a pandemia, e que o van seguir facendo tamén no ano 2021, polo tanto, eu creo que é unha boa

nova para os concellos e agardo que a partir de aquí tamén poidan os 93 da provincia ir tamén planificando os seus propios orzamentos e aprobándoos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas, sumándome en primeiro lugar ao recoñecemento e agradecemento ao persoal do departamento, neste caso de Plans, por sacar novamente un ano máis en tempo e forma este Plan único, un instrumento que ao longo destes últimos anos desde que se puxo en funcionamento demostrou sen ningún tipo de lugar a dúbidas que está sendo útil para os concellos da provincia, que hai un cambio radical con respecto ao sistema anterior, porque se trata xa, como viñemos dicindo ao longo dos últimos anos, aos concellos como administracións maiores de idade, poñendo nas súas mans os recursos para que eles decidan en que queren investilo, sen que vaian dirixidos a través de distintas liñas, para evitar aquilo que pasaba e que temos comentado noutras ocasións, un Plan de campos de fútbol, que igual había un concello que non necesitaba un campo de fútbol, pero si un saneamento, e por tanto non tiña esa posibilidade. Agora poñemos os fondos nas súas mans, e son eles os que deciden en base ás súas necesidades, en que gastalo.

Ademais faise con criterios obxectivos de reparto, tendo en conta a dispersión poboacional, o número de habitantes, presión fiscal, etc., etc., co cal non hai ningún tipo de discrecionalidade á hora de repartir eses fondos. Pois ben, este instrumento que se amosou, como ben digo, útil para o conxunto dos municipios desta provincia, este ano inclúe unha novidade, que é ese Plan social, do que falaba o vicepresidente, e responsable desa área, para poder axudar aos concellos a paliar as consecuencias económicas derivadas da crise sanitaria que está a provocar a Covid-19, nunha área tan sensible e tan importante como é a área social. Nun momento de crise, ou precrise económica, derivada desta situación, que está a afectar a un montón de familias, e de empresarios e autónomos, etc., a Deputación pon máis fondos á disposición dos concellos para que poidan facer fronte a eses gastos extraordinarios, que en principio non estaban contemplados, porque ninguén sabía que esta situación que estamos a vivir, por desgraza, se ía dar.

Ademais diso, como ben dicía, increméntase neste caso o Plan único este ano, e redúcese ese préstamo provincial para que os concellos dispoñan de máis fondos sen ter a necesidade de devolvelos. Polo tanto, é un instrumento, como digo, moi útil, que ano tras ano seguimos a mellorar implementando con novas, neste caso, actualizacións, ou novas liñas de actuación, como pode ser este Plan social que este ano presentamos, e que se vén sumar a outras iniciativas deste carácter para loitar contra a situación que estamos a vivir, como pode ser o PEL Reactiva, ou outras que tamén se están a poñer en marcha por parte desta administración.

Por tanto, consideramos que é unha moi boa nova, e esperamos contar co apoio de todo os Grupo que conforman esta Corporación. Moitas grazas a todos e a todas e bo día.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", cuxo texto figura no Anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas Bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0430/4592/46201, 0430/4592/76201, 0430/9438/82120 e 0611/23126/46201, tanto no orzamento inicial do exercicio 2021 como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe para o financiamento do POS+ 2021."

BASES REGULADORAS
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
" POS+ 2021 "

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2021 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda:

- Cunha **"achega provincial 2021"** por importe de 23.100.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2021 e no expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2020, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

  En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2021, e nos expedientes de modificación de créditos que se aproben ao longo dos anos 2020, 2021 ou 2022, vaise consignar a cantidade de 23.100.000,00€ para o financiamento desta achega provincial 2021 ao Plan.

- Cunha **"achega provincial 2020"** por un importe total de 22.000.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0430/4592/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2020. Desta cantidade, 12.168.532,91 € correspóndese coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos do POS+2017 e 2018 que non foran previamente reinvestidas, polo que se asignan aos concellos nos que se produciron; e a cantidade restante de 9.831.467,09 € asígnase no POS+ 2021 a todos os concellos da provincia aplicando os criterios obxectivos de reparto do Plan.

- Cunha achega provincial denominada **"préstamo provincial 2021"** por importe de 5.500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0430/9438/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2023, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

- Cunha **"achega provincial 2021 extraordinaria"** por importe de 14.000.000,00 €, para o financiamento do "POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios", que previsiblemente se van consignar no orzamento provincial 2021 na partida 0611/23126/46201.

Con isto, o importe total das achegas e do préstamo provinciais destinados ao financiamento do **POS+2021 e do POS+Adicional 1/2021 ascende a 64.600.000,00** €, como se indica a continuación:

Plan	Tipo de achega	Consignación	Asignación aos 93 concellos	Reinvestimento baixas / anulacións
POS+2021	Achega provincial 2021	23.100.000,00	23.100.000,00	
	Achega provincial 2020	22.000.000,00	9.831.467,09	12.168.532,91
	Préstamo provincial 2021	5.500.000,00	5.500.000,00	
	Subtotal POS+2021	**50.600.000,00**	**38.431.467,09**	**12.168.532,91**
POS+ AD 1/2021	Achega extraordinaria 2021 (social)	14.000.000,00	14.000.000,00	
T O T A L		**64.600.000,00**	**52.431.467,09**	**12.168.532,91**

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento desta deputación para o orzamento 2021, o POS+ 2021 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o Plan que poida aprobarse pola deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6.

Por iso, a aprobación destas Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento inicial do exercicio 2021, como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe ao longo dos anos 2020, 2021 ou 2022 para o financiamento do POS+ 2021. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos as deputacións aprobarán anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

FINALIDADE

O POS+ 2021 continua na liña dos POS+ 2017, 2018, 2019 e 2020, que introduciron importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores, coa intención de acadar as seguintes finalidades:

- **Reducir o número de Plans** destinados a colaborar cos concellos, integrando no POS+ 2021, xunto co tradicional POS, tanto outros Plans especiais financiados con cargo ao superávit, como o Plan destinado a concederlles préstamos aos concellos para a redución da súa débeda con entidades financeiras ou realizar investimentos financeiramente sostibles, que anteriormente daban lugar a novos Plans.

(No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.)

LOTES (marcar o que proceda)

☐ Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

☐ Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- ☐ Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- ☐ Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- ☐ Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO
(Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza).

APTITUDE URBANÍSTICA
(Deberá indicarse se os terreos afectados polo investimento son aptos urbanisticamente para a súa execución)

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO
(Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilitante para a redacción do proxecto ou prego que asina)

OUTRAS CUESTIÓNS
(Debéranse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO VI

INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.3 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico xurídico para o investimento indicado, subscribindo cada un dos asinantes unicamente as súas declaracións:

INFORME TÉCNICO
(O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.)

INFORME XURÍDICO
(A Secretaría do concello informará acerca de se o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO VII

MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA
ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.6 das reguladoras do Plan, emítese esta Memoria económica en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

1.- PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS

- (Previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores)

- Breve descrición do gasto a realizar e da súa natureza

- Vida útil estimada

- Previsión de ingresos

- Previsión de gastos

- Conclusión relativa á acreditación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores

2.- PROXECCIÓN DOS EFECTOS ORZAMENTARIOS E ECONÓMICOS

(Proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil)

Opción A) se non ten consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes

"Sen consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros"

Opción B) no suposto de que se considere que vai ter consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes:

"Na seguinte táboa detállanse as previsión dos efectos deste investimento sobre o orzamento de ingresos, sobre o orzamento de gastos e o resultado previsible durante os anos da súa vida útil."

	2021	2022	2023	.....	Ano final da súa vida útil
Efectos sobre Orzamento de ingresos (+ -)					
Efectos sobre Orzamento de gastos (+ -)					
Resultado previsible (+ -)					

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO VIII

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN ESPECÍFICO DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.6 das reguladoras do Plan, emítese este informe en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

1.- CONSISTENCIA E SOPORTE DAS PROXECCIÓNS DA MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA

Breve análise da Memoria especifica da Alcaldía sobre este investimento e a súa consistencia e fundamentación, con especial referencia ás conclusións sobre se este investimento permitirá durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello, e do período medio de pago a provedores.

2.- ANÁLISE DA CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE
(Análise sobre se o investimento solicitado reúne os requisitos para ser considerado financeiramente sostible, indicando a partida orzamentaria de imputación)

- Competencia municipal

- Indicación sobre se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

- Indicación da súa imputación orzamentaria: clasificación económica, grupo de programa (un único grupo de programa dos previstos nas Bases) e aplicación orzamentaria

- Indicación de se o investimento supera ou non os 10 millóns de euros e si supón ou non incremento do capítulo 1 e 2 do orzamento de gastos

- Indicación da súa vida útil (non debe ser inferior a cinco anos)

- Previsión sobre o prazo de execución e xustificación

- Indicación de que consta no expediente Memoria económica da Alcaldía sobre a proxección dos efectos orzamentarios e económicos da súa vida útil

Conclusión:
O proxecto arriba indicado, **cumpre / non cumpre** os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

A N E X O IX

CERTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021"

D. / Dna. _____

secretario/a do Concello de _____

De acordo co disposto no na Base 5.B.3.4 das Reguladoras do Plan, **C E R T I F I C A :**

Que a Alcaldía deste concello / a Xunta de Goberno Local, no día __/__/202__, ditou / adoptou a / o seguinte Resolución / Acordo:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto/prego indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación: (indicar as causas técnicas, económicas, xurídicas ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes. No modelo recóllense algúns dos motivos citados no dito artigo a modo de exemplo)

-A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico

-O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

- (...)

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en _____, ___ de _____ de dous mil _____.

V. pr.
A Alcaldía

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO X

INFORME DA SECRETARÍA DO CONCELLO SOBRE O INVESTIMENTO RELATIVO AO CICLO DA AUGA

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.3.5 das reguladoras do Plan, a Secretaría do concello emite o seguinte informe en relación con este investimento asociado ao ciclo da auga:

Consultado o expediente correspondente, compróbase que a execución deste investimento que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello.

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO XI

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE PRÉSTAMOS

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE PRÉSTAMOS

De acordo co esixido na Base 5.B.4.1 das reguladoras do Plan, e no marco do previsto no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais (TRLFL), e na disposición adicional 14ª do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, emítese o seguinte informe:

- O concello adoptou o acordo de solicitude de préstamo segundo as normas de aplicación

- O concello ten aforro neto positivo no exercicio inmediato anterior

- O nivel de endebedamento do concello non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, ou, e excedendo deste límite pero non superando o límite previsto no artigo 53 do TRLRFL (110%), conta coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO XII

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO COS DATOS DAS DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS A REDUCIR

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.B.4.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe cos datos das débedas con entidades financeiras a reducir:

(Deberá cubrirse unha táboa por cada préstamo, pero debe presentarse un único documento Anexo XII que englobe todas as táboas e subirse na Convocatoria POS+Amortización)

Entidade financeira	
Data do préstamo	
Número ou código do préstamo	
Código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo	
Importe inicial do préstamo	
Importe pendente do préstamo	
Importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración	
Este préstamo está relacionado co mecanismo de pago a provedores (Base 4.1 final) (SI / NON)	
Outros datos	

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO XIII

INFORME XUSTIFICATIVO DO PAGO A PROVEDORES CON CARGO AO POS+ 2021

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na Base 9.1 das reguladoras do Plan, emítese informe xustificativo dos pagos realizados das facturas con provedores que figuraban no Anexo III –b) da solicitude, pagadas con cargo ao financiamento do POS+ 2021, cuxa relación é a seguinte:

DATOS DAS DÉBEDAS PAGADAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO II DO ORZAMENTO MUNICIPAL								
Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)			Data do pago
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total	
1								
2								
3								
4								
5								
...								
TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PAGADAS (CAPÍTULO II)								

1

DATOS DAS DÉBEDAS PAGADAS QUE SE IMPUTAN AO CAPÍTULO VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL								
Nº de orde	Data entrada Rexistro concello	Resumo do concepto	Provedor		Importe (IVE incluído)			Data do pago
			Nome	NIF	Concello	Outras AP	Total	
1								
2								
3								
4								
5								
...								
TOTAL FACTURAS CON PROVEDORES PAGADAS (CAPÍTULO VI)								

RESUMO DAS DÉBEDAS PAGADAS QUE SE IMPUTAN AOS CAPÍTULOS II E VI DO ORZAMENTO MUNICIPAL	Importe (IVE incluído)		
	Concello	Outras AP	Total
Total facturas con provedores pagadas (CAPÍTULO II)			
Total facturas con provedores pagadas (CAPÍTULO VI)			
T O T A L			

2

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2021"

ANEXO XIV

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE GASTOS CORRENTES REALIZADOS NO 2021

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 9.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe xustificativo dos pagos realizados e os dereitos recoñecidos por ingresos finalistas para a mesma finalidade, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	PAGOS REALIZADOS 2021 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (A-B) (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Recollida domiciliaria de lixo	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

1

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	PAGOS REALIZADOS 2021 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación) (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (A-B) (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
	T O T A L			

2

A N E X O X V

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

"POS+ ADICIONAL1/ 2021"

D. / Dna. _____

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o pleno deste concello, na sesión realizada o día __/__/202_ adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 1/2021"** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	..... €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACION DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.			
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)			
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) **destinados exclusivamente** aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.			
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L			

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en _____, ___ de _____ de dous mil vinte e un.

V. pr.
A Alcaldía

2

ANEXO XVI

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

POS+ ADICIONAL 1/ 2021

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 12 das reguladoras deste Plan, emítese este informe relativo aos gastos sociais extraordinarios previstos nas Bases reguladoras do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACION DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACION DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios			
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)			
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) **destinados exclusivamente** aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.			
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L			

ANEXO XVII

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

POS+ ADICIONAL 1/ 2021

INFORME SOBRE XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 12 das reguladoras deste Plan, emítese este informe relativo á xustificación dos gastos sociais extraordinarios previstos nas Bases reguladoras do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	**PAGOS REALIZADOS 2021** (A)	**DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS** (B)	**GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)** (A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PAGOS REALIZADOS 2021 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios			
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)			
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) **destinados exclusivamente** aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais			
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L			

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento en Casal de María e Vila do Río", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3110.0146.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Saneamento en Casal de María e Vila do Río”, do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3110.0146.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 e o seu Plan complementario, Plan no que se inclúe este investimento do Concello de Cedeira cos datos que máis adiante se indican

Logo de aprobar o Concello de Cedeira un proxecto modificado desta obra, que está adxudicada e parcialmente certificada, sen variación do seu orzamento total pero que supón un cambio de trazado respecto ao proxecto inicial, á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria

Tendo en conta que este proxecto modificado redactado en xullo de 2020 foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 18 de agosto de 2020

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno provincial o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Saneamento en Casal

de Maria e Vila do Río", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3110.0146.0, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que está adxudicado e parcialmente certificado e que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables para cambiar o trazado inicialmente previsto, cos datos de financiamento que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación
Concello de Cedeira "Saneam. Casal de María e Vila do Río" Código: 2017.3110.0146.0	Deputación	98.508,14	76.830,00
	Concello	0,00	0,00
	Total	98.508,14	76.830,00

A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/1604/76201 do vixente orzamento provincial."

16.- Aprobación do prego de prescricións técnicas modificado da subministración denominada "Adquisición de autobús. Monfero", incluído na 3ª fase do PAS 2015, co código 2015.3110.0105.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, polo que se aprobou a 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015.

Logo de ver que no Anexo I a este acordo figura a listaxe completa das obras e subministracións que se inclúen nesta 3ª fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a subministración do Concello de Monfero denominada "Adquisición de autobús. Monfero", co código 2015.3110.0105.0

Logo de presentar o Concello de Monfero un prego de prescricións técnicas modificado, cun orzamento de contrata de 100.672,00 € que representa un incremento

de 42.353,61 € que son financiados polo Concello de Monfero, así como, a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente e a certificación do secretario-interventor do concello relativa á existencia de crédito suficiente no orzamento municipal para facer fronte ao incremento experimentado no prego modificado, e que conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación e coa demais documentación técnica e administrativa necesaria para a súa xustificación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas modificado do investimento do Concello de Monfero denominado "Adquisición de autobús. Monfero", incluído na 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0105.0, que foi aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, que non implica unha variación nin da súa finalidade nin do seu obxecto, pero supón un incremento do seu orzamento de contrata por importe de 42.353,61 €, que é financiado integramente polo concello, respecto do prego de prescricións inicial, consistindo as modificacións en clarificar algunhas descricións nas dimensións de elementos, eliminar algún dos parámetros nos que se especificaba algún dato concreto e introducir marxes abertos en tódolos aqueles nos que fose posible, para non menoscabar a concorrencia de empresas no procedemento de contratación :

Prego de prescricións técnicas da subministración "Adquisición de autobús. Monfero" 2015.3110.0105.0			
Axentes financeiros	**Orzamento de contrata Prego Inicial**	**Orzamento de contrata Prego Modificado**	**Diferenza**
Deputación	58.318,39	58.318,39	0,00
Concello	0,00	42.353,61	42.353,61
Total	**58.318,39**	***100.672,00***	**42.353,61**

2.- Na partida 0430/4413/76201 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta subministración, asumindo o Concello de Monfero o financiamento do incremento experimentado pola modificación do prego de prescricións.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Monfero para os efectos oportunos."

17.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pavimentación de viais nas parroquias de San Fiz, Val Xestoso, Queixeiro e Vilachá" do Concello de Monfero, incluída na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/ 2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0511.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018.

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019.

Logo de ver as Resolucións de Presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª FASE do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2019 por maior achega provincial.

Logo de ver que na listaxe dos investimentos que se inclúen no POS+ ADICIONAL 1/2019, 1ª fase, figura entre outras, a obra do Concello de Monfero denominada “Pavimentación de viais nas parroquias de San Fiz, Val Xestoso, Queixeiro e Vilachá”, co código 2019.2001.0511.0

Logo de presentar o Concello de Monfero un proxecto modificado desta obra, que aínda non está adxudicada, con incremento do seu orzamento, xunto coa demais documentación xustificativa da modificación, a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente e a acreditación de que o concello conta con crédito no seu orzamento municipal para asumir o incremento do proxecto da obra, que conta ademais, co informe de supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Monfero denominada “Pavimentación de viais nas parroquias de San Fiz, Val Xestoso, Queixeiro e Vilachá”, incluída na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de

competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0511.0, aprobado mediante Resolucións de Presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), que non varía o seu obxecto nin a súa finalidade, pero supón un incremento do seu orzamento de contrata que asume integramente o Concello de Monfero, para corrixir erros no cálculo orzamentario do proxecto aprobado inicialmente.

Proxecto Modificado “Pavimentación de viais nas parroquias de San Fiz, Val Xestoso, Queixeiro e Vilachá ” Concello de Monfero 2019.2001.0511.0			
Axentes financeiros	Orzamento de Contrata Proxecto Inicial	Orzamento de contrata Proxecto Modificado	Incremento
Deputación	186.806,68	186.806,68	0,00
Concello	0,00	2.747,09	2.747,09
Total	186.806,68	189.553,77	2.747,09

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4530 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Monfero para os efectos oportunos."

18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento de parcela para zona de ocio e espallamento na rúa Ramón Cabanillas", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0360.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Acondicionamento de parcela para zona de ocio e espallamento na rúa Ramón Cabanillas” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0360.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 e o seu Plan complementario no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que o Concello das Pontes de García Rodríguez adxudicoulle a obra á empresa CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L., co NIF B15119837, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de febrero de 2018, e que no día de hoxe está na súa totalidade pendente de certificar

Logo de aprobar o Concello das Pontes de García Rodríguez un proxecto modificado deste investimento, asinado polos mesmos redactores do proxecto inicial, coa conformidade do representante da empresa adxudicataria e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, que supón un incremento do orzamento total de adxudicación con respecto do proxecto inicial aprobado de 4.418,07 €, cuxo financiamento asume integramente o concello, e que ademais implica un cambio de localización do centro de transformación para adecuar a súa instalación ás esixencias actuais da compañía eléctrica dado o cambio da normativa aplicable

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 19 de outubro de 2020

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno provincial o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Acondicionamento de parcela para zona de ocio e espallamento na rúa Ramón Cabanillas”, do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0360.0, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, que se aprobou polo concello coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables para o cambio de localización do centro de transformación co obxecto de adecuar a súa instalación ás esixencias actuais da compañía eléctrica dado o cambio da normativa aplicable, e que ten un orzamento de adxudicación superior ao do proxecto inicial que é asumido integramente polo concello tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello das Pontes G.R. Código: 2017.3290.0360.0 "Acondicionamento de parcela para zona de ocio e espallamento na rúa Ramón Cabanillas"	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
Préstamo Deputación	179.907,91	128.328,32	179.907,91	128.328,32	0,00
Achega Concello	0,00	0,00	6.193,85	4.418,07	4.418,07
Total	179.907,91	128.328,32	186.101,76	132.746,39	4.418,07

O préstamo provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/9434/82120 do vixente orzamento provincial."

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parque en As Basoñas", do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2100.0050.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Parque en As Basoñas", do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2100.0050.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+ 2019 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que o Concello de Porto do Son adxudicoulle a obra á empresa AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L. co NIF B70311188, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión realizada o 9 de marzo de 2020, e que no día de hoxe consta unha primeira certificación de execución de obra por importe de 29.334,21 €, e unha segunda certificación por importe de 17.421,11 €, ascendendo o total certificado a 46.755,32 €, quedando pendente de certificar 52.793,61 €

Logo de aprobar o Concello de Porto do Son un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 29 de outubro de 2020 polo arquitecto director da obra que xa redactara o proxecto inicial, coa conformidade do representante da empresa adxudicataria e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para adaptar as actuacións previstas no proxecto inicial á realidade do terreo tras o inicio das escavacións e substituír os xogos infantís e biosaudables por outros novos, dada a imposibilidade da súa reparación

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 6 de novembro de 2020

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Parque en As Basoñas”, do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2100.0050.0, que foi aprobado mediante acordo plenario desta deputación do 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 2019/19076, do 31 de maio de 2019, que está adxudicado e certificado parcialmente por importe de 46.755,32 €, que se aprobou polo concello previa conformidade do representante da empresa adxudicataria, cos informes técnicos e xurídicos favorables para adaptar as actuacións previstas no proxecto inicial á realidade do terreo tras o inicio das escavacións e substituír os xogos infantís e biosaudables por outros novos, dada a imposibilidade da súa reparación inicialmente prevista, tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo concello Porto do Son, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Porto do Son **Código: 2019.2100.0050.0** **“Parque en AS Basoñas**	**PROXECTO INICIAL**		**PROXECTO MODIFICADO**		**DIFERENZA**
	Contrata	**Adxudicación**	**Contrata**	**Adxudicación**	**Adxudicación**
Deputación	89.439,01	89.439,01	89.439,01	89.439,01	0,00
Concello	16.864,78	10.109,92	41.990,08	33.638,68	23.528,76
Total	106.303,79	99.548,93	131.429,09	123.077,69	23.528,76

A achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.”

20.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de outubro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de outubro de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de outubro de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña. "

21.- Dación de conta dos expedientes de modificación de créditos de anulación da incorporación de remanentes números 3 e 4, de aprobación pola presidencia.

Dáse de conta do contido dos expedientes de modificación de créditos de anulación da incorporación de remanentes números 3 e 4, de aprobación pola Presidencia.

22.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2020 de aprobación polo Pleno.

INTERVENCIÓNS

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Como xa comentaba na Comisión estamos a falar

dun expediente, todos son importantes, pero neste caso cobra unha importancia e ascende a unha cantidade total de 40.241.000 euros, dos cales unha parte importante, como xa comentaramos na Comisión vai incrementar o Plan único do vindeiro ano, concretamente 30.100.000 euros, máis despois outra cifra, que tamén é moi importante, que son tres millóns destinados ao PEL das cidades, que por primeira vez facemos esta achega, nun momento como o que estamos a pasar e que cremos que a nosa obriga é estar aí.

E tamén, por outra banda, reservamos seis millóns de euros para un programa de infraestruturas e equipamentos de carácter social para as entidades locais, e despois por suposto atendemos tamén peticións dos servizos e adiantamos tamén outras peticións que había xa de atrás. Polo tanto, estamos falando, como dicía ao principio, dun expediente moi especial polas circunstancias que estamos a vivir e, como comentei xa na Comisión, cremos que é moi relevante dentro da economía da Deputación neste momento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 5/020 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe **40.241.404,28** euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**	
CE. Créditos extraordinarios:	6.280.000,00	Remanente de Tesourería:	39.732.546,82
SC. Suplementos de crédito:	33.961.404,28	Baixas por anulación:	508.857,46
Total aumentos:	**40.241.404,28**	**Total financiamento:**	**40.241.404,28**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	**Altas**	**Baixas**
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	0,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	**Altas**
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00

4.	Trans. Correntes	7.487.134,86	0,00	4. Transferencias correntes	0,00
5.	Fondo continx. e	0,00	0,00	5. Ingresos patrimoniais	0,00
6.	Investimentos	280.000,00	0,00	6. Alleamento de	0,00
7.	Trans. de capital	32.474.269,42	508.857,46	7. Transferencias de capital	0,00
8.	Activos	0,00	0,00	8. Act. Finan. (Reman.	39.732.546,8
9.	Pasivos	0,00	0,00	9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:		**40.241.404,28**	**508.857,46**	**TOTAL:**	**39.732.546,8**

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2020 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro. Ademais, a estes efectos hai que ten en conta os acordos adoptados polo Consello de Ministros do 6 de outubro e polo Congreso dos Deputados na sesión do 20 de outubro

sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2020 e 2021 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións nominativas, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, según mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescripcións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso asignarase recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación de excepcionalidade e de interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como ven informando a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate. Esta ven sendo a forma de actuar desde equipo de goberno en relación a calquera expediente no que se advertira tal ausencia da debida xustificación. A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas", de 23 de marzo do presente), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar, debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado, que esta Corporación Provincial pasou, dunha asignación de 25 millóns de euros, a unha asignación de case 100 millóns de euros.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

23.- Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consorcio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consorcio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao terceiro trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

24.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Tomar coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade

autónoma."

25.- Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información do Coste Efectivo dos Servizos da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente Consorcio provincial contraincendiios e salvamento da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información do Coste Efectivo dos Servizos da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente Consorcio provincial contraincendiios e salvamento da Coruña."

26.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias de xestión, recadación e inspección tributaria do Concello de Coristanco.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Coristanco en relación coas seguintes materias:

1) Xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre Bens inmobles, tanto de natureza rústica como urbana, ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

2) Xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre Actividades Económicas ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, así como a facultade para, de acordo co previsto no artigo 92 da Lei reguladora das facendas locais, solicitar da Administración Tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección, e establecer con dita Administración as

oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto.

3) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

4) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

5) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral, tanto o suposto xeral do artigo 24 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

6) Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón:

a) Taxa pola subministración de auga potable.

b) Taxa pola recollida do lixo.

c) Taxa polo servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais.

7) Instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como a súa recadación tanto en período voluntario como executivo.

8) Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

9) A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materias de colaboración e inspección en relación co Imposto sobre Bens Inmobles.

10) Liquidación, recadación e revisión tanto en período voluntario como en período executivo dos ingresos de Dereito Público resultantes da instrución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados do control financeiro, realizado pola Deputación como consecuencia da delegación desa función.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia e as Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

27.- Aprobación da modificación da política de seguridade da Deputación Provincial da Coruña revisada en outubro de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación da política de seguridade da información da Deputación Provincial da Coruña que é do seguinte teor literal:

1. **Introdución**

Este documento constitúe a Política de Seguridade da Información da Deputación Provincial da Coruña, en diante "A Deputación", en cumprimento do artigo 11 (Requisitos mínimos de seguridade do Real decreto 3/2010 do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica) e da medida de seguridade org.1 contemplada no anexo II de devandito Real decreto.

Neste sentido, o mencionado artigo 11 establece que "*Todos os órganos superiores das Administracións públicas deberán dispor formalmente da súa política de seguridade, que será aprobada polo titular do órgano superior correspondente.*"

A estrutura deste documento segue as pautas establecidas pola guía CCN-STIC-805 (publicada polo Centro Criptolóxico Nacional, ente adscrito ao Centro Nacional de Intelixencia) para a redacción da Política de Seguridade no ámbito do Esquema Nacional de Seguridade.

A Política de Seguridade da Información recolle a postura da Deputación en canto á seguridade da información e establece os criterios xerais que deben rexer a actividade do organismo en canto á seguridade.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a calidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas de información deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticidade, trazabilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións da contorna para garantir a prestación continua dos servizos.

Isto implica que se deben aplicar as medidas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade e a Lei orgánica de protección de datos e garantía de dereitos dixitais (en diante ENS e LOPD-gdd), así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas, e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

2. **Misión da Deputación da Coruña**

A Deputación da Coruña é unha institución de goberno local que promove o desenvolvemento e o benestar da cidadanía nos municipios que compoñen a

provincia da Coruña. Actúa prestando servizos directamente aos cidadáns e sobre todo en cooperación cos concellos. A Deputación, ten como misión a asistencia técnica, económica e material aos concellos para que poidan prestar servizos locais de calidade de forma homoxénea en toda a provincia, coordinando servizos e organizando servizos públicos de carácter supramunicipal.

3. Marco Normativo

A normativa a que está sometida a Deputación da Coruña, máis relacionada coa súa actividade, recóllese a continuación (por orde cronolóxica ascendente):

- Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica.
- Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da administración electrónica.
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da administración local.
- Orde HAP/2425/2013, do 23 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2014.
- Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.
- REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4. Política Xeral de Seguridade

O obxecto da presente política é establecer a postura da Deputación respecto da seguridade que afecta os procesos relacionados co desempeño das súas funcións e, moi particularmente, cos relacionados coa administración electrónica, tanto desde o

punto de vista das persoas usuarias dos servizos, como desde o punto de vista interno, para a xestión da propia entidade.
A Deputación utiliza as tecnoloxías da información e as comunicacións para prestar os seus servizos, polo que é consciente de que estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados.
Así mesmo, tamén é consciente de que os incidentes de seguridade poden estar provocados desde lugares remotos, a través das conexións a redes de comunicacións das que se dispón e, moi concretamente, a través das conexións á internet (cíber-ataques).
O fin da política é contrarrestar as ameazas mencionadas anteriormente cos medios suficientes, dentro das posibilidades orzamentarias. Para este fin, establecerase unha estrutura de seguridade, xunto cos mecanismos apropiados para a súa xestión, e un conxunto de instrumentos de apoio de forma que se garanta:

- o cumprimento dos obxectivos da súa misión e de prestación de servizos
- o cumprimento da lexislación e normativa aplicables

Para iso,

- preveranse e despregarán medidas para evitar incidentes de seguridade que puidesen afectar o cumprimento de obxectivos ou poñer en risco a información.
- deseñaranse medidas de resposta ante incidentes de seguridade, física ou lóxica, de forma que se minimice o seu impacto, no caso de que ocorresen.

Como norma xeral, terase un enfoque de orientación ao risco á hora de deseñar as medidas de seguridade necesarias, poñendo máis foco e esforzo na mitigación do que supoña un maior risco.
As distintas unidades baixo cuxa responsabilidade están os servizos prestados deberán contemplar a seguridade desde o mesmo momento en que se concibe un novo sistema ou servizo, aplicando para estes e para os xa existentes, as medidas de seguridade prescritas polo esquema nacional de seguridade para garantir a dispoñibilidade, confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade dos servizos e da información.
Os requisitos de seguridade dos sistemas, as necesidades e requisitos de formación dos usuarios, e as necesidades de financiamento deben ser identificados e incluídos na planificación dos sistemas e nos pregos de prescricións utilizados para a realización de proxectos que involucren ás tecnoloxías da información e comunicacións (TIC).
Débense articular mecanismos de prevención, reacción e recuperación con obxecto de minimizar o impacto dos incidentes de seguridade.
En canto á prevención, débese evitar que os servizos e a información resulten afectados por un incidente de seguridade. Para iso, a Deputación implementará as medidas de seguridade establecidas no anexo II do ENS, así como medidas adicionais que puidesen ser identificadas o proceso de análise de riscos.
En canto á reacción, estableceranse mecanismos de detección, comunicación e xestión de incidentes de seguridade, de forma que calquera incidente poida ser tratado no menor prazo posible. Sempre que sexa posible, detectaranse de forma automática os incidentes de seguridade, utilizando elementos de monitorización dos servizos ou de detección de anomalías e poñendo en marcha os procedementos de resposta ao incidente no menor prazo posible. Para os incidentes detectados polas persoas usuarias, xa sexan internos ou externos, estableceranse as pertinentes canles de comunicación de incidentes.

En canto á recuperación, para aqueles servizos que se consideren críticos, en base á valoración que deles realicen os seus responsables, deberanse desenvolver plans que permitan a continuidade dos devanditos servizos no caso de que, por mor dun incidente de seguridade, quedasen indispoñibles.

5. Alcance

Esta política de seguridade é de aplicación a todos os servizos prestados pola Deputación así como a todo o persoal, sen excepcións.

6. Organización da seguridade

A seguridade na Deputación está soportada sobre as estruturas e roles que se describen a continuación:

- Estrutura de especificación, que é a que se encarga de establecer os requisitos de seguridade asociados aos servizos prestados.
- Estrutura de supervisión, que é a que se encarga de verificar o cumprimento dos requisitos de seguridade e o aliñamento continuo cos obxectivos da organización.
- Estrutura de operación, que se encarga de implantar as medidas de seguridade identificadas.

6.1. Estrutura de especificación

Esta estrutura é a encargada de determinar os requisitos de seguridade que serán de aplicación aos servizos prestados pola Deputación e a garantir o cumprimento normativo asociado que lle é de aplicación, en concreto o Real decreto 3/2010 do 8 de xaneiro polo que se regula o esquema nacional de seguridade.

Forman parte desta estrutura:

- A Presidencia da Deputación.
- Os responsables dos diferentes Servizos da Deputación.
- O Comité de Seguridade.

6.2 Estrutura de supervisión

A estrutura de supervisión da seguridade encárgase de verificar a correcta implantación e operación dos requisitos de seguridade que se estableceron, de cara a manter a aliñación cos obxectivos e de cumprir coas normas e lexislación aplicable.

Na supervisión global de todas as actividades relativas á seguridade da información está o responsable de seguridade da información.

Na supervisión global das actividades relativas á seguridade física está o responsable de seguridade física.

Para a coordinación global e integral da seguridade está o Comité de Seguridade.

As funcións e responsabilidades de cada unha das figuras descríbense a continuación:

6.2.1.Responsable de Seguridade da Información

É responsable da definición, coordinación, difusión e verificación dos requisitos de seguridade da información na Deputación.

Este responsable forma parte do Comité de Seguridade e, por tanto, é o encargado de elevar ao devandito Comité os asuntos de interese relacionados coa seguridade da información.

As súas responsabilidades comprenden:

- Coordinar e controlar as medidas de seguridade da información e de protección de datos da Deputación.
- Supervisar a implantación, manter, controlar e verificar o cumprimento das normas e procedementos establecidos.
- Conseguir que se elabore o presuposto anual de seguridade de tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) da Deputación.

- Definir un modelo de xestión da seguridade aliñado coa estratexia da Deputación en materia de seguridade. A este modelo de xestión chamaráselle SXSI (Sistema de Xestión de Seguridade da Información), independentemente de que estea baseado nas normas internacionais que recomendan como facelo, ou se trate dun modelo diferente.
- Supervisar a implantación práctica da estratexia de seguridade da información da Deputación.
- Supervisar as situacións excepcionais (ou incidentes) de ciberseguridade producidas na Deputación.
- Promover a realización de análise de riscos de seguridade da información de forma periódica.
- Promover e coordinar a realización de programas de formación e sensibilización en materia de seguridade da información.
- Analizar os indicadores de seguridade para medir a eficacia e eficiencia das medidas implantadas.
- Analizar os incidentes de seguridade da información reflectidos nos rexistros destes e verificar que se estableceron os plans para a súa resolución.
- Manter actualizada a documentación asociada á xestión da seguridade da información: normativas, procedementos e rexistros.
- Autorizar por escrito a execución de procedementos de recuperación de datos nos casos en que se requira.
- Colaborar coas auditorías externas/internas en materia de seguridade da información, revisalas e encargar aos responsables dos sistemas a implantación das correccións que se deriven.

Desempeñará o cargo de responsable de seguridade da información o xefe de Servizo de Informática e Administración Electrónica.

6.2.2.Responsable de Seguridade Física

É responsable da definición, coordinación, difusión e verificación dos requisitos de seguridade física das instalacións onde se aloxen os sistemas de información

Este responsable forma parte do Comité de Seguridade e, por tanto, é o encargado de elevar ao devandito Comité os asuntos de interese relacionados coa seguridade física dos locais e as infraestruturas, designados como críticos.

As súas responsabilidades comprenden:

- Identificación de necesidades de seguridade física.
- Conseguir a elaboración dun orzamento anual de investimentos e actuacións en seguridade física.
- Supervisar a instalación e o mantemento posterior dos elementos e servizos destinados á seguridade física.
- Analizar os incidentes de seguridade física que se poidan producir e establecer actuacións para dar resposta a estes.
- Manter actualizada a documentación asociada á xestión da física: normativas, procedementos e rexistros.

Desempeñará o cargo de responsable de seguridade física o xefe de Servizo de Sistemas e Soporte.

6.2.3.Comité de Seguridade

A misión do Comité de Seguridade é a coordinación xeral das actividades que teñen relación coa seguridade integral.

Un obxectivo fundamental do Comité de Seguridade é a posta en común de aspectos importantes da seguridade entre todos os responsables. Con iso evitarase que actividades referentes á seguridade, que poidan afectar a varias ou todas as unidades

da organización, queden sen o suficiente coñecemento por parte dos seus responsables, ou sen o suficiente apoio ou compromiso, prexudicando a eficacia.
As funcións do Comité de Seguridade son:

- Informar regularmente o estado da seguridade á Presidencia.
- Revisar regularmente a política de seguridade e propor cambios, se procede.
- Revisar as normativas internas de seguridade que se poidan derivar da política de seguridade e propolas para a súa aprobación.
- Elaborar e propor os requisitos de formación para a persoal clave que manexa información, sistemas e infraestruturas físicas.
- Asumir o papel de dono dos riscos de seguridade da información (quen ten a potestade para aceptar os riscos residuais sobre os activos), aprobando as apreciacións de riscos realizadas e aceptando o risco residual resultante, no seu caso.
- Aprobar os plans de tratamento de riscos que xurdan por mor das apreciacións de riscos realizadas.
- Seguir o desenvolvemento dos plans de acción aprobados.
- Coordinar as actuacións en materia de seguridade que se poidan estar a realizar en diferentes unidades da Deputación con obxecto de evitar esforzos duplicados ou desaliñados coa política de seguridade
- Analizar incidentes de seguridade significativos. Decidir que facer por mor deles. Algúns poden comportar unha actuación con gasto, nese caso proporíase para a súa aprobación.
- Analizar información de indicadores de seguridade que puidese haber definidos. Tomar decisións en caso de desviación respecto dos limiares establecidos.
- Propor solucións de seguridade que deban ter un orzamento aprobado.

Serán membros fixos do Comité de Seguridade:

- A Presidencia da Deputación
- O responsable de Seguridade da Información
- O responsable de Seguridade Física
- Os responsables dos diferentes Servizos da Deputación

Adicionalmente, poderán asistir ao Comité de Seguridade os responsables das materias específicas a tratar nas reunións, que poderán ser convidados en función do contido da axenda.

6.3.Estrutura de Operación

A estrutura de operación da seguridade debe asumir a administración operativa da seguridade dos sistemas de información, implantando nos devanditos sistemas as medidas necesarias para satisfacer os requisitos de seguridade establecidos pola estrutura de especificación.
Descríbense a continuación as funcións e responsabilidades das figuras asociadas á estrutura de operación.

6.3.1.Responsable dos Sistemas de Información

As súas funcións e responsabilidades son:

- Definir, en coordinación co responsable de seguridade da información, as especificacións funcionais de seguridade dos sistemas de información da Deputación.
- Garantir que no deseño de sistemas de información e redes de comunicacións se contemplen, desde o principio, os aspectos necesarios de seguridade da información en canto a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticación, control de acceso, auditoría e rexistro.

- Revisar que a configuración de seguridade tras a instalación dun sistema novo é a adecuada (perfil inicial de seguridade. Bastionado).
- Revisar que a configuración de seguridade tras os cambios nun sistema segue sendo a adecuada.
- Verificar o funcionamento de mecanismos de control de acceso que eviten que un usuario acceda a datos ou recursos con dereitos distintos dos autorizados, sen que en ningún caso se poidan desactivar.
- Seguir os foros de vulnerabilidades e elaboración do calendario de aplicación de parches para os sistemas de información, en función dos que xurdan e o impacto que teñan na seguridade (os parches mesmos aplicaranos os administradores de sistemas).
- Implantar as medidas de seguridade que resulten dos plans de tratamento de riscos ou plans de accións correctivas por mor das auditorías de seguridade da información.
- Proporcionar datos para a alimentación de indicadores de seguridade da información.
- Supervisar os procedementos de copia de seguridade.
- Realizar auditorías técnicas periódicas da infraestrutura, sistemas e aplicacións.

Desempeñará o cargo de responsable dos Sistemas de Información o xefe de Servizo de Sistemas e Soporte.

6.4.Designación de roles das estruturas de seguridade

Os roles de seguridade asígnanse aos postos organizativos recollidos nos apartados anteriores da presente Política de Seguridade, quedando automaticamente designados os seus titulares en cada momento.
Establécese que o Comité de Seguridade é o órgano con potestade para modificar a designación de roles establecida anteriormente. En caso de modificación, recollerase a mesma na acta da sesión correspondente, que constituirá o documento xustificativo en tanto se realice unha revisión do presente documento de Política de Seguridade.

6.5.Mecanismos de coordinación e de resolución de conflitos

A coordinación entre os diferentes roles participantes das actividades de seguridade así como a resolución de conflitos que puidesen xurdir entre eles levarase a cabo no seo do Comité de Seguridade.

7. Funcións e obrigacións

Á marxe das funcións e atribucións que atinxen ao persoal que integra o esquema organizativo responsable da seguridade, establécense a continuación as obrigacións do persoal da Deputación así como daqueles terceiros que teñan acceso aos seus sistemas de información.

7.1.Funcións e obrigacións do persoal

Todo o persoal da Deputación ten a obrigación de coñecer a política de seguridade e cumprila. O Comité de Seguridade disporá os medios para que esta política chegue aos afectados.

7.2.Funcións e obrigacións de terceiras partes

As terceiras partes (entidades externas á Deputación) que estean relacionadas coa xestión, mantemento ou explotación dos servizos prestados pola Deputación serán feitos partícipes desta política. As terceiras partes quedarán obrigadas ao cumprimento desta política e ás normativas que se poidan derivar dela.

As terceiras partes poderán desenvolver os seus propios procedementos operativos para satisfacer a política.
Deberanse establecer procedementos específicos de comunicación de incidencias para que os terceiros afectados poidan reportalas.
O persoal das terceiras partes deberá recibir sesións de concienciación, tal como se esixe para o persoal propio.
Cando algún aspecto desta política non poida ser satisfeito por unha terceira parte, o responsable de seguridade deberá realizar un informe do risco en que se incorre. Ese risco deberá ser aceptado polo Comité de Seguridade.

8. Formación e concienciación

Con carácter periódico, determinado polo Comité de Seguridade, a proposta do responsable de seguridade, realizarase unha acción de formación e concienciación en materia de seguridade.
O obxectivo da acción formativa e de concienciación é dobre:

- manter informado o persoal máis directamente relacionado co manexo de información e os sistemas que a tratan sobre os procedementos existentes de seguridade, riscos, medidas de protección, plans de protección, etc.
- concienciar o persoal en xeral da importancia da seguridade e dos procedementos básicos de manexo e intercambio de información.

O primeiro obxectivo asóciase a formación e o segundo a concienciación.
Realizarase unha sesión inicial de concienciación en materia de política de seguridade da información, á que deberá asistir todo o persoal da Deputación.
As persoas con responsabilidade no uso, a xestión, mantemento ou explotación dos servizos soportados nas TIC recibirán formación para o manexo seguro dos sistemas, na medida en que a necesiten para realizar o seu traballo. A formación será obrigatoria antes de asumir unha responsabilidade, tanto se é a súa primeira asignación ou se se trata dun cambio de posto de traballo ou de responsabilidades nel.

9. Xestión de riscos

Os servizos e infraestruturas baixo o alcance da presente política deberán estar sometidos a unha análise de riscos para orientar as medidas de protección para minimizar estes.
Como metodoloxía base para a realización das análises de riscos utilizarase Magerit, sendo esta metodoloxía a máis recomendable para o sector público nacional.
Utilizaranse, como punto de partida, o catálogo de ameazas de seguridade previsto na metodoloxía.
A análise realizarase:

- regularmente, unha vez ao ano.
- cando haxa cambios nos servizos esenciais prestados ou cambios significativos nas infraestruturas que os soportan.
- cando ocorra un incidente de seguridade grave.
- cando se identifiquen ameazas severas que non fosen tidas en conta ou vulnerabilidades graves que non estean contrarrestadas polas medidas de protección implantadas.

De acordo coa escala de riscos da metodoloxía MAGERIT (metodoloxía de análise e xestión de riscos elaborada polo Consello Superior de Administración Electrónica), o nivel de risco deberá situarse por baixo de nivel ALTO para considerarse de forma automática como aceptable (o risco residual máximo debe ser MEDIO). Valores de risco residual maiores a MEDIO deberán ser aceptados explicitamente polo Comité de Seguridade, logo da xustificación previa da conveniencia da súa aceptación.

Para os valores de risco residual que non sexan aceptables deberase elaborar o correspondente Plan de tratamento que permita levar os valores de risco a valores aceptables.

10. Datos de carácter persoal

A Deputación só recollerá datos de carácter persoal cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos e estes estean en relación co ámbito e as finalidades para os que se obtiveron. De igual modo, adoptará as medidas de índole técnica e organizativas necesarias para o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos.

11. Desenvolvemento da política de seguridade

Esta política de seguridade desenvolverase mediante a elaboración doutras políticas ou normativas de seguridade que aborden aspectos específicos. Por mor das devanditas políticas e normativas poderanse desenvolver procedementos que describan a forma de levalas a cabo.

A documentación de políticas e normativas de seguridade, así como esta política de seguridade estará ao dispor de todo o persoal da organización que necesite coñecela e, en particular, o persoal que utilice, opere ou administre os sistemas de información e comunicacións ou a información mesma albergada nos devanditos sistemas ou os servizos prestados pola Deputación.

12. Revisión e a probación

A presente política de seguridade será revisada con carácter anual polo Comité de Seguridade."

28.- Dación de conta da aprobación do orzamento/plan de actuación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña "FAEPAC" para o exercicio 2021.

Dáse conta da aprobación do orzamento/plan de actuación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña "FAEPAC" por un total de 249.713,83 euros, aprobado no padroado da Fundación por unanimidade na sesión celebrado o 13 de novembro de 2020.

O orzamento aprobado é o seguinte:

PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS 2021 FAEPAC					
GASTOS / Inversións (euros)					
	Xestor Enerxético	**Asesoría Enerxética**	**Pobreza Enerxética**	**Outras Actividades**	**TOTAL**
Gastos por axudas e outros					
a)Axudas monetarias					
b)Axudas non monetarias					
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno					
Variación de existencias de					

productos rematados e en curso de fabricación					
Aprovisionamentos	1.353,72	9.180,00	451,24	4.387,78	15.372,74
Gastos de persoal	0,00	22.993,46	0,00	146.234,12	169.227,57
Outros gastos da actividade	16.769,67	22.359,56	5.589,89	16.289,78	61.008,90
Amortización inmovilizado	0,00		0,00	2.243,25	2.243,25
Deterioro e resultado por enaxenación de inmovilizado	0,00			0,00	0,00
Gastos financeiros	0,00			229,38	229,38
Variacións de valor razonable en instrumentos financeiros	0,00			0,00	0,00
Diferenzas de cambio	0,00			0,00	0,00
Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros	0,00			0,00	0,00
Impostos sobre beneficios	0,00			10,99	10,99
Subtotal gastos	18.123,39	54.533,02	6.041,13	169.395,29	248.092,82
Adquisicións de Inmovilizado (Excepto bens Patrimonio Histórico)	1.621,01		0,00	0,00	1.621,01
Adqusicións Bens Patrimonio Histórico					0,00
Cancelación deuda non comercial					0,00
Subtotal investimentos	1.621,01				1.621,01
TOTAL	19.744,40	54.533,02	6.041,13	169.395,29	249.713,83

INGRESOS	**Importe**
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	
Ventas e prestacións de servizos das actividades propias	11.537,17
Ingresos ordinarios das actividades mercantiles	
Subvencións do sector público	50.000,00
Aportacións privadas	
Outro tipo de ingresos	188.176,66
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	249.713,83

RESULTADO	**0**

29.- Aprobación inicial da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2021

INTERVENCIÓNS

Sr. Leira Piñeiro

Grazas, presidente, simplemente é unha corrección de erros, dentro da Relación de postos de traballo, que no código número 1.1.15.173, que é o posto de administrativo de Información e Actas, verán que en observacións na actualidade pon "Xornada de mañá con sábados alternos e limitación da flexibilidade ou conciliación", aquí hai un pequeno erro, porque isto, onde pon observacións hai que corrixilo, para que diga que os sábados permanecerá pechado, e farase de forma telemática, simplemente para que o soubesen vostedes.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, e a abstención do PP, acorda:

"Vistas as peticións formuladas dende os diferentes servizos/unidades en relación co asunto de referencia e que obran no presente expediente, este Servizo formula o seguinte informe-proposta:

I.- ANTECEDENTES.

A Oficialía Maior manifesta que na sección de Información e actas existen actualmente dúas xefaturas de negociado cubertas en comisión de servizos, e que á vista da evolución do traballo dende que se cubriron temporalmente os ditos postos resulta de mais interese para a Sección transformar a Xefatura de negociado II nun posto de Técnico de xestión de administración xeral.

Por outra banda, dada a escasa afluencia de usuarios na oficina de atención cidadá os sábados non parece adecuado manter a xornada actual nos postos da sección.

En relación ao Arquivo Provincial, propón o seu reforzo coa creación dunha praza e posto de auxiliar de arquivo por transformación dunha vacante de subalterno nos Servizos internos, así como a transformación da Xefatura de negociado, actualmente vacante, nun posto de Axudante de arquivo e biblioteca.

Dado que o Parque móbil conta na actualidade con persoal administrativo, a figura do condutor coordinador deixa de ser necesaria, permitindo o mellor cumprimento da súa labor principal ao non ter que compatibilizar ambas funcións.

A fin de cubrir as vacantes ou ausencias temporais que se producen nos distintos postos de ordenanza e para facilitar a mobilidade entre os ditos postos cando a operatividade do traballo así o esixa, proponse que o posto de ordenanza que actualmente está adscrito ao Arquivo, pase a Servizos internos.

O Servizo de Arquitectura e mantemento manifesta a necesidade de que o Centro de menores de Ferrol conte permanentemente con persoal de mantemento, polo que propoñen a adscrición dun posto de Operario de servizos I ao dito centro.

Dende a Tesourería Provincial proponse amortizar o posto de Recadador existente na zona 3, que quedará vacante próximamente, e crear no seu lugar un posto de Xefatura territorial de zona, para dar cumprimento á reserva competencial a favor dun funcionario publico e homoxeneizando desta maneira a súa estrutura organizativa, xa que o dito posto de Recadador era o único existente, estando na actualidade todas as zonas recadatorias baixo a xefatura dun/ha Xefe/a territorial de zona.

Na Biblioteca Provincial existe na actualidade un posto vacante de Operario auxiliar de servizos de biblioteca (subgrupo C2). Tendo en conta a necesidade de persoal específico para que atenda os servizos auxiliares do centro solicitan que o dito posto se transforme nun Auxiliar técnico de biblioteca (subgrupo C1).

Por Resolución de Presidencia nº 18227/2020 de 12/06/2020 adscribíuse provisionalmente a varios postos da Biblioteca Provincial ao Arquivo Provincial e ao Servizo de desenvolvemento territorial e medio ambiente e por Resolución nº 18228/2020 da mesma data adscribíuse funcionalmente un posto de traballo de analista técnico da zona recadatoria 2 á Sección de asistencia á xestión e procedementos tributarios, Servizo de recadación. Pois ben, en vista de que as ditas adscricións redundan nun mellor cumprimento dos obxectivos asignados ás ditas unidades, proponse a adscrición definitiva dos ditos postos aos servizos indicados en sendas resolucións.

En base aos seguintes

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Artigo 33.2.f da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo.

Artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Á vista do exposto, ACÓRDASE

1. Realizar as seguintes adaptacións no cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama:

SECCIÓN DE INFORMACIÓN E ACTAS

Transformar o posto de Xefatura de negociado II (código 1.1.354.1) nun posto de Técnico de xestión de administración xeral, subgrupo A2, mantendo a praza asociada de Técnico de xestión a. x., subgrupo A2.

Eliminar dos postos adscritos á Sección de información e actas a Xornada de mañá con sábados alternos.

PARQUE MÓBIL

Transformar un posto de Condutor coordinador con código: 1.1.411.1, nun posto de Condutor.

ARQUIVO

Transformar un posto de Xefatura de negociado de arquivo (código 1.1.307.1) con praza asociada de Técnico de organización, subgrupo A1, nun posto e praza de Axudante de arquivo e biblioteca, subgrupo A2.

Transformar unha praza e posto de Subalterno, actualmente vacante en Servizos internos (código de posto 1.1.11.2) nunha praza e posto de Auxiliar técnico de arquivo, subgrupo C1, adscrito ao Arquivo Provincial.

Adscribir a Servizos internos o posto de subalterno con código 1.1.11.25 que está actualmente no Arquivo.

BIBLIOTECA

Modificar a denominación do posto de Arquiveira-Bibliotecaria na RPT por Bibliotecaria, xa que se axusta mellor ás funcións que ten asignadas ao non realizar ningunha función relacionada co arquivo, manténdose a denominación actual da praza asociada a este posto: Arquiveira bibliotecaria.

A nosa é unha emenda modesta, de só 1.000.000 de euros, como corresponde, pensamos, ao peso político do noso Grupo en esta Cámara, é unha emenda responsable que dá baixas onde o orzamento inicial aparece inflado, e altas para reforzar sectores económicos que poden axudarnos a saír da crise, como son o cultural, reforzando a partida de bolsas de acción de estudos, o primario, coma esa, propoñémoslle para, senón nesta ocasión, máis adiante, á Presidencia da Deputación ampliar o PEL tamén no sector agrario, neste caso cunha partida para solucionar a compra e reposición de maquinaria agrícola. E tamén finalmente destinamos outros 200.000 euros a un programa para a ampliación do camiño dos faros entre A Coruña e Malpica, fomentando o turismo verde e sostible que entendemos que ten desde logo moitas opcións de sobrevivir a esta crise, ao escenario que vén despois da crise.

É unha emenda, en definitiva, e traémola aquí con ánimo construtivo, que pensamos que pode ser perfectamente aprobada por todos os membros desta cámara e que, en caso contrario esperamos, aspiramos a que o Goberno poida incorporar o seu contido en modificativos de crédito posteriores. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día de novo. Sinceramente, estou un tanto sorprendido porque non esperaba,, teño que recoñecer que non esperaba esta intervención, e así o digo sinceramente, porque Alberto, ti sabes perfectamente que hai máis de 15 días que tes a documentación e estiven en contacto continuo contigo como con todos os Grupos, a miña intervención tamén de agradecementos foi nese sentido, e polo tanto, tamén o teño que dicir. Recollín as túas opinións en cada momento e creo que incluso tivemos distintas conversas sobre distintos temas dos orzamentos, e digamos que a maior sorpresa xa é cando, en menos de vinte catro horas, vexo esta emenda, e vexo esta emenda que en ningún caso nas conversas que tivemos fixeches mención a ela. En calquera caso estás no teu dereito, faltaría máis, e a miña gran sorpresa tamén desta emenda que o que ti estás propoñendo é que retiremos unha cantidade dun millón de euros, que é dunha competencia propia da Deputación, como son as estradas, e no que aquí os Grupos desta cámara vimos demandando que o orzamento en estradas, sempre escaso, e é certo que inicialmente sempre vai cunha cifra que vamos ao longo do ano incrementando, pero, non obstante, ti aquí o que nos propós é unha emenda a menos de vinte e catro horas, a cal xa che digo neste momento que é imposible de aceptar. Non cabe dúbida que se pode falar das suxestións que ti nos propós, pero nunca baixando ese millón de euros das estradas provincias e, por outra banda, o que nos propós son tres cuestións, son 200.000 euros para bolsas de estudo, 600.000 euros para un PEL rural e 200.000 euros para un estudo da demarcación do camiño dos faros, e ben, eu tómoo por suposto con moita vontade, de diálogo, e sabes que iso é así, e son sincero, e que ese diálogo está aberto desde xa, non ao longo do ano, desde este momento para poder facer, a ver que se pode facer neste sentido.

Pero o que é curioso é que ningunha destas tres propostas son competencias directas da Deputación. Por un lado, disnos que quitemos un millón de euros dunha competencia propia da Deputación para levalo a competencias que son impropias da Deputación que, repito, imos atendelas e imos estudalas nos distintos departamentos, como se merecen, pero simplemente un apuntamento. Xa en bolsas esta Deputación no ano 2020 puxo unha cantidade de 340.000 euros aos que podiamos tamén sumarlle as bolsas para deportistas, e no ano 2021 eses 340.000 euros se van converter en 450.000 euros.

Con respecto ao PEL Rural, imos ver, o PEL Rural, dentro da definición desta partida que ti nos propós de 600.000 euros, que é para reposición de maquinaria agrícola, imos ver, agora mesmo estás falando do Plan único e o Plan único xa comprende calquera tipo de actuación neste sentido. Polo tanto, pero sen quitarlle un ápice á túa achega, o noso compromiso por suposto, como con todas as suxestións que nos facedes os Grupos, e ti en concreto, estamos a disposición de poder estudalas, pero nunca aceptar isto como emenda.

En canto, despois, á túa intervención, simplemente dicir que creo recordar, ou perdón, gustaríame recordar, que imos ser a primeira administración, porque nin a administración autonómica, nin a administración estatal, ten neste momento orzamentos, e home, o que acabas de dicir é unha verdade a medias, porque si que a partir do mes de xaneiro os concellos van saber o que lles vai tocar, ou a distribución que van ter por parte da Deputación provincial. E cando falas de moitas convocatorias, home, agora mesmo estamos falando de algo tan importante como é

para a cidadanía da provincia da Coruña e, sobre todo, para os concellos, estoume referindo ao POS+ que está aglutinando precisamente un montón de convocatorias neste programa.

Polo tanto, creo que as cousas estanse facendo relativamente e aceptablemente ben. Non cabe dúbida que queda moito por mellorar, e nesa capacidade de mellora, aí si que nos encontraremos. E cando falas da baixa execución da Deputación, claro, ti estás falando dunhas cifras a 31 de agosto, e ti sabes perfectamente cales son as cifras a esta altura, co cal, tamén, con todos os respectos do mundo, non deixa de ser outra verdade a medias.

En calquera caso, tomo a túa intervención e a túa suxestión, como sempre, con total capacidade de diálogo para o que precises en cada momento. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas. Antes que nada, ao compañeiro Leira o máximo respecto persoal e o máximo aprecio profesional, eu creo que é perfectamente consciente das dúas cuestións, non debe tomar isto en ningún caso coma unha crítica ao seu labor, porque sería completamente inxusto, e non é o que eu pretendía coa miña achega, compañeiro Antonio.

Digo que hai dúas maneiras de recoller as achegas do resto das forzas, do resto de forzas do Pleno, unha un diálogo previo, previo á presentación do orzamento, ou dúas, mediante emenda. Polo tanto, non hai que entender esta emenda como unha agresión, nin hai que entender esta emenda como unha acusación ao Goberno, senón que é a tentativa que modestamente ten este Grupo provincial de facer achegas ao orzamento, porque non hai, non existiu outra. Entón, non é ningunha crítica a ti persoalmente, desde logo, nin ao teu traballo que creo que está fóra de toda dúbida o teu compromiso e o teu traballo, senón compañeiro Antonio que non habendo un trámite previo de achega ao orzamento antes da súa presentación, o que só quedan son achegas a posteriori da presentación, vía emenda, caramba!, eu non sería crítico co procedemento que nós seguimos neste caso porque creo que non sería xusto, máis alá da súa legalidade, e máis alá doutras cuestións formais, falo en canto á relación de honestidade e diálogo entre as partes. Ou hai un trámite previo de diálogo ou hai unha emenda, non hai outra solución, ou polo menos eu descoñézoa.

En canto ao contido da propia emenda, co que ten que ver coas competencias propias e impropias da Deputación, do que se detrae dese Plan de obras e servizos, que tiña unha execución aproximadamente de dous millóns de euros, de dezaseis de dotación inicial a 31 de agosto, a que lle poderán sobrar, aventuro, a 31 de decembro, máis da metade, o que detraemos desa partida que é unha competencia propia da Deputación, destinamos ese millón de euros a tres liñas de traballo que xa vén mantendo a Deputación, en tal caso será a Deputación quen ten unha praxe de mantemento de competencias impropias, porque nós non creamos ningunha partida nova, propoñemos que se dote de máis tres liñas que xa existen de traballo e no orzamento desta casa. Unha é o PEL, cunha liña nova para financiamento de reposición de maquinaria agrícola, aquí, evidentemente, hai un foco posto, que me parece normal, na hostalería, no comercio, digamos nos sectores económicos máis

golpeados pola crise, e entendemos que tamén se pode optar, e este é un debate lexítimo, optar por incentivar o consumo naqueles sectores que de momento non entraron en crise, eu entendo que moitas persoas que formen parte, que escoiten este debate, pareceralles máis que razoable esta proposta.

As outras dúas liñas de traballo que propoñemos son, unha destinar 200.000 euros máis á liña de bolsas para ampliación de estudos, de cultura, que xa existe, polo tanto, non estamos creando competencias impropias, estamos dotándoas de maiores recursos porque pensamos que existe esta demanda, porque se nos trasladou, e pensamos que, de feito, dada a situación que van padecer o sector da cultura o ano que vén, é unha das poucas vías que teñen pola que poden seguir operativos, mediante os programas de bolsas. E, por último, outro programa, a última que propoñemos, que é algo que xa temos falado no seu momento co compañeiro Xosé Regueira, que está completamente de acordo e que de feito é unha liña de traballo que compartimos, que é a de ampliar o camiño dos faros porque para nós, e creo que tamén para o resto de representantes dos concellos polos que podería pasar este camiño dos faros, é unha anomalía que o faro de Fisterra non se conecte coa Torre de Hércules, iso eu creo que non é nada estraño, estrambótico, eu penso que é unha emenda moi modesta no seu alcance, e moi, creo que máis razoable no seu contido, que non crea ningunha competencia impropia, porque alimenta, ou dota de máis recursos competencias que xa existen, e que non ten máis ánimo que o que dixemos, que é un ánimo construtivo.

Finalmente, en canto á execución do orzamento, é que aí é moi complicado porque os números non son debatibles, é dicir, aquí vai haber unha liquidación do orzamento a 31 de decembro, como a houbo no 19, cunha cifra baixa de execución, e isto ten sido recoñecido publicamente pola dirección da Deputación, non é unha acusación que faga eu, é algo do que se é consciente, e ademais cónstame que é recoñecido como algo que hai que corrixir e que hai que mellorar. Nós pensamos ademais que coa relaxación, ou coa flexibilización das ferramentas de control de gasto que se facilitaron, tanto desde Bruxelas, como parece que se vai facilitar desde o Estado, coa reforma da Lei de contratos e coa Lei de subvencións, parece que tal vez estamos ante unha oportunidade para, por fin, que esta casa deixe de pagar xuros polos seus depósitos bancarios e, desde o meu punto de vista, que creo que é un punto de vista que pode compartir a xente que se posiciona nun ámbito de esquerdas, ao mellor pagar xuros por débeda, estamos nun período de crise, creo que entra dentro do razoable, e entra dentro tamén da nosa tradición histórica que o público, o Estado, teña un rol protagonista, combate a un momento de baixada do consumo e de baixada da actividade económica, e que nós teñamos unha actitude contracíclica digamos no horizonte inmediato, e que polo tanto non sexamos unha administración que aforra e que ten que pagar, e isto é inxusto, desde logo non é responsabilidade desta casa, que teña que pagar polos xuros impostos, senón que sexa unha administración que se endebeda, eu creo que isto é o horizonte desexable, creo que o outro discurso tal vez non é o discurso que nos toca a nós.

E finalizo, eu, Antonio quero finalizar cunha mención persoal a ti, eu creo que es dos deputados que máis traballa, dos máis comprometidos, absolutamente dialogante, simplemente digo, compañeiro, que non habendo un trámite previo de diálogo, a outra opción que hai é unha emenda, e que en ningún caso che diría que o entendas como un reproche persoal porque está absolutamente moi afastado de

calquera visión que teña eu persoal e profesional túa.

Sr. García Seoane

Estamos celebrando un Pleno, dos máis importantes do ano para o ano que vén, ao estar tramitándose os orzamentos. Desde o punto de vista de cada un dos que estamos presentes na Deputación, seguro que fariamos orzamentos distintos nalgúns aspectos, valorando máis unhas cousas que outras, pero no conxunto eu non teño nada que dicir, si que aqueles novos plans que se prevexa facer que non sexan plans de dádivas, de comprar xente, eu odio que se compre desde a política aos empresarios, hai empresarios neste momento, eu falo do meu concello, que están en ERTE e non queren abrir aínda que lles deixaran abrir agora, porque gañan máis pechados algúns deles, porque non son profesionais, porque aos verdadeiros profesionais ao final non lles toca, como aquí por exemplo un gran restaurante que hai no Concello de Oleiros, non pode pedir a subvención do Plan da Deputación-Concellos porque ten once traballadores en vez de dez, é tremendo, once traballadores no cadro de persoal, coas portas pechadas e non se pode.... En cambio outros que teñen un contrato dun local e se deron de alta no seu momento, a chupar cartos de aquí, a chupar cartos dos concellos, da Xunta, da Deputación e do Estado. Eu estou en contra das dádivas, o estarei sempre e direino en cada momento, en cada plan que se faga desde a Deputación. Creo que hai que promover o traballo, e o traballo se promove con obras, con obras e servizos, non con dádivas, non con isto de darlle agora a algún concello, como foi hoxe, aprobouse un tema de darlle un millón para que a xente vaia tomar copas nos bares, a min paréceme indignante, paréceme totalmente indignante. Hai que darlle o diñeiro ás persoas que están pasando fame, ás persoas que teñen fillos con problemas, que non teñen para pagar as rendas, que o están pasando mal, pero non tirar os cartos desa forma. Polo tanto, eu estarei sempre en contra dese tipo de políticas.

Hai un tema que eu desde que estou na Deputación, cando estiven xa no ano 79, e desde que estou na anterior Corporación e nesta, sempre demandei da Deputación que abordara aquelas cousas que son da súa competencia. Ás veces os técnicos fan reparos porque tomamos acordos que entenden os técnicos que non se axustan á legalidade e que, por tanto, non son obriga da Deputación eses gastos, aínda que hai matices e eu matizo tamén algúns deses acordos e discrepo nalgúns temas, noutros doulles totalmente toda a razón. Pero o que non pode ser, xa digo, é que a unha partida, e aquí quero comentalo ao compañeiro Alberto, eu no estou de acordo en reducir para nada, para nada, cartos da partida das obras públicas directas da Deputación, porque esa é a obriga principal e desde o meu punto de vista a máis abandonada. Desde o meu punto de vista estamos falando dun problema de mil e pico quilómetros de estradas que ten a Deputación, que pasan por vilas, parroquias e aldeas da nosa provincia, e que teñen necesidade de mellorarse en moitos aspectos.

Por tanto, estamos a aprobar uns orzamentos que, unha vez máis, desde o meu punto de vista, non apostan polas obrigas que ten a Deputación na mellora das estradas e travesías ao seu paso por estas vilas e aldeas que estaba comentando. Rúas estreitas, nas que en moitos casos non se cruzan dous coches, e sodes conscientes vós diso, estradas carentes de beiravías para os peóns, xóganse a vida circulando en moitas aldeas e parroquias por esas estradas, desprazándose dun lugar a outro os veciños a nivel peonil, travesías urbanas carentes de beirarrúas e

iluminación, centos de postes de Fenosa e Telefónica que impiden calquera mellora dos viais e tamén o tránsito das persoas cando van por esas corredoiras, que non son estradas, son verdadeiras corredoiras, o desastroso mantemento de cunetas. Nós temos un plan, que son oito millóns, se non recordo mal, para manter as vías provinciais, pero non estamos sendo celosos no cumprimento dos contratos cando os levamos adiante, non estamos sendo celosos. Antigamente limpábanse as cunetas e retirábase o resto das terras que sobraban nas cunetas e se levaban onde había que levalas, e a auga discorría polas cunetas, agora non hai cunetas, agora van, pasan, corta a herba, queda a herba alí, cada día máis, vaise sementando, e vaise ademais distribuíndose esa peste, que eu denuncie varias veces, como é o famoso plumacho, a cortadeira seonlla, ou non sei como lle chaman alá pola Arxentina, esa planta que está acabando de degradar estas contornas destas estradas, tampouco vexo eu moita vixilancia nese aspecto. Hai unha inexistencia dun plan.

Falouse moitas veces, falouno o Partido Popular, falouno o Goberno actual pero resulta que eu levo xa cinco anos e medio na Deputación, neste tempo, e fálase dun Plan para entregarlle vías aos concellos, que por certo estao facendo a Xunta, e nós na Deputación non somos capaces de facer un plan para recoller os concellos algunhas vías que son realmente vías urbanas totalmente. Eu teño varios casos en Oleiros, varias veces o comentei, o acceso que vai á praia de Bastiagueiro, 200 metros, o acceso que vai desde o centro de Santa Cruz ao Castelo de Santa Cruz que era a ruta que tiña desde o Pazo de Meirás ata o Castelo de Santa Cruz, que tamén era da mesma dona, e nós acabamos de rehabilitar totalmente e poñelo marabillosamente con unha zona peonil, sen permiso da Deputación, porque se llo pido xa non o fago, paguei a obra totalmente, está aí, e segue sendo da Deputación. A estrada que vai para o alto de Perillo, que vai desde a nacional VI ata o alto de Perillo, que a arranxamos nós tamén continuamente, e non se nos dá entregado, entre outras, e a Avenida de Santa Cristina, que é da Deputación, que cando había un presidente que se chamaba Marfany, abordouse a urbanización desa estrada, que é unha travesía, onde miles de veciños de toda a comarca da Coruña se dan cita a diario nesa zona, pois arranxouse naquel entón, e desde aquel entón ata hoxe é o Concello de Oleiros quen o mantén. Agora, esas vías que había que entregalas ao concello, sen máis, cando digo entregalas, "non, é que Santa Cristina custa, nas pesetas antigas, cen millóns de pesetas", traducilo en euros, cen millóns, claro, é que as beirarrúas son vergonzosas, están rotas por todos os lados, unha obra que se fixo maxistral no seu día polo presidente da Deputación, hoxe parece un arrabalde, un arrabalde que ademais os concelleiros do PP e do PSOE continuamente neste concello estanme chamando a atención, "rexeneración de Santa Cristina", rexeneración, fágano vostedes cos seus donos, cos seus xefes políticos, que son os responsables desta travesía. Quen di isto, o mesmo que me pasa a min pasaralle a algúns outros noutros municipios.

Polo tanto, eu creo que ese plan que tanto se leva falando del, ten que ver a luz do día, non se pode estar máis tempo así, e por tanto asumir os concellos iso, sacarlle unha carga definitiva á Deputación, e levar adiante a xestión municipal.

E logo hai a mellora e ampliación de pasos fluviais e pontes. Se andamos por aí, eu camiño por toda Galicia, e hai cantidade de pontes pequeniñas que vas por unha estrada estreita de catro metros e medio, e cando chegas á ponte ten que parar un coche doutro lado e outro para pasar, eses casos hainos a centos tamén por toda

Galicia. Por tanto, todo isto é o que hai que mirar para que as cousas, os veciños teñan mellores servizos e ademais hai recursos, que agora vou falar deles. Neste plan de marras que estou a falar, dise "vén o lobo, vén o lobo", o lobo non dá vido, a ver cando vén o lobo e nos come a todos, ten que vir o lobo, non anuncien que vén o lobo, que nos van coller as rúas, veñan xa, traian o lobo que xa traeremos a escopeta para cazalo e, polo tanto, facer a obra en cuestión.

A Deputación ten unha cantidade de diñeiro importantísima, un diñeiro que é do pobo, e que ten a Deputación, boa xestión, mediana xestión ou marabillosa xestión, ten un superávit moi grande e ten uns remanentes moi grandes, que falaba antes o compañeiro Alberto que estamos pagándolle aos bancos un diñeiro esaxerado por manter ese diñeiro nos bancos. Había problemas cos remanentes, Madrid era a culpable de todo, agora xa Madrid non é culpable, eu espero que nestes dous anos nos que Madrid non é culpable, teñamos a capacidade e a valentía de xestión desde o Goberno da Deputación, e comigo contarán indubidablemente para todo, coller unha parte deses remanentes e dedicalo dunha vez a estas cousas tan importantes que estou a falar, a obra pública, primeiro da Deputación, e logo a colaboración tamén, como non, cos concellos, noutros aspectos, pero o diñeiro non pode seguir no banco, apodrecendo para engordarlle o cu aos banqueiros, iso on pode seguir sendo así, é unha vergoña total, por tanto, collamos eses remanentes, sentémonos e fagamos un investimento importante na obra pública, nas estradas desta provincia que o necesita moitísimo.

Eu vou votar o orzamento a favor e eu espero que no ano que vén, cando nos reunamos para falar de ampliación de créditos, nunha desas ampliacións, antes que despois, veña sentarse a falar canto diñeiro se vai investir nas vías provinciais, nas melloras de vías provinciais, en combinación cos concellos e a Deputación que é a súa obriga.

Polo tanto, o meu voto vai ser favorable pero, insisto, non pode ser que sigamos mantendo a situación deste modo, dalgún modo enganados, no meu caso totalmente, porque non dá visto a luz do día as propostas que fago.

Sr. presidente

Evaristo poñía un xesto, imos de menor a maior, se queres intervén xa. María, que Evaristo acepta.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todas e a todos. Realmente na miña intervención tiña a pretensión de ser breve e centrarme principalmente naqueles aspectos que me parecían relevantes, tanto para o momento de presentar esta proposta de orzamento, e tamén un pouco deses compromisos e retos aos que entendo que a proposta que se presenta fai fronte e que se presenta un documento de orzamentos á altura das circunstancias e retos a nivel social e municipal que estamos vivindo.

Levamos todo un ano 2020 abondando no discurso do enorme esforzo dos retos aos que se tiveron que enfrontar cada concello. Eu creo que unha das liñas que realmente define a actuación política desta Deputación desde hai cinco anos é, sen

lugar a dúbidas, o compromiso cos concellos procurando achegar transferencias que garantan esa autonomía municipal e que, por tanto lles faciliten planificar e organizar as súas actuacións, para o cal parecía evidente, nun momento coma este e prevendo un ano 2021 complexo, poder achegar esa documentación, esa información, a altura de novembro, que é a que se esperaba, non podemos obviar, considero que xa o dixo o compañeiro Leira, que van ser os datos de achega por parte dunha administración dos que dispoñan a esta altura os concellos da provincia da Coruña para a planificación das súas actuacións.

Quixera destacar, e comparto, evidentemente, que as achegas, que todo pode ser mellorable, e que dependendo de cada sensibilidade queiramos poñer máis o foco nunha cuestión ou outra. No momento que estamos vivindo resultaba evidente que o orzamento que se presentara tiña que ser ademais unha resposta clara e contundente na que se deixara claro a disposición por parte desta Deputación, tanto para os concellos como para as problemáticas da poboación en xeral e entendo que así o fan estas contas. Sen querer redundar no discurso de Leira, hai que ter en conta que co EMC 4, co EMC 5 e co que se recolle no documento que se vai poñer a disposición dos concellos da Coruña a cifra de 120 millóns de euros, cando estamos presentado un documento de orzamentos de 184.500.000. Considero que é un esforzo importante para redundar, tanto na atención ás dificultades e tamén á dinamización da economía, e como non, efectivamente, a poder desenvolver proxectos que redunden no benestar e na calidade de vida dos veciños a través de diferentes investimentos que cada concello poderá decidir en función das súas necesidades.

Eu realmente, sen entrar en moita máis discusión, considero importante poñer de relevo estar á altura das circunstancias e manter o compromiso de investimento evidentemente naquelas cuestións, como ben dicía Leira, que son a nosa competencia propia, evidentemente, aumentar o esforzo e a definición e relación, evidentemente, ao que é o mantemento de obras das vías propias da Deputación, que non queda en cuestión no documento de orzamentos, mais si que introduce cambios tan relevantes, e que tamén son competencia propia, como é ese reforzo de todo o que ten que ver con cuestións sociais, tanto para a planificación de proxectos que permitan adaptarse á realidade de cada concello, a través dese POS social, como co reforzo do orzamento a nivel social, co reforzo de liñas de igualdade, co reforzo das liñas do PEL, e eu entendo que é o orzamento que debíamos de presentar para estar en sintonía cunhas necesidades que aínda de cara ao ano 2021 se presentan difíciles e que tiñamos que planificar e estar en conta. Considero unha cuestión a destacar, efectivamente, ese esforzo por ter a data de hoxe, 27 de novembro, estas contas presentadas, a disposición dos concellos da provincia da Coruña, cun incremento de achega para todos e cada un deles, e que van contribuír a esa planificación que ao fin vai derivar e redundar na mellor atención, na mellor planificación, e en cada veciño e veciña desta provincia.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente, compañeiros de Corporación. En todo caso, seguindo a orde que estableceu debía falar o Sr. Bernardo, porque ao ir de menor a maior, pero en todo caso considero que o BNG e o Partido Socialista forman parte do Goberno e gran parte da súa mensaxe xa tamén o expresou o deputado da área, pero ben, non vou entrar nestas controversias, imos centrarnos no que de verdade importa, que é

falar sobre o orzamento e posteriormente falar sobre a emenda que presentou o Sr. Lema.

Este ano 2020 quedará na nosa retina para sempre, tamén na nosa memoria. O duro confinamento que soportamos nos meses de marzo e xuño tivo un custo social tremendo, pero tamén o vai ter desde o punto de vista económico. Os coletazos dunha crise económica que arrastramos vanse superpoñer aos efectos desta pandemia por Covid-19. A nosa obrigación, como representantes públicos, supón unha tripla responsabilidade, a necesidade de axudar aos máis vulnerables, a participación nos estímulos para recuperar a actividade económica e garantir ao mesmo tempo a prestación eficiente e segura de servizos públicos que precisan os veciños da nosa provincia. Vai ser un camiño complicado no que temos que dar o mellor de nós, desde a política, desde a administración e desde a sociedade, para saír adiante sen deixar a ninguén atrás. Unicamente xuntos, traballando cóbado con cóbado, poderemos recuperarnos deste golpe brutal que tan rápida e cruelmente nos zarandeou.

Sr. presidente, non debemos esquecer que as entidades locais financiamos os nosos orzamentos en gran medida coas transferencias estatais. Por iso, desde o Grupo Popular alzamos a voz e opuxémonos firmemente fronte a aqueles que querían privarnos do superávit das arcas municipais que con tanto esforzo custounos obter, así como para mostrar a nosa solidariedade con quen menos ten. Lamentamos os datos da EPA onde se recolle que en España subiu o paro de forma moi significativa. O dato de paro de outubro, do mesmo xeito que ocorreu nos meses anteriores, non inclúe aos traballadores que están en suspensión de emprego ou redución horaria como consecuencia dun ERTE, xa que a definición de paro rexistrado non os contabiliza como desempregados, hai de feito 633.000 traballadores que seguen baixo este mecanismo, e preocúpanos especialmente o paro dos máis novos. En outubro, nos menores de 25 anos o paro incrementouse nun 4,7%.

A bandeira que defende o Partido Popular é a de facer política útil, unha que por riba de todo beneficia a todos os cidadáns en última instancia. Desde o Grupo Popular somos conscientes de que nestes momentos a prioridade é a de velar pola saúde pública e cumprir estritamente as medidas de prevención, para minimizar a propagación do virus, pero ao mesmo tempo hai que anticiparse, concentrando os recursos en activar políticas que axuden a paliar os efectos tan negativos que vai ocasionar esta crise económica na economía local e provincial.

Por iso, coa nosa abstención, imos facilitar a aprobación destes Orzamentos, e queremos agradecer especialmente ao Sr. Leira a disposición que tivo de escoitarnos e o compromiso dalgunha maneira adquirido no que solicitamos. O que solicitamos son tres eixos basicamente, que é incluír nos orzamentos o incremento nas partidas sociais co obxecto de formalizar axudas a entidades como Cáritas, Cruz Vermella, Bancos de Alimentos, Cociñas Económicas e demais entidades benéfico sociais, un aumento no crédito destinado ás vías e obras do ámbito provincial, así como o compromiso de destinar parte dos remanentes que orixinen o ano que vén a política social.

A pandemia cebouse coas clases sociais máis desfavorecidas, con aqueles que non tiñan recursos para adoptar as medidas sanitarias sobre protección máis

elementais. Por tanto, debemos de potenciar os servizos públicos cun sistema de protección social que atenda de maneira suficiente as necesidades fundamentais de todas as persoas da nosa provincia. A recuperación no futuro só vai ser posible estando preto das persoas ás que máis golpeou esta crise sanitaria. Debemos ser capaces de volver a construír unha sociedade baseada na igualdade, a colaboración e a modernización, pero sen deixar a ninguén atrás. Desde as administracións non podemos permitir camiñar cara á desigualdade social nin o individualismo, o Estado debe de actuar como protector e garante desa igualdade, por iso é prioritario que as axudas europeas vaian dirixidas, por unha banda, a incentivar a recuperación económica para saír da crise da pandemia da Covid-19, á vez que incorporar axudas para as empresas, autónomos, etc., que sofren de forma significativa as restricións por razóns de saúde pública e que comportan en moitos casos que se vexan abocadas a reducir drasticamente a súa actividade. Nese sentido considero que tamén é moi importante que dediquemos un tempo a analizar os erros cometidos na xestión desde o inicio da pandemia, para aprender deles e non volver repetilos.

Xa vou finalizar, presidente, e diríxome a ti en primeira persoa, e pídoche que nestes momentos tan excepcionais que nos está tocando vivir, que escoites a todos os Grupos sen excepción. Por parte dos catorce deputados do Grupo Popular valora as nosas propostas como achegas para tentar mellorar, sexa cal for a postura que adoptes, nós seguiremos traballando para achegar, para estar á altura da confianza que os votantes depositaron no noso Partido en maio de 2019, co fin último de que as propostas que traiamos aos Plenos fagan un pouco mellor a vida dos cidadáns da nosa provincia. Só coa unidade, compromiso e responsabilidade por parte de todos, cidadáns, asociacións, empresas e administracións, poderemos deixar atrás esta crise, convertida na etapa máis aciaga que nos tocou vivir.

Respecto da emenda do Sr. Lema non podemos apoiala porque a diminución dun millón de euros para vías, desde logo, é inasumible coa liña que viñemos adoptando nos últimos meses, e coa moción que a continuación imos debater, pero se me permites Alberto unha recomendación, eu creo que as propostas son interesantes, e creo que nos seguintes Plenos, se as traes como mocións ou iniciativas, desde logo serán escoitadas e serían valoradas por este Grupo. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día de novo a todos e a todas. Antes de nada comezar felicitando ao responsable desta área, compañeiro Antonio Leira e a todo o persoal do departamento e dos servizos económicos desta casa polo gran traballo que realizaron e que deu como froito este orzamento que hoxe traemos para a súa aprobación, cónstame ademais ese afán de diálogo que tivo o deputado con todos os Grupos para tentar consensuar posturas de cara á aprobación destes orzamentos e recoller parte das súas propostas, se ben loxicamente todas non poden ser recollidas, como non son as do propio Goberno, porque sabemos que os orzamentos non son ilimitados, nalgún momento hai que poñer ese stop. En todo caso recoñecerlles e agradecer o labor que realizaron durante estas semanas para poder sacar adiante este orzamento. Agradecer tamén a postura responsable da maioría dos Grupos da oposición, se ben con achegas, ou con algunha crítica, sempre construtiva, valoramos positivamente a súa postura e a súa boa disposición á hora de sacar adiante tamén este orzamento. Si que é certo que sobre a emenda presentada, compartindo que froito do interese e

dunha posición construtiva por parte da Marea e do seu voceiro, si que é certo que hai unha serie de imprecisións na exposición de motivos, sobre as que si me gustaría pararme detidamente.

Unha delas, por comezar por algunha, era esa proposta para unha liña dentro do PEL para a modernización de equipamentos para o rural, tractores, o que estaba comentando antes Alberto, e é importante lembrar que o PEL empresas xa contempla esa posibilidade. Calquera empresa do sector primario pode solicitar axudas a través desas convocatorias para modernizar as súas instalacións ou a maquinaria que utiliza, por tanto, xa existe dentro dese Plan, como digo, esa posibilidade para que todas as empresas dese sector, e hai algunhas que xa recibiron axuda para cuestións similares, se ben non estaría de máis seguir afondando nas posibilidades de subvención de axudas que se poidan desenvolver ao longo e grazas a ese plan no futuro, non temos ningún inconveniente, todas aquelas achegas que axuden a melloralo, loxicamente serán benvidas porque entendemos que é neste momento moi positivo para o funcionamento e para a colaboración co tecido empresarial da nosa provincia.

Comentabas tamén o tema dos remanentes, a verdade é que esa é unha cuestión tan manida que non digo que me vaia cansar de explicala porque xamais me cansarei, pero que xa a explicamos en moitas ocasións. De feito hoxe aprobamos un Plan único que se financia en gran parte cos remanentes, por tanto non é verdade que non se estean a utilizar remanentes, non se estaban a utilizar ata o de agora porque había unha lexislación que impedía o seu uso. No momento en que se flexibilizan as medidas fiscais a Deputación aproveita esa nova conxuntura para poder facer uso deses fondos. Como digo, acabamos de aprobar un Plan único que se financia en gran medida con eses remanentes.

E o tema dos xuros nos bancos, que é algo que xa temos repetido tamén en innumerables ocasións, non é que sexan fondos da Deputación, érano ata os remanentes, pero que os remanentes que se podían utilizar xa acabamos de facer uso de todos eles. Pero é que hai 140 millóns de euros nas contas da Deputación que pertencen aos concellos, e que son fondos que xa están aprobados, consignados para determinados plans de anos anteriores que están sen executar, ben porque os concellos non deron licitado esas actuacións, ben porque para licitalas lles falten informes sectoriais que aínda non chegaron, etc., etc., é dicir, ben porque hai unha burocracia detrás de todo isto que impide que se liciten en tempo e forma como a todos nos gustaría. Cústame crer que poida haber algún concello desta provincia que non licite unha obra por pura desgana, imaxino que eu son alcalde, e como todos os alcaldes que están aquí sentados, e o resto dos alcaldes, 93 concellos da provincia da Coruña, que se non licitan é porque hai impedimentos, dunha ou doutra forma, que lle impiden, valla a redundancia, facer e proceder a esas licitacións. Polo tanto, eses 140 millóns que hai nos bancos actualmente, e que efectivamente se poden pagar xuros por eles, non son da Deputación provincial. Por tanto, isto xa o teño explicado en moitas ocasións, non me cansarei, repito, de explicalo, pero a ver se queda claro dunha vez por todas, que non son fondos da Deputación provincial, son fondos que a Deputación provincial xa ten destinados aos concellos, polo tanto no momento en que se executen esas actuacións, a Deputación transfiriraos, pero en tal caso terá que ser unha vez que se liciten, se adxudiquen e se executen esas actuacións.

Comentábase tamén o tema do gasto xeral do orzamento. É importante deixar claro que este orzamento ten un incremento no gasto social dun 131%, en emprego hai un incremento do 76%, en medio ambiente do 33%, e por que? porque estes son os tres eixes que entendemos que son importantes de cara á situación que estamos a vivir actualmente no noso país e que en gran medida, como dixen antes, vén derivada das consecuencias desta pandemia que estamos a padecer, e hai que facer un esforzo no ámbito social para axudar a todas aquelas persoas que están a quedar desprotexidas como consecuencia desta situación, e hai que facer tamén un esforzo no emprego, mellorando as posibilidades de empregabilidade dos nosos veciños e veciñas porque esa é a mellor forma de combater as condicións complexas que están a vivir desde o punto de vista económico e laboral moitos dos nosos veciños e veciñas. De aí e dese compromiso que ten este Goberno provincial co emprego e co ámbito social para poder non deixar a ninguén atrás nesta crise que estamos a vivir, nacen estes orzamentos, como digo, vese un incremento exponencial comparado con orzamentos de anos anteriores en materia social e en materia de emprego. Tamén outras partidas, como a de vías e obras, ou como dixen antes, medio ambiente, que se incrementan con respecto a orzamentos de anos anteriores, dentro desa senda de crecemento que fomos aplicando ao longo dos últimos exercicios.

Polo tanto, repito, si que é certo que podo entender esas emendas e cal é o seu motivo, pero si que hai cuestións, como digo, desa exposición de motivos, que non acabamos e que non podemos compartir. E Alberto, ti que tiveches responsabilidades de Goberno na Coruña sabes perfectamente os problemas e a gran burocracia que nos afecta a todas as administracións, cada vez máis neste país, o que complica moitísimo a xestión dos fondos públicos e a xestión diaria de calquera administración, e unha Deputación, que vén ser unha especie de concello grande, pasa polos mesmos problemas, lembrarás perfectamente cal era o nivel de execución do orzamento cando vós gobernabades na Coruña, e non creo que fora porque non quixerades executalo nin porque non tiverades interese en facelo, senón porque moitas veces depende doutros moitos factores, externos á propia administración que os ten que xestionar, e que complican ou, polo menos, retrasan a execución de todos os investimentos tal e como a todos e a todas nos gustaría.

Comentabámolo antes, e o comentaremos despois nunha moción que hai ao respecto a vías e obras, do atraso que hai en moitos dos inicios das actuacións que ten previsto este departamento, pero por informes sectoriais, comentabámolo o outro día. Un informe sectorial de Adif, dunha estrada que pase ao carón dunha vía férrea pode demorarse entre un ano e ano e medio, e iso ao final fai que se retrasen os investimentos, pero iso non quere dicir que haxa un desdén ou unha falta de interese por parte de quen o está a xestionar, senón máis ben todo o contrario. Todos e todas, e iso penso, como dixen, que é compartido por todos os alcaldes e responsables de concellos que hai sentados nesta Corporación, e polos 93 da provincia, somos os máis interesados, e desde logo así me consta, en poder executar os nosos orzamentos e investimentos no menor tempo posible, porque é a mellor forma de darlle unha pronta resposta a todos os requirimentos e as peticións que temos dos nosos veciños e veciñas e nesa senda vai estar a Deputación Provincial da Coruña, como non pode ser doutra forma.

Polo tanto, remato como comecei, dando o agradecemento e parabéns ao departamento e ao deputado que xestiona esa área, e tamén agradecendo a postura

de todos os Grupos desta Corporación, moitas grazas a todos e a todas.

Sr. Lema Suárez

Sobre o que se acaba de comentar. Nós entendemos que esta proposta de emenda ten un ánimo construtivo, que se pode sumar ao longo do ano que vén ás distintas partidas que se vaian sacando, modificativos de créditos e demais, nós temos a vontade de, por suposto, non entorpecer o funcionamento desta administración, hai cuestións do discurso do compañeiro Bernardo que tal vez non compartamos, caramba! cando se fala dun 15% de execución a 31 de agosto, eu direi que por esa mesma, exactamente por esa mesma razón no Concello da Coruña cesaron a miña homóloga, a concelleira de emprego, exactamente a mesma porcentaxe de execución, co cal temos que ter coidado con estes argumentos porque dependendo do lugar onde esteamos teñen un efecto ou outro. Eu creo que unha execución obxectivamente baixa é aquela que está por debaixo do 40% a 31 de decembro, que máis ou menos son as contas que lle dan a esta a 31 de decembro de 2019.

Non quero entrar agora nun debate sobre esta cuestión, que creo que finalmente cando se publiquen os datos de execución a final de ano serán públicos e todos faremos as valoracións ao respecto, si quero contribuír ao bo clima, e a que esta casa funcione do mellor xeito posible coas nosas achegas, lamentamos non poder ter, que non tiveramos nós a oportunidade no seu momento, ao mellor, de facer estas achegas que hoxe propoñemos, e si confiamos en que no futuro si o poidamos facer, co cal nós tamén nos sumamos a ese voto favorable aos orzamentos. Graciñas.

Sr. Leira Piñeiro

Simplemente para terminar, vou ser breve.

Eu sempre tomo o diálogo como construtivo, evidentemente, e así o quería deixar claro un pouco a postura con respecto ao que dicía Alberto, e diríxome a ti de forma exclusiva, que por suposto o diálogo sempre é bo, sabes que comigo o diálogo sempre vai ser permanente e de sumar, e polo tanto, as propostas que ti estás facendo neste momento eu súmome a que poidamos seguir falando nos vindeiros días sobre o tema, sen máis.

En canto ao que dicía Gelo, tamén coma sempre agradecerlle o seu talante e a súa claridade coa miña persoa e estou totalmente de acordo na exposición que fai sobre as estradas, porque ademais todo o que se poña sempre vai ser pouco, e con respecto ao tema que falabas do emprego e dos hostaleiros, imos ver, sabes que é como todo na vida, é dicir, hai de todo, hai quen é caradura e hai quen non, e é máis traballador e é máis responsable. Nós o que pretendemos e cremos que temos que facer é estar coa cidadanía e neste caso co tecido empresarial e tamén, por suposto, co que ten que ver coa hostalería, que na gran maioría seguro que cumpren cos seus deberes e as súas responsabilidades, á marxe de que despois haxa outras persoas que non o fagan.

E en canto ao remanente, xa comentaba tamén Bernardo hai un momento. Claro, nós facemos utilización dos remanentes no momento en que temos a

oportunidade de facelo, é dicir, ata o de agora todos somos sabedores e sodes moitos alcaldes e alcaldesas, das limitacións que tiñamos nese sentido, pois neste momento podemos facelo e xa neste EMC 5 van 40 millóns de euros precisamente dos remanentes que ten a Deputación, creo que é unha proba importante de que si os imos utilizar, e que xa os estamos utilizando, poñendo a disposición dos concellos, que iso é o máis importante.

Con respecto ao que comenta Evaristo, por suposto, o agradecemento expreso a súa postura e tamén ao seu talante en todo este tempo. Si, dicir da súa intervención que claro, Evaristo, ti te estabas referindo, cando falabas dos datos do paro, parece que estabas falando dos orzamentos do Estado, é dicir, non dos orzamentos da Deputación, e dígoo con todo o cariño do mundo, digamos o paro que hai, que a todos nos enche de preocupación, pero que non cabe dúbida de que nós agora mesmo estamos falando dos orzamentos da Deputación provincial, e aí si que boto en falta, porque ten que ver cos orzamentos da Deputación provincial, a postura que neste caso ten a Xunta de Galicia co Fondo Galego de Cooperación Local, que seguro que boa falta nos farían a nós precisamente esa parte que nos corresponde á Deputación da Coruña para poñer a disposición dos concellos.

Polo tanto, dicirche tamén, sábelo, díxencho persoalmente, que o noso compromiso coas entidades sociais é total, é total, creo que xa se estiveron atendendo ata agora na medida das posibilidades, con continuo contacto permanente, a proba está que sabemos que neste ano 2020 se puxo unha nominativa de forma expresa para os bancos de alimentos de 60.000 euros, e agora nestes orzamentos xa van consignados unha cantidade importante que, se non me equivoco vai roldando os 70.000 euros, e o resto das entidades sociais tamén foron atendidas, creo que debidamente igual é unha palabra moi en maiúsculas, pero si dentro das posibilidades e sempre digamos con esa apertura de poder estar aí, á parte a min cónstame que dentro da área que dirixe neste caso Ana Lamas están en permanente contacto tanto coas Cociñas económicas, como con Cáritas, como co resto das entidades sociais, pero insisto, seguro que non é dabondo, no momento no que estamos van precisar máis de nós e imos estar nós aí, iso que non vos caiba a menor dúbida.

Remato, de verdade darvos as grazas polo voso compromiso, porque tamén é o noso, e é o compromiso que esperan os cidadáns da provincia. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Eu a verdade que agradecer despois do debate construtivo....

Sr. García Seoane

Que non me dás a palabra, non sei por que non me das a palabra, levo unha hora levantando a man.

Sr. Presidente

Porque non a vin, fala.

Sr. García Seoane

Fala pobo, eu falo pouco pero contundente. Imos ver, cando se está falando dos cartos que están no banco, eu sei que parte dese diñeiro é dos concellos e da mesma Deputación, de obras que sacou a contratación e están sen contratar, pero tamén nos consta, e iso é sabido, que hai obras que están desde o ano 2015, 2016, 2017 e 2018, haberá que facer unha revisión, de que se esas obras que se acordaron no seu día, ben con concellos a través de convenios, ou ben directamente da Deputación, son realizables ou non, e se non son realizables aí é onde hai que facer unha revisión, se non son realizables hai que coller, eliminar eses expedientes, e ingresar ese diñeiro nas contas da Deputación novamente para gastos. Pero eu creo que iso é imprescindible facelo, porque senón estaremos falando sempre do mesmo.

Eu poño un exemplo, eu collín remanentes, dos 15 millóns que tiña o Concello de Oleiros, eu collín a principios do mes de xuño, xullo, levamos ao Pleno 5 millóns de remanentes, ben, pois a esta altura do ano están todas as obras contratadas, cincuenta e dúas, polo tanto, quero dicir que tamén hai que poñerse as pilas, tamén se hai que poñer as pilas, cada un o que lle corresponda. Polo tanto, eu creo que dicir sempre que hai moito chollo, non, non, poñámonos as pilas e saquemos o traballo para adiante, porque se aquí foi posible cuns técnicos marabillosos que teño e na Deputación tamén os hai, tamén ten que ser posible na Deputación, pero tamén a veces é o empuxe do político, porque o técnico non actúa sen o político, nalgúns casos, noutros xa teñen a súa función, como tal profesional, pero se o político non move ficha, e ve apatía no político, malamente pode ao final o técnico levar adiante a xestión, e eu aí é onde fago fincapé en que nese aspecto creo que temos que polo menos intentar mellorar algo. Nada máis.

Sr. presidente

Grazas. Tes toda a razón do mundo, nese aspecto dicir que xa se fixo un traballo este ano bastante importante, porque efectivamente, cando entramos na Deputación comprobamos que había obras do ano 2008 aínda por executar, é verdade, como dicía antes Bernardo, que neste caso estaban vinculadas a dificultades de obtención de permisos neste caso da Demarcación de Costas de Galicia para facer depuradoras en varios concellos, de distintas comarcas da provincia. Iso depurouse, a data de hoxe só hai obras arrastradas desde 2016, pero é verdade que estamos nun debate interno no propio Goberno, que fago extensivo a toda a Corporación, de que hai que establecer unha data límite, porque senón ata o de agora non deixaba de ser un problema menor no senso de que tiñamos uns remanentes que reutilizabamos e, efectivamente, avultabamos a cantidade de remanentes, que non eran reais porque estaban afectados a investimentos xa comprometidos, pero é que agora mesmo teñen un custo a partir deste ano. Vai no orzamento, como ben sabedes, unha partida de medio millón de euros que vai dedicada precisamente a pagar xuros nas contas por estar esas partidas aí depositadas. Por tanto, chegará un momento en que teñamos que decidir, como fai a Xunta de Galicia, que outorga subvencións e é moi difícil que che concedan unha prórroga, unha única prórroga, como todos ben sabedes, practicamente en ningunha liña de convocatoria da Xunta de Galicia. A Deputación dá a tranquilidade de que hai prórroga tras prórroga, prórroga tras prórroga, e creo que ten que ter unha concepción máis restritiva da xestión orzamentaria, porque senón nos leva a que, efectivamente, agora teñamos un sobrecusto de 500.000 euros que

nos permitiría con eses cartos facer investimentos en moitos concellos, co cal estou totalmente de acordo neste ano temos que fixar un criterio claro nese sentido.

Pero ben, en definitiva agradecer normalmente o talante e a comprensión de todos os Grupos para aprobar os orzamentos. Estamos asistindo noutras institucións de máis entidade política ca esta ás dificultades para acadar o obxectivo de ter un orzamento que é un instrumento fundamental para reactivar a economía e protexer socialmente aos colectivos que máis o necesitan. Estamos vendo como ás veces se converte nunha feira a consecución de apoios dos grupos políticos, podería estar ocorrendo aquí perfectamente, podería ser unha feira o apoio necesario que achega Alberto, que achega Gelo, ou a mesma abstención que achega o Partido Popular, podería ser unha auténtica feira, e veriámonos abocados a ter que xogar a ese xogo, pero a verdade é que hai que recoñecer a vosa altura de miras, absolutamente, que é un auténtico orgullo e un motivo de tranquilidade para toda a cidadanía da provincia da Coruña. Moitas grazas.

Vótase a emenda presentada por Marea Atlántica:

VOTACIÓN

Votan a favor: 1 deputado (Marea Atlántica)
Votan en contra: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Rexeitada a emenda, procede a votación do punto 30.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Marea Atlántica)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA para o exercicio 2021 por importe de 184.500,000,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	**IMPORTE**	**CAPÍTULOS**	**IMPORTE**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	17.904.544,30	I.- GASTOS DE PERSOAL	49.586.766,30
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	14.906.873,78	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	30.380.260,22
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	10.835.476,55	III.- GASTOS FINANCEIROS	561.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	140.683.328,12	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	66.570.964,26
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	13.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	3.690.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**184.343.822,75**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**150.788.990,78**
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	42.927,25	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	18.736.238,22
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.944.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	113.250,00	VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS	6.030.771,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**156.177,25**	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**33.711.009,22**
TOTAL ORZAMENTO	**184.500.000,00**	**TOTAL ORZAMENTO**	**184.500.000,00**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

ÁREA DE GASTO	ORZAMENTO
1.- SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS	2.873.491,57
2.- ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	54.947.730,56
3.- PRODUCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	27.165.811,28
4.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	48.136.613,99
5.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	51.376.352,60
0.- DÉBEDA PÚBLICA	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL	**184.500,000,00**

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento inicialmente formado polo CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA para o exercicio 2021, para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	**IMPORTE**	**CAPÍTULOS**	**IMPORTE**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	7.283.465,57
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.815.901,74
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	2.474.815,53	III.- GASTOS FINANCEIROS	1.500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.460.525,53	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	511.995,10
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	198.706,82
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**9.935.341,06**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**9.811.569,23**
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	123.771,83
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**0,00**	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**123.771,83**
TOTAL ORZAMENTO	**9.935.341,06**	**TOTAL ORZAMENTO**	**9.935.341,06**

4º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento/plan de actuación inicialmente aprobado pola FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) para o exercicio 2021, para dar cumprimento ao establecido no artigo 132 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	**IMPORTE**	**CAPÍTULOS**	**IMPORTE**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	169.227,57
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	78.865,25
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	11.537,17	III.- GASTOS FINANCEIROS	0,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	238.176,66	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**249.713,83**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**248.092,82**
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	1.621,01
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**0,00**	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**1.621,01**
TOTAL ORZAMENTO	**249.713,83**	**TOTAL ORZAMENTO**	**249.713,83**

5º.- Aprobar o estado consolidado do Orzamento Provincial, co orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e co orzamento/plan de actuación da FAEPAC para o exercicio 2021, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	**CONSOLIDADO**	**CAPÍTULOS**	**CONSOLIDADO**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	17.904.544,30	I.- GASTOS DE PERSOAL	57.039.459,44
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	14.906.873,78	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERV.	32.275.027,21
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	13.321.829,25	III.- GASTOS FINANCEIROS	562.500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	144.447.767,55	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	63.148.697,60
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	13.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	3.888.706,82
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**190.594.614,88**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**156.914.391,07**
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	42.927,25	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	18.861.631,06
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.944.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	113.250,00	VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS	6.030.771,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**156.177,25**	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**33.836.402,06**
TOTAL ORZAMENTO	**190.750.792,13**	**TOTAL ORZAMENTO**	**190.750.793,13**

6º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/1990 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo estabelece o art. 169.3 do citado Texto Refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/1990 do 20 de abril.

7º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.

8º.- O expediente orzamentario permanecerá a disposición pública no Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, na páxina de internet da Deputación e no Portal de Transparencia, en cumprimento do disposto na normativa estatal e autonómica de transparencia, bo goberno e acceso a información pública."

(Abandona o salón o Sr. Fernández Angueira).

31.- Aprobación da designación da deputada provincial dona Cristina Capelán Cancelo como Vicepresidenta da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 de Marea Atlántica)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Designar á deputada provincial dona Cristina Capelán Cancelo como Vicepresidenta da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) en cumprimento da previsión establecido no artigo 17 B) dos Estatutos da Fundación que literalmente establece o seguinte:

"Corresponderalle ao Vicepresidente realizar as funcións do Presidente nos casos de estar vacante o posto por ausencia ou enfermidade ou delegación do Presidente, podendo actuar tamén en representación da Fundación, en aqueles supostos que así se determine por acordo do Padroado. O Vicepresidente será o Presidente da Comisión de Promoción Económica da Deputación de A Coruña ou o deputado provincial que designe o Pleno da Deputación Provincial da Coruña"

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos ás mocións, hai dúas mocións, a primeira presentada polo Grupo provincial Popular para instar ao Goberno á posta en marcha dun plan extraordinario "Red vial provincial 2021-2022" que impulse obras integrais de medidas de conservación nas estradas de titularidade provincial

1.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para instar ao Goberno a posta en marcha dun plan extraordinario "Red vial provincial 2021/2022" que impulse obras integrais de mellora e conservación nas carreteras de titularidade provincial.

A Deputación da Coruña conta cunha cantidade considerable de quilómetros de estradas provinciais en moi diversos estados de conservación e acondicionamento. A importancia do mantemento das estradas non se limita unicamente á mellora na circulación dos vehículos, senón que afecta a outros moitos aspectos como a redución no risco de accidentes, o consumo de combustible ou as emisións de gases

de efecto invernadoiro.

As estradas vanse deteriorando co paso do tempo e polo seu uso, polo que é necesaria sometelas a un mantemento para garantir a súa óptima conservación.O mantemento das estradas, é unha cuestión de seguridade, xa que un pavimento en mal estado constitúe un gran perigo para os condutores, e como sinala a Asociación Española da Estrada (AEC), ata un 94% dos accidentes de tráfico producidos por culpa da vía son debidos a mal estado da mesma.

A deterioración do asfalto diminúe a adherencia dos vehículos, o que implica un aumento da distancia de freado, as fochancas ou a mala sinalización tamén provocan moitas incidencias, xa non só accidentes, senón que poden danar os nosos automóbiles afectando os pneumáticos ou ao sistema de suspensión.

O medio ambiente tamén se ve afectado por un mal mantemento das estradas debido ao seu impacto no consumo de combustible, que aumenta co que iso conleva. Ademais aumenta o ruído ambiental pola fricción xerada entre o asfalto e os neumáticos.

Por todo iso, é necesario realizar "un investimento no mantemento e conservación das nosas estradas de titularidade provincial para corrixir as súas deficiencias, como a falta de estabilidade, as carencias en materia de sinalización, falta de mantemento, calzadas excesivamente estreitas ou firmes en mal estado, mala iluminación", etc., e sírvase como exemplo os dous últimos rogos presentados no pleno do día 30 de outubro presentados polo Grupo Provincial do PP.

Xa é hora de que a "nosa institución cumpra decididamente coas competencias propias que ten que desenvolver", e neste sentido unha das primordiais é o mantemento da nosa rede provincial de estradas.

Debemos pensar que o diñeiro destinado ao mantemento das vías "é un investimento de futuro, xa que investindo na conservación das estradas invístese na mellora da mobilidade, pero tamén en seguridade e en compromiso co medio ambiente". Por iso, desde o Partido Popular solicitámoslle que "abandone dunha vez por todas a política de parcheo e lavado de fronte que vén practicando nos últimos anos" e comprométase de verdade coas estradas desta provincia "e incremente as partidas económicas destinadas ao acondicionamento, conservación e mantemento das estradas provinciais da provincia da Coruña, con cargo ao orzamento do ano 2021".

Ante esa situación e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar os seguintes:

ACORDOS

1. Que se encargue aos Servizos Técnicos da institución a redacción dunha auditoría sobre o estado actual das estradas provinciais de titularidade da Deputación en materia de pavimentación, seguridade, trazados, sinalización horizontal e vertical, índices de sinistralidade por vías e tramos, ano de execución das obras, detalle de actuacións posteriores e estado de conservación e mantemento a data 27 de novembro de 2020.

2. Adoptar o acordo para creación dunha comisión especial composta por

Deputados/as de cada un dos grupos con representación nesta Deputación e funcionarios técnicos do servizo de Vías e Obras da institución, encargada de planificar e ditaminar as actuacións máis urxentes, así como para a planificación do mantemento, conservación e execución de novos proxectos das carretas de titularidade da Deputación Provincial con cargo aos Orzamentos da Deputación da Coruña.

3. Facultar á citada comisión á elaboración e ditame dun Programa Plurianual de Estradas Provinciais, para executar durante o presente mandato e nos exercicios orzamentarios dos anos 2021 e 2022 en base aos datos, criterios e conclusións establecidos na citada auditoría, co compromiso de continuidade para os anos vindeiros con independencia do Partido que Goberne a Institución.

Sr. Ben Otero

Bo día, presidente, compañeiros da corporación de novo.

A Deputación conta cunha cantidade considerable de quilómetros de estradas provinciais en moi diversos estados de conservación e acondicionamento. A importancia do mantemento das estradas non se limita unicamente á mellora na circulación dos vehículos, senón que afecta a outros moitos aspectos como a redución no risco de accidentes, o consumo de combustible ou as emisións de gases de efecto invernadoiro.

As estradas vanse deteriorando co paso do tempo e polo seu uso, polo que é necesaria sometelas a un mantemento para garantir a súa óptima conservación. O mantemento das estradas, é unha cuestión de seguridade, xa que un pavimento en mal estado constitúe un gran perigo para os condutores, e como sinala a Asociación Española da Estrada, ata un 94% dos accidentes de tráfico producidos por culpa da vía son debidos ao seu mal estado.

O deterioro do asfalto diminúe a adherencia dos vehículos, o que implica un aumento da distancia de freado, as fochancas ou a mala sinalización tamén provocan moitas incidencias, xa non só accidentes, senón que poden danar os nosos automóbiles afectando os pneumáticos ou o sistema de suspensión. O medio ambiente tamén se ve afectado por un mal mantemento das estradas debido ao seu impacto no consumo de combustible, que aumenta notablemente con isto. Ademais aumenta o ruído ambiental pola fricción xerada entre o asfalto e os pneumáticos.

Por todo iso, é necesario realizar un investimento no mantemento e conservación das nosas estradas de titularidade provincial para corrixir as súas deficiencias, como a falta de estabilidade, as carencias en materia de sinalización, falta de mantemento, calzadas excesivamente estreitas ou firmes en mal estado, mala iluminación, etc., e sirva como exemplo os rogos presentados no pleno pasado, algunha cuestión que presentaremos despois nas preguntas e en rogos tamén.

Xa é hora de que a nosa institución cumpra decididamente coas competencias propias que ten que desenvolver, e neste sentido unha das primordiais é o mantemento da nosa rede provincial de estradas.

Debemos pensar que o diñeiro destinado ao mantemento das vías é un investimento de futuro, xa que investindo na conservación das estradas invístese na mellora da mobilidade, pero tamén en seguridade e en compromiso co medio ambiente. Por iso, desde o Partido Popular solicitámoslle que se abandone dunha vez por todas a política de parcheo e lavado de fronte que vén practicando nos últimos anos e se comprometa de verdade coas estradas desta provincia e incremente as partidas económicas destinadas ao acondicionamento, conservación e mantemento das estradas provinciais da nosa provincia, con cargo ao orzamento do ano 2021.

Ante esa situación e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación presentamos os seguintes acordos:

1. Que se encargue aos Servizos Técnicos da institución a redacción dunha auditoría sobre o estado actual das estradas provinciais de titularidade da Deputación en materia de pavimentación, seguridade, trazados, sinalización horizontal e vertical, índices de sinistralidade por vías e tramos, ano de execución das obras, detalle de actuacións posteriores e estado de conservación e mantemento a data de 27 de novembro de 2020.

2. Adoptar o acordo para a creación dunha comisión especial composta por deputados/as de cada un dos grupos con representación nesta Deputación e funcionarios técnicos do servizo de Vías e Obras da institución, encargada de planificar e ditaminar as actuacións máis urxentes, así como para a planificación do mantemento, conservación e execución de novos proxectos das estradas de titularidade da Deputación provincial con cargo aos Orzamentos da Deputación da Coruña.

3. Facultar á citada comisión á elaboración e ditame dun Programa plurianual de estradas provinciais, para executar durante o presente mandato e nos exercicios orzamentarios dos anos 2021 e 2022 con base nos datos, criterios e conclusións establecidos na citada auditoría, co compromiso de continuidade para os anos vindeiros con independencia do partido que goberne a institución.

Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós, agradecendo a preocupación, loxicamente, do Grupo Popular e do resto de grupos da Corporación pola situación das vías provinciais e do seu mantemento, si que é certo que esta moción entendemos que é redundante en canto a que parte das cousas que solicita, a excepción do recollido no punto tres, xa existe a día de hoxe. Xa existe unha comisión de Infraestruturas, Vías e Obras, na que hai técnicos do departamento e están representados todos os Grupos desta Corporación, na que se ditaminan os investimentos que se aproban dentro da área de Vías e Obras, e na que ademais calquera Grupo na quenda de rogos e preguntas das Comisións pode facer calquera pregunta ou calquera proposta, de feito cónstame que algunha vez algún deputado dalgún grupo xa as teñen realizado, desde o Sr. Seoane ao Sr. Calvelo, por poñer algúns exemplos de determinadas vías provinciais. Se pregunta noutras ocasións cal é a súa situación, se se ten pensado facer algún tipo de proxecto, e

noutras ocasións a través dos rogos se solicita que se fagan ese tipo de actuacións, polo tanto, ese foro xa existe, non tería ningún sentido, duplicalo agora, porque xa hai ese mecanismo, xa o ten así establecido esta Deputación provincial.

Sobre o primeiro punto no que fala dunha especie de auditoría anual, é importante deixar claro que a principio de ano, cando se aproba o Plan de vías e obras, no mes de outubro, se comeza a traballar xa a través dos distintos empregados dese departamento, facendo unha inspección persoal de todas as vías nos distintos Grupos que temos establecidos ao longo e ancho da provincia, para analizar a súa situación, para analizar as súas características, etc., etc. Despois, antes da redacción dos distintos proxectos, ou para a súa redacción, utilízase tamén o inventario da rede, que saben que é unha aplicación que puxemos en funcionamento hai dous anos, no ano 2018 e que xeolocaliza as condicións, a situación das vías, etc., etc. Ademais diso tense en conta tamén neses informes a información que se nos traslada a través da DXT en canto á accidentabilidade desas vías e tamén a información que temos da intensidade de tráfico, e con base a iso faise unha especie de informes da situación de todas elas, e vaise priorizando por parte do departamento.

Comentaba antes o Sr. Lema nos orzamentos que falaba, creo recordar que o tiña aquí anotado, dunhas actuacións de carácter selectivo, evidentemente, sempre son de carácter selectivo, pero iso non quere dicir que non sexan con carácter obxectivo, de feito se o ven vostedes hoxe acabamos de aprobar varias actuacións no departamento de vías e obras neste Pleno para os concellos de Negreira, Ares, Outes ou Santiso, que son de diferentes cores e están en man de distintos concellos, polo tanto non hai ningún tipo de discrecionalidade na aprobación destas actuacións, máis alá do que establecen os propios técnicos dese departamento.

Establecer un foro no que se decida nese foro onde investir, con representación dos outros Grupos, entendemos que, como dixen antes, xa está, xa existe ese foro, a única diferenza é que quen decide en última instancia é o responsable desa área, o deputado desa área e o goberno provincial, porque loxicamente ese é o funcionamento democrático desta institución, desta administración, é dicir, a través dos votos cidadáns elíxense os concelleiros, que elixen os deputados, que elixen a un Goberno provincial, que goberna, porque se todo o tiveramos que someter con este mesmo criterio, loxicamente sería extrapolable ao resto de áreas da provincia, non só ao departamento de vías e obras. Pero é importante ter en conta o incremento que se veu realizando ao longo dos últimos anos nese departamento, nos seus orzamentos, porque somos conscientes do estado que teñen as vías provinciais, pero tamén é importante deixar claro e creo que iso compartimos todos os que estamos aquí, que os recursos non son ilimitados e, en contra do que dicía o Sr. Lema, e non quería centrar o tema nel, pero aproveito o argumento, de que esta administración ten fondos de sobra para poder ter en perfectas condicións as estradas, non é verdade. Nesta administración temos aproximadamente unhas catrocentas e pico estradas, e uns máis de dous mil quilómetros de estradas provinciais, é imposible que o orzamento da Deputación provincial poida asumir o ter todas esas estradas en perfecto estado, como non as temos ningún dos alcaldes que estamos aquí sentados nos nosos concellos. Loxicamente, a medida que van chegando fondos imos priorizando, con criterios obxectivos en principio, pola situación na que se atopan esas estradas, polo uso que se lle dá, etc., etc., que é o mesmo que fai a Deputación. A Deputación non ten a

capacidade orzamentaria para poder arranxar todas as estradas provinciais nunha lexislatura nin en dúas, por desgraza, oxalá tiveramos esa posibilidade, porque seriamos os primeiros en levala a cabo ou en acometela, pero non é ese o caso, e penso que todos os que estamos aquí o sabemos, porque ningunha administración as ten, nin nos nosos propios concellos, nin a Xunta de Galicia nas súas estradas.

Polo tanto tamén, e partindo disto último que acabo de dicir, gustaríame que o Partido Popular, que goberna na Xunta de Galicia, propuxera un foro similar no que esteamos representados todos os alcaldes de Galicia e poidamos tamén entre todos decidir, xunto cos técnicos e os responsables da Xunta, que estradas autonómicas se arranxan primeiro e cales van despois, en cales se acomete unha serie de actuacións e en cales outras. Porque, efectivamente, se vemos os anuncios, Sr. Ben, das actuacións que a Consellería de Infraestruturas está a realizar, digamos que a balanza decántase, polo menos nesta provincia, moito dun lado e pouco do outro, a pesar de que a maioría dos concellos da provincia da Coruña non están gobernados polo Partido Popular, pero si que chama a atención que gran parte dos investimentos da Consellería de Infraestruturas vaian dirixidos casualmente a concellos do Partido Popular, en canto ás estradas se refire, que é isto o que nos ocupa, poderiamos falar doutros moitos investimentos, pero imos centrarnos no das estradas. Todos os alcaldes que estamos aquí, que non somos do Partido Popular poderemos seguramente, e concelleiros, poñer exemplos da situación na que se atopan moitas estradas autonómicas, que levamos demandando xa hai moitos anos, ou ben sendas, ou ben a súa reparación, ou ben a pavimentación, ou conservación sen, desgrazadamente, moito éxito. Polo tanto, entendo que se fan esta proposta na Deputación provincial da Coruña comparten que sexa necesario tamén facela na Xunta de Galicia, que tamén é titular dun importante número de estradas ao longo e ancho desta provincia, e polo tanto aí tamén contarían co noso apoio, pero casualmente nesta moción, que podería incluír un punto instando á Xunta de Galicia a crear un foro similar, pois non se fai. De feito na Xunta de Galicia, desgrazadamente, nin sequera temos unha Comisión de Infraestruturas na que esteamos representados para poder expoñer o que queremos, independentemente de que finalmente quen decida sexa o Goberno autonómico, como está a facer, e como se fai nesta Deputación, ou sexa, o propio Departamento.

E simplemente para rematar gustaríame dar un par de datos. Na última lexislatura do Partido Popular o investimento en vías e obras fora de corenta e sete millóns de euros, fronte a oitenta millóns da pasada lexislatura do goberno conformado polo BNG e polo Partido Socialista. Polo tanto, se en canto ao orzamento medimos a preocupación que temos os Grupos pola situación das vías, penso que queda perfectamente claro polo menos, xa non entrarei a valorar a do Partido Popular, pero si cal é a preocupación deste Goberno en canto ao seu mantemento e mellora.

En todo caso, repito, sempre está ben que se fagan propostas en positivo pero, repito, son cuestións que xa están e xa existen actualmente, xa se fai un labor de control de seguimento do estado das estradas, e en principio a raíz diso é como se van elaborando os distintos proxectos, loxicamente uns saen antes e outros despois, porque saben vostedes que tamén inflúen factores como a obtención dos terreos, se ben son a través de cesións ou de expropiacións, ou outra serie de dificultades, como informes sectoriais de Patrimonio, ADIF, como dixen antes, Augas, Costas, etc., etc. Polo tanto, repito, ten non moito sentido aprobar unha moción sobre algo que xa se

está a facer, a excepción dese punto que en principio o que fai é retirar as competencias do Goberno e depositalas nun órgano máis amplo. Nada máis, moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu teño que dicir que no fondo, e xa o falamos no punto do orzamento, creo que coincidimos todos os deputados na necesidade de investir nas estradas, o tema é que non se fai, ou non se fai da forma que eu explicaba antes e que demando a través das miñas intervencións.

Eu estou en contra desta moción porque hai unha comisión xa creada onde se discuten os temas, e onde hai que falar, e a auditoría cónstame que a Deputación, o Goberno actual e o Goberno anterior do Partido Popular, fixo continuamente estudos sobre as vías provinciais. Ao mellor, máis que facer tantos estudos, o que hai é que, nunha Comisión desas que xa está creada, dicir que estradas, como todos estamos pola provincia, que estradas son as máis deterioradas e que urxencias habería que abordar. Na Xunta non se nos escoita nese aspecto a ningunha comisión de alcaldes para decidir que rúas hai que arranxar, que sería importante que o fixeran desde a Xunta de Galicia.

Polo tanto, nós, Alternativa, non vai apoiar a moción, estando de acordo co fondo pero como dixen antes na miña intervención, espero, e espero contar co Partido Popular nese aspecto, e con alguén máis, para que nunha comisión que se faga a principios de ano empecemos a falar realmente dese tema tan importante que son as estradas. E diñeiro haino, entre todos buscámolo.

Sr. Lema Suárez

Cando usaba o termo selectivo referíame a que o estado de conservación das estradas ás veces cambia de maneira ostensible cando un sobrepasa o límite dun concello. Por exemplo, resultábame moi notoria a diferenza no estado de conservación e de servizos que tiña a estrada DP 0205 no Concello de Teo, cando pasaba ao Concello de Brión, e podo convidar a calquera dos presentes a que dea un paseo por alí e comprobalo in situ, porque será algo que vexa, e a iso é ao que me refería eu co de conservación selectiva.

Coa cuestión das estradas apliquemos aquel vello dito, a operación éxito, pacente morto, ou sexa, escoitando falar ao Goberno parece que chegamos á conclusión de que todo está funcionando perfectamente, e parece que tamén ao mellor escoitando falar aos alcaldes, e non só aos que estamos neste Pleno, parece que non existe semellante visión do estado de conservación de estradas e tampouco sobre a acción do Goberno provincial sobre elas.

No Pleno do 31 de xaneiro, ao que traiamos unha moción a este Pleno, que foi aprobada por unanimidade, na que se adoptaban os seguintes acordos: Por todo o anterior instamos á Deputación da Coruña a apoiar os seguintes acordos, punto 1, elaborar un estudo que permita a racionalización da titularidade das vías provinciais; punto 2, convocar unha mesa de alcaldes para coñecer, de primeira man, o seu parecer sobre o punto anterior.

Eu non creo que haxa que terlle medo a este tipo de órganos, como poidan ser mesas de alcaldes, ou ao diálogo interinstitucional, ou á creación de novos órganos que basicamente potencien, ou que non teñen por que ser outra cousa que unha fonte de diálogo. O que quero dicir é que o contido desta moción de xaneiro, que foi asumido polo Goberno provincial, non foi desenvolvido en ningún dos seus puntos, non houbo esa comisión, perdón, ese estudo que simplemente tería que racionalizar a titularidade das vías provinciais, xa non falamos de conservación, falamos de titularidade, era outro tipo de problemática, que está incluída na moción que presenta hoxe o Partido Popular, porque forma parte da problemática xeral das vías, e tampouco se creou esa mesa de alcaldes, este foi un compromiso que asumiu o goberno e non desenvolveu. Entón, sobre isto, tamén quero chamar un pouco a atención, porque eu creo que é importante que os compromisos que se acadan neste Pleno sexan executivos, é dicir, non sexan simplemente verbais, senón que teñen efectos e que se presenten a continuación unha conta de resultados sobre eles.

Nós apoiamos esta moción porque compartimos o seu sentido e porque nós xa presentamos unha case idéntica a esta, hai practicamente un ano, sobre a que non se fixo, que nós saibamos, que nós saibamos non, non se fixo ningún tipo de avance. Polo tanto, creo que haberá moitas conclusións ás que chegar do debate de hoxe pero unha delas é que esta institución ten que atender, de xeito preferente, ao estado de conservación das vías e tamén á tramitación dos expedientes de contratación relacionado con isto.

E, por último, eu creo que insistimos, tamén recuperamos hoxe aquela moción de xaneiro na que se facía referencia a algo que non é de investimento, pero si que é de planificación do recurso, que é a titularidade das vías, para que esta Deputación a execute mediante un procedemento de diálogo, como non pode ser doutro xeito cos concellos interesados. Hai moitos concellos que pode ser, o Concello da Coruña non hai moito tempo cambiou a titularidade dunha vía provincial, creo que o fixo ademais con bo criterio, porque tal vez teña outras, digamos, interese especial na súa conservación. E hai outros moitos concellos que, vías provinciais que pasan por zonas urbanas, queren adecentalos e coidalos dun xeito especial, non simplemente como se fose unha travesía máis. E, por iso, non só imos votar a favor desta moción, senón pedir que se executen os acordos da moción do 31 de xaneiro. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Nós, sen redundar moito, o que si que queriamos, en relación ao contido da moción, deixar primeiro en evidencia, efectivamente, o reto que é falar deses dous mil quilómetros de vías da Deputación. Salientar, efectivamente, a importancia que ten o esforzo no seu mmantemento, e evidentemente recoñecer que todas as prácticas son sempre mellorables e que toda aquela cuestión que redunde nunha mellora da conservación, a eficiencia e na eficacia, pois sempre é ir na boa dirección. Neste sentido, si coincidimos que o foro para a achega, para o debate, efectivamente, xa existe nunha comisión de vías e obras, que evidentemente é un foro no que están representadas todas as forzas políticas e que perfectamente dá para o debate máis alá da orde do día das comisións, evidentemente, que o compromiso orzamentario, e acabamos de falar desa cuestión, co mantemento das vías e obras da Deputación

está aí, e que por outro lado ese traballo de monitorización do estado das prioridades e das vías provinciais é un traballo que, efectivamente, está desenvolvido polos técnicos.

Apuntaba Alberto na súa intervención unha cuestión interesante, que non é menor, e que eu si que quería achegar nesa vontade de mellora, sendo conscientes, efectivamente, que hai que axilizar os procesos para que realmente todo este orzamento que se pon a disposición acabe sendo visibilizado, efectivamente, na mellora do estado das obras da Deputación, que é todo ese traballo realizado para a mellora dos pregos que redunden nunha maior axilidade e eficiencia á hora de desenvolver os procesos de contratación que agardamos que redunde tamén nunha mellora do mantemento das obras. Neste sentido, realmente entendemos que as ferramentas están xa a disposición dos Grupos, entendemos tamén, tal e como estamos vendo, que o desenvolvemento do diálogo entre nós, que a man está tendida, entón tampouco vemos que sexa acaído o contido da moción. Entón, o BNG vai posicionarse en contra.

Sr. Ben Otero

Moitas grazas. Imos ver, nós falamos dunha Comisión especial mixta de técnicos e políticos, moito máis alá dunha comisión informativa na que se resolven os temas de cada Pleno. Nós falamos dunha auditoría, vós dicides, ou o Goberno manifestanos que hai uns informes técnicos cada ano en que se fala de todo o estado da rede viaria, etc., nas distintas zonas da provincia, pois eu agradecería moito que eses informes se nos pasasen aos grupos para que tivésemos coñecemento deles.

E, por último, nós o que pretendiamos era facer unha política de institución máis aló dunha política de partido, era un cambio substancial que nós expuñamos hoxe aquí, respecto das vías provinciais, un tema que a todos os Grupos nos preocupa, que todos falamos diso, facer un cambio, unha política de institución provincial, por riba da política de partido. Os que temos a sorte de movernos moito pola provincia, e eu non son sospeitoso de facelo, aínda que as circunstancias agora non son as mellores, por desgraza, e espero que pronto cambien, pois sabemos a distinta situación na que están unhas zonas e outras. Eu, Sr. Presidente, non teño ningunha dúbida de que ti coñeces tamén a provincia perfectamente. Non é o mesmo o estado da estrada que vai de Santiago a Carballo, que é unha estrada provincial pola que eu cando vou, digo, oe, pois esta é unha estrada en bo estado, dá gusto, é unha estrada que podemos poñer en valor, e da que podemos presumir, e que efectivamente vertebra o territorio e é importante que estea nesta situación, é importante, pero non podemos esquecernos de que hai estradas na zona de Betanzos, na zona interior, zona interior de Santiago, no mesmo Ferrolterra hai moitas estradas, e que no resto da provincia están nunha situación moi precaria, moi precaria. Entón, claro, cando un vai por Dumbría, con todos os respectos, e viaxa por esas vías, di, oe o plan piloto de vías provinciais debía de ser este, e eu aplaudo que as vías de Dumbría estean como están, apláudoo, e satisfaime que estean así, e creo que é bo que estean así, pero quero que tamén as vías do resto da provincia estean nesta situación, porque creo que é importante, porque ter unhas vías provinciais en boa situación, primeiro vertebran a provincia, que é fundamental, ao vertebrar a provincia xérase unha maior seguridade viaria importante para a saúde das persoas, e terceiro, xeran actividade económica e achegan aos territorios ás persoas que viven

neles para que poidan ter igualdade e posibilidades de competir, e non os deixemos illados en moitas situacións.

En consecuencia, eu creo que é importante que valoremos as cousas e que lle chamemos como sexa, pero que empecemos a facer política de verdade para que aqueles que quedaron atrás, que poidan achegarse. En consecuencia, a política de vías e obras debería ser unha política de institución, máis aló do partido que goberne en cada momento.

E para acabar, falábase de investimento en vía e obras no goberno do presidente Calvo, o último ano, pero eu vou dar tres cifras e vou explicar por que as dou, e son cen, cero e cen. Isto significa o seguinte: cen millóns de euros de débeda tiña o Sr. Calvo cando se fixo cargo da institución provincial, cero euros de débeda deixou o Sr. Calvo cando lle cedeu a vostede, Sr. Formoso, a Deputación, o Goberno da Deputación, e cen millóns de euros ten vostede hoxe de remanente, Sr. Formoso, que non se dan executado. Eses son os datos, cen, cero e cen, esa é a realidade.

En consecuencia, a situación cambiou daquel momento a este momento. Eu convídoo, de verdade, primeiro a que nos trasladen os informes do estado das vías, se están, serán públicos, solicitaremos por rexistro, queremos saber en que situación están, pero completos, situación, ano de execución, últimas reparacións feitas, tránsito, e de verdade, fagamos unha política seria, máis aló dos partidos. Cando nos toque gobernar a nós, e algún día tocaranos aos que estamos fisicamente aquí, ou a outros que virán mellorarnos, substituírnos no noso Partido, pedirémoslle o mesmo aos que estean aquí. Fagamos unha política seria de conexión, de vertebración do territorio para que todo o mundo poida ter igualdade e capacidade de ter unha actividade económica no seu territorio, e achegar ás persoas, nada máis. Era a idea desta moción. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Empezando polo Sr. Lema. Efectivamente, selectivo dicíase antes que non é discrecional, di vostede a diferenza entre a vía de Teo e Brión, se quere lévoo ao meu Concello, ensínolle a 4803 e verá que metade desa vía está pavimentada recentemente aglomerada hai cousa de tres anos, e a outra metade está nun estado bastante malo. Pero iso non é porque sexa discrecional, ou porque se teña en conta a cor política, porque xa digo, a 4803 no meu concello está a metade ben e metade mal, e da mesma cor política quen goberna, o que pasa é que é unha cuestión tamén orzamentaria, Sr. Lema. Non podemos moitas veces actuar, dado o tamaño das vías provincias, na súa totalidade, e se vai facendo por fases, non é unha cuestión que se teña en conta pola cor política.

Dicía vostede que escoitando ao Goberno parece que está todo ben, eu non dixen iso en ningún momento, o que pasa é que escoitándoo a vostede dá a impresión, porque o dixo claramente, que aquí había cartos de sobras para manter as vías provinciais en perfecto estado, e o que estou dicindo é que iso non é verdade. Non os hai aquí, como non os hai en ningún concello, nin na Xunta de Galicia, nin no Concello da Coruña cando gobernaban vostedes, porque entendo que neses catro anos de goberno non deixarían todas as rúas da Coruña pavimentadas perfectamente, nin as estradas, pero non porque non quixeran facelo, senón porque

os recursos dos que dispoñían non eran ilimitados, como tampouco o son para esta Deputación. De aí que se fagan eses estudos, que o estabamos a comentar, nos que se priorizan as actuacións. Loxicamente os tempos, xa llo expliquei moitas veces, non depende, desde que se aproba un proxecto de vías e obras, non depende só da vontade da Deputación provincial, e moito menos do departamento de Contratación, que me consta ademais que fan un labor para ser todo o máis apurada que poida ser esa tramitación, senón que inflúen outros moitos factores, como dixen antes, a cesión dos terreos. A diferenza entre que a cesión sexa voluntaria para os propietarios e a cesión sexa a través dunha expropiación, é abismal, en canto ao tempo. Xa non falemos dunha vía que pase pola costa, que pase por riba dun par de ríos e pegada a unha vía do tren, nos botaríamos, dous anos, tranquilamente para conseguir as autorizacións sectoriais. De feito, moitos dos que estamos aquí, nos nosos concellos teremos actuacións aprobada pola Deputación en vías e obras en anos precedentes, e teremos outras aprobadas posteriormente que xa se están a executar, porque ningunha vía é igual á anterior, e as dificultades que ten na súa tramitación os expedientes nunha vía non son comparables aos da outra, de aí que non sempre poidamos ser todo o rápidos que a todos nos gustaría. Pero o que dixen, e iso son datos perfectamente constatables, é os fondos que esta Deputación ou que este Goberno provincial dedica ao departamento de vías e obras con respecto a gobernos anteriores ou a lexislaturas anteriores, e iso é un feito constatable que eu non me estou inventado.

Polo tanto, o que reflicte ese feito é o interese que ten este Goberno provincial polo mantemento e conservación desas vías, e desgrazadamente, díxeno e o repítoo, non temos recursos suficientes para poder telas todas en perfecto estado, pero estase facendo un esforzo investidor para ir pouco a pouco mellorándoas, de feito no orzamento que acabamos de aprobar coas abstencións e votos a favor dos Grupos desta Corporación, hai un incremento dun 2,5% do orzamento de vías e obras, que é un dos departamentos que máis orzamento consume dentro do que é a Deputación Provincial da Coruña.

Por tanto, si que hai ese esforzo. Non estamos en ningún momento presentando unha realidade utópica que non teña nada que ver co que todos e todas vemos. O que estamos a dicir é que os fondos dos que dispoñemos non son suficientes, e teriamos que dedicar, xa non todo o orzamento, senón varios orzamentos na súa totalidade, para poder ter as vías provinciais en perfecto estado, algo que non consigue ningunha administración, nin a estatal, nin a autonómica, nin a local.

Dicía o Sr. Ben, daba tres datos, cen, cero, cen. Claro, pero entre o primeiro cen e o cero esquecéuselle comentar unha cosa, Sr. Ben, e é que hai unha lexislación imposta pola Unión Europea e polo Goberno do Estado de control do gasto público ás administracións, que impedía gastar, que priorizaba o pago da débeda e obrigaba a aforrar, de aí os cen que di vostede despois. Non digo eu que a xestión fora mala nin boa do anterior goberno provincial, non vou entrar aí, agora que en gran medida o feito de que a débeda fora cero cando chegamos ao goberno estaba, loxicamente, como no meu concello e en moitos outros, porque había unhas limitacións ao gasto público impostas por Europa e polo Goberno do Estado, que impedían gastar remanentes.

E di vostede que son cen millóns o remanente, eu non sei sinceramente, estou por traer, como no "Un, Dos, Tres", aquela especie de papeliños que van sacando as azafatas cos datos, porque xa se cansa un de falar do tema dos remanentes. Non hai cen millóns de euros de remanentes nesta Deputación, os remanentes que se podían utilizar acabamos de habilitalos agora, a ver se queda claro. Eu fágolle unha proposta, de paso que fai esa petición de informe, pida vostede tamén un informe ao Departamento de Intervención para que vostede e os demais teñan claro canto temos os remanentes desta Deputación, porque un día un esperta con trescentos millóns no banco, despois son douscentos, despois son cento corenta, despois son cen de remanentes, eu non sei se flutúa tanto os fondos que ten a Deputación nas contas bancarias, pero desde logo non me consta que sexa así, polo menos en canto aos informes oficiais que temos nesta Deputación, non hai cen millóns de euros de remanentes. Ao longo da pasada lexislatura e da presente, e vostede sábeo perfectamente, os remanentes que fomos utilizando foron os que nos permitía a lei vixente, nin máis nin menos, e se non se gastaron máis é porque non nos deixaban, porque créame vostede que onde gastalos, como ben todos sabemos, hai moito. Agora, se eliminan ou se paralizan temporalmente esas regras fiscais, e utilizamos máis remanentes dos que estabamos utilizando, e a proba é o Plan único que acabamos de aprobar. Polo tanto, imos ver se somos un pouco máis precisos cando fagamos as intervencións, e deamos datos, que está claro que cen, cero, cen, está xenial, entra moi ben, pero non se corresponde coa realidade.

Dito o cal, e volvendo á moción en si, repito, gran parte desta moción, do que contempla ou do que propón esta moción, xa existe actualmente, e entendo que existía antes tamén, quero pensar. Polo tanto, calquera dos Grupos pode facer esa oposición construtiva que os caracteriza a todos vostedes e presentar propostas nesas comisións cos rogos de vías. A min non me fai falta, como di vostede, que tamén pateo moito a provincia, por outras obrigas de carácter orgánico, como vostede, ese informe dos técnicos para saber como están as vías provinciais, vostede sábeo coma min. Onde hai que incidir e en como priorizamos as actuacións. Con base niso xa se di que hai un estudo da situación das vías, da súa utilización, é dicir, do número de vehículos que transitan por elas, dos núcleos que comunican, é dicir, da súa importancia e relevancia dentro da rede viaria provincial, que non son todas iguais.

Pero ben, en todo caso, saudamos este cambio, se se pode dicir así, non sei como o diría, ese foro de debate e de achega de propostas para vías e obras para ese tipo de actuacións, pero loxicamente entenderá vostede que o goberno ten unha serie de facultades. Como entendo que todos os alcaldes que están aquí sentados do meu Grupo, e do Partido Popular, ou de Alternativa, non teñen comisións nos seus concellos con todos os Grupos da oposición para decidir entre todos nesa comisión que actuacións se levan a cabo, por que?, porque loxicamente os gobernos están elixidos para gobernar, o labor da oposición é fiscalizar e facer unha oposición loxicamente construtiva, facendo achegas, e ese é o foro que xa temos creado a través da comisión informativa que comentaba con anterioridade.

Polo tanto, agradecendo, loxicamente, a súa preocupación pola situación das vías e compartindo a necesidade da súa reparación e de que a súa situación, e déixoo claro, é mellorable, como todo é mellorable nesta vida, loxicamente si que neste aspecto non podemos votar favorablemente esta moción. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (13 do PP e 1 de Marea Atlántica)
Votan en contra: 16 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: ningún deputado/a

Rexéitase a moción.

Sr. Presidente

Hai unha última moción presentada polo Grupo Marea Atlántica sobre os dereitos do pobo do Sáhara.

2.Moción sobre os dereitos do pobo do Sáhara

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pobo saharaui leva décadas padecendo as agresións de Marrocos coa complicidade da comunidade internacional. Nin os diferentes gobernos do estado español nin a Unión Europea interviron para facer cumprir o dereito internacional e as múltiples resolucións da ONU, como o coñecido Plan Baker que incluía a posibilidade da celebración dun referendum e a constitución dunha asemblea lexislativa no Sáhara.

O pasado 13 de novembro o exército marroquí rompeu o alto ao fogo asinado con Rabat en 1991, realizando un ataque no paso fronterizo de Guerguerat.

A Fronte Polisario, a través do seu secretario xeral e presidente da República Árabe Democrática Saharauí, Brahim Ghali, denunciaba este ataque e facía, canda o Goberno da República Saharauí, un chamamento urxente “ás Nacións Unidas, a todos os Estados e aos pobos amantes da Paz, da xustiza e da igualdade, para que apoien o pobo saharauí e o acompañen na loita contra a agresión marroquí, que non respecta os seus compromisos e viola os principios e valores comunmente compartidos”.

A Misión das Nacións Unidas para o referendo no Sáhara Occidental (Minurso ten como obxectivo a celebración dunha consulta para a autodeterminación deste territorio que foi colonia española, até que no ano 1975 España cedeu a súa xestión a unha administración temporal formada por España, Marrocos e Mauritania. Atopámonos en 2020, ás portas do 2021, e o referendo segue pendente. Evitemos ser cómplices e ollar cara a outro lado.

Galiza é recoñecida polo seu espírito solidario, por ser país de acollida e contar cun tecido social e asociativo moi forte do que sentirnos orgullosas. No noso país aséntanse diversas entidades que traballan directa ou indirectamente co pobo saharauí, coma Solidaridade Galega co Pobo Saharauí ou a ONGD Aire. E moitas das nosas familias participan cada ano no programa Vacacións en Paz, proxecto que este ano non puido levarse a cabo por mor da situación derivada da pandemia.

Pola terrible situación na que se atopa o pobo saharauí, agravada polas últimas accións de guerra perpretadas por Marrocos, a Corporación da Deputación da Coruña adopta por unanimidade os seguintes

ACORDOS

1.- Instar o Goberno de España a:

- Instar ao secretario xeral da ONU ao nomeamento dun enviado ou representante especial no Sáhara Occidental, imprescindible para a organización do referendo.
- Instar á ONU ao cumprimento da Resolución 690 do Consello de Seguridade de data 29 de abril de 1991 polo que se mandata á MINURSO á organización do referendo.
- Esixir que se cumpra co dereito internacional e os tratados internacionais relativos aos dereitos humanos.
- Condenar a inxerencia do exército de Marrocos e esixir o cesamento inmediato da ocupación ilegal do Sáhara Occidental.
- Garantir o exercicio do pobo saharauí do seu dereito á autodeterminación.
- Asumir a responsabilidade histórica do Goberno de España co pobo saharauí, e actuar en consecuencia sen dilatalo outros 45 anos.
- Recoñecer e agradecer á Unión Nacional de Mulleres saharauís o seu traballo nos campos de refuxiadxs.
- Aumentar a cooperación e a axuda humanitaria cos campos de refuxiados e cidades ocupadas, así como solicitar o aumento de fondos europeos para o Sáhara Occidental.
- Deixar de celebrar contratos multimillonarios de compraventa de armamento militar en cumprimento do dereito internacional humanitario.
- Exercer as acción internacionais que correspondan para a liberación das presas e presos políticos das cárceres de Marrocos.

2.- A Corporación manifesta:

- Expresar o apoio e a solidariedade co pobo saharaui ante a agresión de Marrocos que viola as fronteiras e os acordos de paz de 1991.
- Manter o compromiso coa defensa dos dereitos humanos e o cumprimento do dereito internacional.
- Incrementar as políticas que favorezan o acollemento e a integración de persoas que se ven obrigadas a fuxir dos seus fogares a causa de abusos e situacións de risco ou guerra.

- Colaborar coas entidades que traballan nos lugares de conflito e que procuran mellorar a calidade de vida das persoas que están a padecer as súas consecuencias.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas. Como todos coñecerán, nestas datas estamos a ser testemuñas dunha nova agresión por parte do estado marroquí sobre o territorio do Sáhara, que levan desde a súa desocupación por parte do estado español en 1975 pendente de executar unha morea de peticións de organismos internacionais, como a ONU, para que se lle outorgue o dereito, o seu lexítimo dereito á autodeterminación, mediante un referendo. Non fai falta comentar aquí os especiais vínculos históricos que ten, tanto o estado español co Sáhara, como tamén Galicia, evidentemente hai tamén relacións de ámbito económico, como a importancia que tivo no seu momento o banco canario sahariano para a nosa flota de altura, ou para a flota cefalopodeira. Pero indo máis ao concreto, ao que estamos asistindo tamén é a un silencio cómplice por parte do Estado respecto desta agresión do estado marroquí sobre o territorio do Sáhara.

Outras veces neste Pleno temos asistido a debates interesantes sobre a institución monárquica, é relevante coñecer no proceso de desocupación do Sáhara cal foi o papel que tivo o rei emérito porque en menos de corenta e oito horas deu ordes contraditorias a quen estaba alí dirixindo naquel momento as tropas españolas, sobre a permanencia en primeiro lugar a toda costa no territorio ocupado do Sáhara, e a súa evacuación de xeito urxente. Por todas estas razóns e por moitas outras que poderiamos incorporar, propoñemos a esta Corporación a adopción dos seguintes acordos: Instar ao Goberno de España a instar ao secretario xeral da ONU ao nomeamento dun enviado ou representante especial no Sáhara Occidental, imprescindible para a organización do referendo. Punto 2, instar á ONU ao cumprimento da Resolución 690 do Consello de Seguridade do 29 de abril de 1991 polo que se mandara á MINURSO a organización do referendo. Punto 3, esixir que se cumpra co dereito internacional e os tratados internacionais relativos aos dereitos humanos. Tamén pedimos condenar a inxerencia do exército de Marrocos e esixir o cesamento inmediato da ocupación ilegal do Sáhara Occidental. Garantir o exercicio do pobo saharauí do seu dereito á autodeterminación. Asumir a responsabilidade histórica do Goberno de España co pobo saharauí, e actuar en consecuencia sen dilatalo outros 45 anos. Recoñecer e agradecer á Unión Nacional de Mulleres saharauís o seu traballo nos campos de refuxiados. Aumentar a cooperación e a axuda humanitaria cos campos de refuxiados e cidades ocupadas, así como solicitar o aumento de fondos europeos para o Sáhara Occidental. Deixar de celebrar contratos multimillonarios de compravenda de armamento militar a Marrocos en cumprimento do dereito internacional humanitario. Exercer as acción internacionais que correspondan para a liberación das presas e presos políticos dos cárceres de Marrocos.

Así mesmo, a Corporación manifesta: Expresar o apoio e a solidariedade co pobo saharauí ante a agresión de Marrocos que viola as fronteiras e os acordos de

paz de 1991; manter o compromiso coa defensa dos dereitos humanos e o cumprimento do dereito internacional; incrementar as políticas que favorezan o acollemento e a integración de persoas que se ven obrigadas a fuxir dos seus fogares a causa de abusos e situacións de risco ou guerra; colaborar coas entidades que traballan nos lugares de conflito e que procuran mellorar a calidade de vida das persoas que están a padecer as consecuencias deste conflito. Nada máis, estes son os acordos, moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Alberto, hai unha emenda do Partido Popular.

Sr. Lema Suárez

Non sei se quere defender antes Evaristo, ou quere... nós falamos antes, nós pensamos que é unha emenda que digamos asume parte do contido en xeral da nosa moción, pero que é menos ambiciosa, e entendemos que neste asunto cómpre ser o máis tallantes posible, por iso non imos aceptar a emenda.

Sr. Presidente

Entón, xa non se debate.

Sra. Muíño Filgueira

En relación coa moción presentada pola Marea por parte do Grupo do BNG expresar o noso acordo co contido, ademais de deixar aquí patente a nosa condena e repulsa ás accións de violencia e ataque perpetradas contra os civís saharauís desarmados por parte das forzas armadas marroquís. Tamén coincidimos con esa visión que ofrece Alberto de que as demandas teñen que ser esixentes e contundentes para dar fin a unha situación que xa se perpetúa por máis de corenta anos e que, evidentemente, esta solución pasa por dar cumprimento á celebración dese referendo que realmente permita ao pobo saharauí exercer o seu dereito de autodeterminación que realmente é o que levará á solución deste conflito.

Coincidimos tamén na esixencia dun papel activo, tanto por parte da ONU, como tamén por parte do Estado español, e evidentemente tamén na consideración non equitativa neste conflito das dúas partes, pois evidentemente o pobo saharauí neste caso é aquel que se sitúa nunha posición de opresión e privación de dereitos. Máis nada.

Sr. García Seoane

Nada que dicir, totalmente de acordo coa moción que presenta Lema, e engadir algo, as persoas que escapan das guerras, que escapan da persecución, non é o caso destas últimas pateras que están chegando á costa de Canarias e á costa española está claro que ten un fin determinado, o Goberno marroquí está atacando ao pobo saharauí, creando unha nova guerra contra o pobo saharauí, masacrándoo, e para que o Goberno español non abra a boca o que lle fan é largarlle para as costas unha morea de cidadáns que non veñen do Iemen, non veñen de Malí, non, veñen de

Marrocos, son marroquís, mozos marroquís todos eles, que os meten nas lanchas para invadirnos. A situación é crearlle un cisma ao Goberno de España para que cale a boca e non fale da guerra.

Iso é o que eu quero apuntar, creo que na mente dos que temos conciencia política e social, está claro que ese é o fin que sempre tivo o goberno marroquí, cada vez que fai algo contra o pobo saharauí, para que España non se mova, crea algún cisma, e neste caso o que quere crear é a avalancha de cidadáns que están chegando ás nosas costas, por certo, sen importarlle para nada os miles deles que non chegan, e que quedan no Océano Atlántico, é lamentable, pero ben, isto é o que hai. Polo tanto, apoio total á moción.

Sr. Rodríguez Martínez

Coa maior brevidade. Efectivamente, estamos ante un conflito longo e complexo. Desde o Partido Popular apoiamos, evidentemente, unha solución política xusta, duradeira, e mutuamente aceptable que permita a libre autodeterminación do pobo do Sáhara occidental, no marco dos principios xa establecidos polas Nacións Unidas. Condenamos, evidentemente, rexeitamos calquera iniciativa que poida alterar eses acordos adoptados xa no ano 91, e pedimos, evidentemente, e instamos ás partes a retomar o proceso negociador de cara a avanzar cara a esa solución política xusta, duradeira e mutuamente aceptable, segundo eses parámetros que, de forma reiterada, xa estableceu Nacións Unidas. Polo tanto apostamos por un enfoque gradual, por un enfoque progresivo, que xere ese consenso no Consello de Seguridade.

Falaba antes Alberto, efectivamente, dos vínculos que ten, non só España, senón tamén Galicia, falaba da importancia por exemplo dos nosos intereses pesqueiros, tamén hai que, efectivamente, destacar que existe un forte vínculo ou hai un labor de cooperación importante que vén desenvolvendo Galicia desde hai moitos anos, e hai un importante tamén colectivo de familias acolledoras que participan dese programa de Vacacións en Paz, que presta tamén asistencia sanitaria a eses nenos e a esas nenas que cada ano se achegan á nosa Comunidade. Polo tanto, vemos con preocupación todos estes acontecementos das últimas semanas.

Pensamos que a ausencia dunha posición clara por parte do Goberno está a poñer efectivamente en risco os intereses, neste sentido, do noso país. Compartimos fronteira marítima e terrestre con Marrocos, pechada desde hai case oito meses esta última, e vivimos ademais un momento especialmente delicado con esa crise migratoria que está a padecer, estamos a padecer en primeira persoa na Comunidade de Canarias, ademais agravada incluso pola ausencia de España no último cume europeo sobre inmigración.

Polo tanto, insistimos, pensamos que cómpre deplorar eses actos violentos, pedir o cesamento inmediato das hostilidades, por suposto, e chamar ás partes á contención e ao diálogo e apoiar, como non pode ser doutro xeito, a misión das Nacións Unidas para o referendo do Sáhara occidental.

Estando de acordo no fundamental, como tamén apuntaba antes o Sr. Lema, por que non podemos apoiar expresamente, toda vez que a nosa emenda non vai

prosperar, a nosa posición de voto vai ser a de abstención? Ben, porque pensamos que a política exterior é unha política de Estado, e como tal política de Estado, require ademais dunha lealdade, e estamos vendo que precisamente a deslealdade coa política exterior que corresponde ao Estado e, polo tanto, ao Goberno, está a vir do propio Goberno. Polo tanto, pensamos que esas facturas das liortas internas entre o PSOE e Podemos en Madrid no deben de, digamos, botar lume sobre este tipo de posicionamentos. Aquí era obvio que había un malestar por parte dos colectivos saharauís co silencio que estaba a manter o Goberno de España, quen saíu a falar, vía twitter, como habitualmente tamén nos ten acostumados noutras ocasións, foi o vicepresidente, e isto o que supuxo foi crear un malestar no Goberno, expresado mesmo por seis ministros, que poden parecer moitos, pero hai que recordar que falamos dun Goberno con 22 ministros, co cal tampouco son tantos, pero ben, que son unha parte importante tamén de 6 ministros que tiveron que saír en defensa desa lealdade.

E mentres tanto, que é o que está a ocorrer?, e por iso pensamos que non hai que mesturar estas cousas, pois como apuntaba tamén Gelo, o Sr. García Seoane, pois que temos en fronte da costa do Sáhara occidental unha crise migratoria que tamén ten a súa incidencia, efectivamente, non só no ámbito económico, senón principalmente tamén no ámbito humanitario e, polo tanto, aí temos que apoiar. Non é motivo de tranquilidade que desde o Goberno se diga que a axenda deste tema a leva persoalmente o propio presidente pero ben, en todo caso, insistimos, apoiar todas esas iniciativas para a solución pacífica e para, evidentemente, superar este momento de crise e que se poida, dentro do marco establecido xa pola ONU chegar a ese consenso, e que evidentemente as pelexas interiores do Goberno do Estado non están a axudar a solucionar favorablemente este conflito e a incidencia que ten na crise migratoria tan grave que estamos agora mesmo a padecer, e que polo tanto o noso posicionamento vai ser o da abstención, toda vez que a nosa emenda non vai prosperar, máis nada e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

"Moción sobre os dereitos do pobo do Sáhara

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pobo saharaui leva décadas padecendo as agresións de Marrocos coa complicidade da comunidade internacional. Nin os diferentes gobernos do estado español nin a Unión Europea interviron para facer cumprir o dereito internacional e as múltiples resolucións da ONU, como o coñecido Plan Baker que incluía a posibilidade da celebración dun referendum e a constitución dunha asemblea lexislativa no Sáhara.

O pasado 13 de novembro o exército marroquí rompeu o alto ao fogo asinado con Rabat en 1991, realizando un ataque no paso fronterizo de Guerguerat.

A Fronte Polisario, a través do seu secretario xeral e presidente da República Árabe Democrática Saharauí, Brahim Ghali, denunciaba este ataque e facía, canda o Goberno da República Saharauí, un chamamento urxente "ás Nacións Unidas, a todos os Estados e aos pobos amantes da Paz, da xustiza e da igualdade, para que apoien o pobo saharauí e o acompañen na loita contra a agresión marroquí, que non respecta os seus compromisos e viola os principios e valores comunmente compartidos".

A Misión das Nacións Unidas para o referendo no Sáhara Occidental (Minurso ten como obxectivo a celebración dunha consulta para a autodeterminación deste territorio que foi colonia española, até que no ano 1975 España cedeu a súa xestión a unha administración temporal formada por España, Marrocos e Mauritania. Atopámonos en 2020, ás portas do 2021, e o referendo segue pendente. Evitemos ser cómplices e ollar cara a outro lado.

Galiza é recoñecida polo seu espírito solidario, por ser país de acollida e contar cun tecido social e asociativo moi forte do que sentirnos orgullosas. No noso país aséntanse diversas entidades que traballan directa ou indirectamente co pobo saharauí, coma Solidaridade Galega co Pobo Saharauí ou a ONGD Aire. E moitas das nosas familias participan cada ano no programa Vacacións en Paz, proxecto que este ano non puido levarse a cabo por mor da situación derivada da pandemia.

Pola terrible situación na que se atopa o pobo saharauí, agravada polas últimas accións de guerra perpretadas por Marrocos, a Corporación da Deputación da Coruña adopta por unanimidade os seguintes

ACORDOS

1.- Instar o Goberno de España a:

- Instar ao secretario xeral da ONU ao nomeamento dun enviado ou representante especial no Sáhara Occidental, imprescindible para a organización do referendo.
- Instar á ONU ao cumprimento da Resolución 690 do Consello de Seguridade de data 29 de abril de 1991 polo que se mandata á MINURSO á organización do referendo.
- Esixir que se cumpra co dereito internacional e os tratados internacionais relativos aos dereitos humanos.
- Condenar a inxerencia do exército de Marrocos e esixir o cesamento inmediato da ocupación ilegal do Sáhara Occidental.
- Garantir o exercicio do pobo saharauí do seu dereito á autodeterminación.
- Asumir a responsabilidade histórica do Goberno de España co pobo saharauí,

e actuar en consecuencia sen dilatalo outros 45 anos.

- Recoñecer e agradecer á Unión Nacional de Mulleres saharauís o seu traballo nos campos de refuxiadxs.
- Aumentar a cooperación e a axuda humanitaria cos campos de refuxiados e cidades ocupadas, así como solicitar o aumento de fondos europeos para o Sáhara Occidental.
- Deixar de celebrar contratos multimillonarios de compraventa de armamento militar en cumprimento do dereito internacional humanitario.
- Exercer as acción internacionais que correspondan para a liberación das presas e presos políticos das cárceres de Marrocos.

2.- A Corporación manifesta:

- Expresar o apoio e a solidariedade co pobo saharaui ante a agresión de Marrocos que viola as fronteiras e os acordos de paz de 1991.
- Manter o compromiso coa defensa dos dereitos humanos e o cumprimento do dereito internacional.
- Incrementar as políticas que favorezan o acollemento e a integración de persoas que se ven obrigadas a fuxir dos seus fogares a causa de abusos e situacións de risco ou guerra.
- Colaborar coas entidades que traballan nos lugares de conflito e que procuran mellorar a calidade de vida das persoas que están a padecer as súas consecuencias.

Sr. Presidente

Pasamos á última moción conxunta, relativa ás estatuas do Mestre Mateo que se atopan no Pazo de Meirás.

3.Moción conxunta relativa ás estatuas do Mestre Mateo que se atopan no Pazo de Meirás

O Pleno da Corporación de Santiago, na sesión ordinaria que tivo lugar o 24 de setembro, aprobou por unanimidade unha moción conxunta dos catro grupos municipais instando ás administracións públicas (Goberno do Estado, Xunta de Galicia e Deputación de A Coruña) a promover un novo procedemento xudicial, coordinadamente coa propia institución municipal, e co apoio e colaboración de persoal investigador e de asociacións para a recuperación da memoria histórica, para reclamarlle á familia Franco as esculturas do Mestre Mateo, proseguindo así o camiño aberto na recente sentenza sobre o Pazo de Meirás.

Posteriormente, o Pleno do Parlamento galego aprobou, igualmente por unanimidade, a seguinte proposta:

"1.- Proseguir o camiño aberto na recente sentenza sobre o Pazo de Meirás, froito do traballo coordinado da iniciativa social, co obxecto de investigar e documentar o espolio das estatuas de Xeremías, Abraham e Isaac declaradas BIC e estudar as vías para a súa recuperación por parte do Concello de Santiago.

2.- Crear un grupo de traballo co Concello de Santiago, aberto á participación da

Deputación da Coruña e do Goberno do Estado, así como de especialistas nos ámbitos xurídico e histórico e de asociación de defensa do patrimonio que valoren as liñas de acción de cara á recuperación das esculturas".

Por todo o anterior, o Pleno da Deputación da Coruña

ACORDA:

Adherirse ao grupo de traballo creado a instancias do Parlamento galego para a recuperación das estatuas do Mestre Mateo que se atopan no Pazo de Meirás.

Sr. Secretario

(Le o texto da moción)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/a deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción conxunta relativa ás estatuas do Mestre Mateo que se atopan no Pazo de Meirás

O Pleno da Corporación de Santiago, na sesión ordinaria que tivo lugar o 24 de setembro, aprobou por unanimidade unha moción conxunta dos catro grupos municipais instando ás administracións públicas (Goberno do Estado, Xunta de Galicia e Deputación de A Coruña) a promover un novo procedemento xudicial, coordinadamente coa propia institución municipal, e co apoio e colaboración de persoal investigador e de asociacións para a recuperación da memoria histórica, para reclamarlle á familia Franco as esculturas do Mestre Mateo, proseguindo así o camiño aberto na recente sentenza sobre o Pazo de Meirás.

Posteriormente, o Pleno do Parlamento galego aprobou, igualmente por unanimidade, a seguinte proposta:

"1.- Proseguir o camiño aberto na recente sentenza sobre o Pazo de Meirás, froito do traballo coordinado da iniciativa social, co obxecto de investigar e documentar o espolio das estatuas de Xeremías, Abraham e Isaac declaradas BIC e estudar as vías para a súa recuperación por parte do Concello de Santiago.

2.- Crear un grupo de traballo co Concello de Santiago, aberto á participación da Deputación da Coruña e do Goberno do Estado, así como de especialistas nos ámbitos xurídico e histórico e de asociación de defensa do patrimonio que valoren as liñas de acción de cara á recuperación das esculturas".

Por todo o anterior, o Pleno da Deputación da Coruña

ACORDA:

Adherirse ao grupo de traballo creado a instancias do Parlamento galego para a recuperación das estatuas do Mestre Mateo que se atopan no Pazo de Meirás."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. García Seoane

Un Franco, outro Franco, da familia Franco, paralizou unha obra en Guísamo, paralizou o corte da maleza que saía do predio del na estrada de Guilíade, na zona de Sampaio, onde morreu un ciclista hai uns meses, unha estrada desas que falabamos antes, estreita, e incomprensiblemente a Deputación parou de cortar a maleza que saía do muro para fóra á estrada que é da Deputación. O presidente tiña firmado, en concreto ti tiñas firmado que se executara esa limpeza, e que non se pode paralizar. Está o pobo de Guísamo totalmente levantado, é unha vergoña que porque ameace que lle vai poñer unha querela á Deputación se paralice. Non se pode parar nunha estrada provincial de limpar unha invasión da estrada de metro e pico desde o peche para fóra. Polo tanto, eu rogo, presidente, que sen máis se tire para adiante novamente co corte desa maleza que invade a estrada. Nada máis.

Sr. Presidente

Tes toda a razón do mundo. Nese tramo, efectivamente, morreu un ciclista hai uns meses, é un tramo que xa por dúas ocasións a Deputación intentou remodelar, para ampliala e mellorar a seguridade viaria e por cuestións de Patrimonio, non nos autorizaron a realización desas obras. Efectivamente, dentro dos labores de auditoría e de inspección que fan os vixiantes e os enxeñeiros técnicos en cada zona de conservación, observan que esa zona necesita, require da poda principalmente de especies arbóreas que lindan coa estrada, e se traslada aos servizos técnicos e os servizos técnicos comezan ao procedemento para esa limpeza. Notificáselle ao propietario, o propietario non recolle a notificación, notifícaselle de modo fidedigno por segunda vez, non recolle a notificación, e se fan dúas publicacións no Boletín Oficial da Provincia, polo que a min me informan hoxe pola mañá ao respecto. Cando se procede a executar de forma subsidiaria os traballos de limpeza aparece, parece ser, o propietario con asesoramento xurídico e indica que el non fora notificado ou que non tiña coñecemento desa notificación. Parece ser que os servizos técnicos da casa falan coa asesoría xurídica que recomenda que se lles dea un prazo para executar, comprométese el a executar os traballos nun prazo máximo de quince días, el mesmo.

Eu estou de acordo contigo, eu non tería parado eses traballos, pero entendo que o procedemento legal e rigoroso que se leva a cabo nesta casa ás veces implica estas inxustizas. Hai un compromiso do propietario de que en quince días vai executar os traballos, xa se consumiron varios días, imos respectar ese procedemento, senón evidentemente vaise executar, porque por riba dos caprichos dun propietario, como ti ben dis, Gelo, está a vida das persoas, e ata aí podiamos chegar.

Sr. García Seoane

Eu espero que se faga, el non pode invadir a vía pública, calquera outro, dicía un veciño onte alí, "se fora a min xa me tiñades cortado ata a cabeza". Por tanto, temos que actuar. Este é un franquista, porque é da familia Franco, é franquista de verdade, por estirpe, polo tanto, leña ao mono.

Sr. Ben Otero

Nós temos dous rogos, primeiro o Sr. Castrillón, outro eu, e dúas preguntas.

Sr. Castrillón Permuy

Grazas, presidente. En nome do Grupo Provincial Popular fágoche o seguinte rogo. A estrada DP 5407 que une O Feal con O Ponto, o Grupo municipal Popular de Narón recibiu en varias ocasións a demanda dos veciños que viven por esa zona para que solicitemos ao Concello de Narón que dote de beirarrúas, ou senda peonil para que os seus peóns poidan camiñar con seguridade, xa que nestes momentos carecen deses servizos, cambio de iluminación pública, dado que o existente está moi deteriorado, non cumprindo a normativa luminosa, sendo un perigo a circulación pola noite para os peóns, así como conseguir un tráfico máis fluído e seguro para todos e todas. Por todo isto, o Grupo Provincial Popular e no seu nome este deputado, faille o seguinte rogo: Que se realicen os trámites correspondentes coa Deputación para arranxar o solicitado polos veciños. Grazas.

Sr. Ben Otero

O Grupo Popular votou favorablemente a aprobación do PEL Reactiva falando daquela de que incluso o viamos insuficiente. Hoxe votamos tamén favorablemente a achega de tres millóns de euros para as tres cidades que non estaban incluídas ou que non podían acceder ao PEL. Con isto quero dicir que o noso compromiso con este asunto está debidamente acreditado.

Desde a aprobación do PEL no Pleno hai unha situación distinta, e esta situación vén provocada polo peche obrigatorio da hostalería nas zonas perimetradas. O PEL púxose a disposición de noventa concellos da provincia, pero a casuística mudou moito, e vou poñerlle exemplos que teñen que ver con gobernos municipais de todos os Partidos con representación na Corporación provincial.

A hostalería en Oleiros está pechada, pero en Carral está aberta. Nas Pontes está aberta, pero en Culleredo está pechada, en Vimianzo está pechada, pero en Camariñas está aberta, en Sada está aberta pero en Teo está pechada, en Carballo está pechada e en San Sadurniño está aberta, ou no Pino está pechada, pero en Touro está aberta, ou en Vedra está pechada e en Padrón está aberta. Quero dicir que todos os concellos que tiveron que ter a hostalería pechada polo prazo dun mes está nunha situación de maior dificultade con respecto ao resto dos concellos. Por todo isto, presentámoslle o seguinte rogo: Que polo correspondente órgano do Goberno provincial se habilite unha partida destinada aos concellos onde está pechada a hostalaría ou se poida pechar no futuro, co fin de que estes concellos dediquen con

esta partida achegas directas á hostalería, sendo compatibles estas axudas coas que poidan recibir doutras administracións, ao igual que ten feito a Xunta de Galicia. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Ao respecto, comentar Evaristo que, efectivamente, puxemos en marcha o PEL Reactiva grazas a todos os grupos presentes aquí na Corporación por dez millóns de euros para unha provincia, máis dous e medio que poñen os concellos, doce millóns e medio o PEL Reactiva. Para Galicia, a Xunta de Galicia pon en marcha dezasete millóns de euros para toda Galicia e ademais pagables en dúas anualidades, quere dicir que a axuda para este ano vai ser o 50% e o que vén outro 50%, é dicir que a Deputación está poñendo a tripla de cantidade, sendo unha Deputación e tendo un orzamento que cabe no peto dun conselleiro.

E por outra parte dicir que se fai un PEL Reactiva cidades excepcional, sabedes que no PEL non están incluídas as cidades, nin as localidades de máis de 50.000 habitantes, pero neste caso quixemos facer unha excepción, aprobada e apoiada por todos os Grupos políticos aquí presentes, que é unha excepción para unhas localidades que non están incluídas no PEL Reactiva, polo tanto, no PEL Reactiva están incorporados o resto dos concellos da provincia, que se poden beneficiar e van ser os beneficiarios a inmensa maioría de hostaleiros da provincia. Polo tanto, entendemos que esa parte está absolutamente cuberta, o cal non quere dicir que coa posta en marcha deste orzamento xa aprobado e cos remanentes que teñamos no primeiro modificativo de crédito do ano, se fora necesario a Deputación sempre está disposta a axudar ao sector. Polo tanto, non cae en saco roto a petición, pero si é claro, e quero concretar, a diferenza de que se lle damos unha cantidade ás cidades é porque están excluídas das axudas actuais do PEL da Deputación.

Sr. Ben Otero

Presidente, se me permites, sei que non é o habitual, pero nós non cuestionamos os tres millóns para as cidades, a ver se me expliquei eu mal. O que queremos dicir é que o PEL chegou ao Concello das Pontes que ti presides, como alcalde, e chegou ao Concello de Culleredo, que preside o Sr. Rioboo como alcalde. A diferenza é que nas Pontes a hostalaría non tivo que pechar, e en Culleredo si tivo que pechar, e o PEL chegou aos dous concellos, é dicir, hai digamos unha dificultade maior naqueles concellos, e estamos todos os partidos representados aquí, ou temos concellos nesta situación, onde tivo que pechar a hostalaría hai unha maior dificultade, pedimos unha achega máis a máis do PEL para este sitio onde está perimetrada, hai peche perimetral, e está pechada a hostalaría.

Non se trata de poñer en cuestión os tres millóns do PEL, que nós hoxe votámolos co modificado de crédito, evidentemente, favorablemente, non temos ningunha dúbida ao respecto diso. Quero facer ese matiz porque penso que é importante.

Sr. Presidente

Eu o que si que che recordo é que a hostalaría no meu concello, igual que no

resto dos concellos da provincia, estivo pechada meses, co confinamento, polo tanto, a axuda do PEL Reactiva vai destinada precisamente a todos aqueles que viran pechado o seu negocio durante o confinamento. Evidentemente, a Covid é algo caprichosa e hoxe non está pechada nas Pontes a hostalaría, pero ao mellor dentro dunha semana si que o está, co cal véxome na necesidade que ti estás a dicir, pero eu sinto que a Deputación estivo ao quite co PEL Reactiva, con dez millóns de euros e, polo tanto, sinto que a hostalaría, e así o estou a comprobar no meu propio Concello, é a gran beneficiaria desas axudas, a hostalaría principalmente. O cal non quere dicir que se esa necesidade persiste, e se vai xeneralizando en todos os concellos, a Deputación, como ben sabes, Evaristo, se ten medios para iso, que o terá, tamén fará un esforzo seguro nese sentido, nunca se esconde, aínda que non sexa competencia súa.

Sr. Fernández Mouriño

Teño unha pregunta, outra vez estradas, pero é unha simple pregunta que me trasladan os meus compañeiros de Culleredo. Parece ser que xa hai un tempo hai un proxecto en vías e obras para arranxar a estrada 2104, que é a estrada de Liñares, que lle chaman así, e gustaríanos, ou pídenme, e creo que este é o foro, polo que se estivo falando hai un pouco, este é o foro no cal se deben facer estas preguntas, ou na Comisión Informativa, para saber en que situación está, se se me pode contestar.

Sr. Presidente

Esta aquí o alcalde de Culleredo e deputado, que seguro que está máis ao tanto do expediente polo interese, evidentemente, se queres contestar.

Sr. Rioboo Castro

Ese expediente foi entregado todo o que é o proxecto desa senda peonil que vai pola estrada de Liñares ata o propio concello de Culleredo, está a informe técnico dos técnicos, tanto da Deputación, pois hai un pequeno treito aí que é de competencia municipal, e o que imos facer é asinar un convenio entre o Concello de Culleredo e a propia Deputación provincial para que sexa unha administración a que licite este proxecto, aínda que teñamos que facer unha achega proporcional a ese treito. Pero ben, en calquera caso está rematado e imaxinamos que desde Vías e Obras intentarán facelo o antes posible por mor de que, efectivamente, é unhas das zonas que ten un serio perigo para a seguridade viaria dos peóns.

Agradecemos esa solicitude que se fai desde o Grupo Popular e loxicamente avogaremos porque o máis antes posible se acometa esta infraestrutura. Grazas.

Sr. Fernández Mouriño

Moitas grazas pola aclaración.

Sr. González Cacheiro

Vou ser breve, máis que nada polas horas que xa estamos. Primeiramente,

agradecer neste caso ao deputado de Vías e Obras a petición feita pola estrada de Monfero, que xa está resolto o problema e facela extensible por parte da nosa portavoz do Partido Popular, Belén de Monfero, que se atenda esa petición de ter arranxado ese noiro que estaba en mal estado, e arranxouse. Entón facer extensible o agradecemento por atender a petición de Belén, a nosa portavoz do Partido Popular en Monfero.

Pero despois teño outra pregunta, que é referente a Irixoa. Non sei se saben o perigo que ocasiona a DP 905 e o problema que produce de seguridade viaria dentro do que é o núcleo. Sabemos que foron rexistradas hai un escrito con 700 firmas, isto me comunica o alcalde de Irixoa, o cal está agora mesmo nunha situación de preocupación grande debido a que os seus veciños, estamos falando de 700 firmas cun municipio no que estamos falando dunha poboación de 1300, co cal estamos falando dunha porcentaxe que, a verdade, está indignado. Entón, gustaríanos que isto fose interpretado como unha pregunta primeiro, e como un rogo, e a poder ser como unha realidade futura.

Entón, a pregunta é en que momento ten pensado a Deputación da Coruña iniciar estas actuacións no núcleo, do que é Irixoa, e sabemos que se produciu o pintado dos pasos de peóns de novo, pero parécenos escasas esas actuacións, e rogariamos que nos informasen un pouco de como está a situación agora mesmo.

Sr. Presidente

Temos agora mesmo encargado o proxecto de mellora desa estrada que amplíe e mellore a seguridade viaria desta, porque somos conscientes, e moi conscientes, de que é necesario actuar sobre ela.

Sr. González Cacheiro

Pois moitas grazas por parte do alcalde de Irixoa e por parte da persoa que está facendo a pregunta. Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:10 horas.